

IES CARLOS CASARES

(VIGO)

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2022-2023

DEPARTAMENTO DE LATÍN

ÍNDICE

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.....	1
CONSIDERACIÓNS XERAIS.....	4
1.1.-Introdución.....	5
1.1.1.- Necesidade e vantaxe dunha programación.....	5
1.1.2.- Marco legal.....	6
1.1.3.- Xustificación das materias no currículo.....	7
1.2.- Composición do Departamento e materias asignadas.....	9
1.3.- Análise do contexto.....	10
1.4 Metodoloxía.....	11
1.4.1.- Principios metodolóxicos.....	11
1.4.2.- Agrupamentos.....	12
1.4.3.- Estratexias metodolóxicas.....	12
1.5.- Medidas de atención á diversidade.....	15
1.6 Tratamento dos elementos transversais e da educación en valores.....	16
1.7.- Accións para a integración das TIC.....	19
1.8.- Accións para contribuír ó plan de convivencia.....	20
1.9.- Avaliación.....	21
1.9.1.- Tipoloxía.....	21
1.9.2.- Outros elementos avaliábeis que integran o proceso educativo: programación, profesorado, materia e autoavaliación do alumnado.....	22
1.9.3.- Procedementos e instrumentos para avaliar os alumnos.....	23
1.9.4.-Programa de recuperación para o alumnado con materias pendentes de cursos anteriores e actividades de seguimento.....	25
1.9.5.- Procedemento para a acreditación de coñecementos previos da materia Latín I.....	26
1.9.6.- Criterios de cualificación.....	26
1.9.7.- Criterios de corrección e puntuación de exercicios e probas.....	31
1.9.8.- Directrices, procedementos e instrumentos para a realización da avaliación inicial...33	
1.10.- Criterios de actuación do Departamento ante reclamacións contra notas finais.....	35
1.11.- Criterios de promoción e titulación do alumnado.....	36
1.12.- Actividades complementarias e extraescolares.....	36

1.13.- Procedementos para dar a coñecer a programación das materias.....	37
LATÍN (4º DE ESO).....	39
2.1.- Introducción: a materia Latín na ESO.....	40
2.2.- Obxectivos da materia.....	41
2.3.- Contidos.....	42
2.4.- Distribución temporal.....	45
2.5.- Materiais e recursos didácticos.....	47
2.6.- Plan de lectura e escritura do centro.....	48
2.7.- Criterios de avaliación.....	50
2.8.- Estándares de aprendizaxe avaliábles.....	53
2.9.- Contribución da materia ó desenvolvemento das competencias clave.....	63
2.10.- Avaliación final de ESO.....	69
LATÍN II.....	71
3.1.- Introducción.....	72
3.2.- Obxectivos.....	72
3.3.- Contidos.....	73
3.4.- Distribución temporal.....	76
3.5.- Materiais e recursos didácticos.....	77
3.6.- Plan de lectura e escritura do centro.....	78
.- Actividades:.....	79
.- Metodoloxía:.....	79
.- Distribución temporal:.....	79
3.7.- Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe imprescindibles non impartidos no curso 2021/2022.....	80
3.8.- Criterios de avaliación (Latín II).....	81
3.9.- Estándares de aprendizaxe avaliábles (Latín II).....	83
3.10.- Contribución da materia ó desenvolvemento das competencias clave.....	91
3.11.- Avaliación final de Bacharelato.....	98
3.12.- Calendario e tipo de actividades que se van desenvolver en segundo de Bacharelato dende o remate das clases ata a ABAU.....	100
8.- Impreso de identificación.....	101

CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.1.-Introdución

1.1.1.- Necesidade e vantaxe dunha programación

Elaborar unha programación implica organizar por anticipado a acción educativa, establecendo unha planificación curricular concreta para un período determinado dentro dos obxectivos fixados polas autoridades académicas. Esta medida contribúe á mellora da calidade do ensino, porque reforza a conciencia da finalidade e os obxectivos educativos, promove a participación e a colaboración entre o profesorado, facilita a adaptación a distintos contextos académicos e fai rendibles o esforzo, o tempo e os recursos.

No artigo 6 da LOMCE, que lle dá unha nova redacción ó mesmo artigo da LOE, enténdese por currículo *a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensinanza e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas*. Ademais, apúntase nel tamén que *o currículo estará integrado polos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa; as competencias ou capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, e para lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos; os contidos ou conxuntos de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ó logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias; a metodoloxía didáctica, que abrangue tanto a descrición das prácticas docentes como a organización do traballo dos docentes; os estándares e resultados de aprendizaxe avaliáveis; e os criterios de avaliación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa*. Por outra banda, a Resolución do 30 de xullo de 2021, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2021/21, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do Bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, establece os elementos mínimos que debe incluír a Programación Didáctica para cada materia.

Tendo en conta o anterior, debemos entender a Programación Didáctica como un documento de carácter académico e pedagóxico, no cal se planifica por escrito como se van desenvolver e aplicar, en relación coas materias dependentes deste Departamento, todos os aspectos e elementos recollidos nas citadas disposicións normativas. Polo tanto, é a ferramenta que establece a estratexia para acadar o éxito no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Á hora de organizar e plasmar eses elementos que deben formar a Programación Didáctica eliximos como criterio principal e guía o da coherencia. Neste sentido procúrase que cada un dos obxectivos garde unha relación directa cunha serie de conceptos, mecanismos operativos e sistemas de avaliación. É dicir, nas diferentes materias debe haber unha conexión entre os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliáveis e as competencias clave, sen deixar, por suposto, fóra desta ecuación a educación en valores. Este marco global concretarase na planificación de cada sesión.

É a intención deste Departamento que a Programación Didáctica describa e programe o realmente accesible ó período en que se impartirán as materias e ás condicións de realidade en que se manifieste o alumnado. Deste xeito esixiráselle ós alumnos o que o termo medio deles poida dar en tal período, sen prexuízo de arbitrar medidas para favorecer a quen poida acadar máis e para quen deba reforzar o seu traballo co fin de chegar ós obxectivos mínimos.

1.1.2.- Marco legal

A presente Programación Didáctica recolle o proxecto pedagóxico planificado polo Departamento de Latín do IES Carlos Casares de Vigo e axustarase ó establecido na seguinte lexislación:

✓ Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE de 3 de xaneiro de 2015).

✓ Real Decreto-lei 5/2016, de 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (BOE de 10 de decembro de 2016).

✓ Real Decreto 310/2016, de 29 de xullo, polo que se regulan as avaliacións finais de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato (BOE de 30 de xullo de 2016).

✓ Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG de 29 de xuño de 2015).

✓ Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da Educación Primaria, a Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato (BOE de 29 de xaneiro de 2015).

✓ Orde PCM/139/2021, de 17 de febreiro, pola que se determinan as características, o deseño e o contido da avaliación de Bacharelato para o acceso á universidade, as datas máximas de realización e de resolución dos procedementos de revisión das cualificacións obtidas, para o curso 2019/2021 (BOE de 19 de febreiro de 2021).

✓ Orden PCM/362/2021, de 22 de abril, por a que se modifica la Orden PCM/139/2021, de 17 de febrero, por la que se determinan las características, el diseño y el contenido de la evaluación de Bachillerato para el acceso a la Universidad, y las fechas máximas de realización y de resolución de los procedimientos de revisión de las calificaciones obtenidas en el curso 2019-2021 (BOE de 23 de abril de 2021).

- ✓ RESOLUCIÓN do 26 de febreiro de 2021, conxunta da Secretaría Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a realización, dentro do curso 2019/20, da avaliación de bacharelato para o acceso á Universidade (ABAU) para o curso 2021/21 (DOG de 9 de marzo de 20212).
- ✓ RESOLUCIÓN do 28 de abril de 2021, conxunta da Secretaría Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se modifica a Resolución do 26 de febreiro de 2021 pola que se ditan instrucións para a realización, dentro do curso 2019/20, da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) para o curso 2021/21 (DOG de 6 de maio de 2021).
- ✓ ORDE do 25 de xuño de 2021, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/21 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG de 9 de xullo de 2021).
- ✓ ORDE do 16 de setembro de 2021 pola que se ditan instrucións sobre o comezo do curso académico 2021/21 e pola que se modifica a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/21 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG de 17 de setembro 2021).
- ✓ Resolución do 30 de xullo de 2021, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2021/21 do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do Bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia
- ✓ Resolución pola que se ditan instrucións para a realización, dentro do curso 2021/21, da avaliación de Bacharelato para o acceso á universidade (pendente de aprobación).
- ✓ Circulares vixentes dos grupos de traballo de Grego II e Latín II da CIUG.

O artigo 27 da *Constitución española*, a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (BOE de 4 de maio de 2006) e a Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (BOE de 10 de decembro de 2013) representan o marco lexislativo xeral que desenvolven as normas anteriormente citadas en virtude do establecido nestas leis e das competencias atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia no artigo 31 do seu *Estatuto de autonomía*. Outra lexislación considerada de xeito especial será a que poida existir en relación coa avaliación na Educación Secundaria Obrigatoria e no Bacharelato.

1.1.3.- Xustificación das materias no currículo

Aínda que a civilización grecolatina semella ben distante no tempo, as súas pegadas impregnan no mundo de hoxe a cultura de Europa tanto na maioría das estruturas lingüísticas, sociais, artísticas, etc., como nos xeitos de pensar e actuar dos seus habitantes. No terreo da lingua, o estudo das linguas clásicas contribúe ó desenvolvemento do pensamento lóxico a través do traballo de tradución. A orde lineal que presentan o latín e o grego resulta inintelixible para nós, educados nunha estrutura lingüística diferente. Non obstante, esta situación muda cando se chega a coñecer a maraña de complexas relacións que representan os textos por medio das formas e as funcións das palabras e as conexións entre estas. Por outra banda, a análise destes materiais escritos constitúe unha tarefa que atinxe a varias disciplinas, xa que a súa temática versa sobre cuestións tan dispares como a filosofía, a ciencia, a política, a historia, a literatura, a arte, etc.

As erradamente chamadas linguas mortas axudan a mellorar o coñecemento e uso de: as linguas galega e castelá no seu vocabulario e estruturas morfolóxicas e sintácticas; as capacidades lóxicas e lingüísticas; a terminoloxía científica e tecnolóxica empregada na actualidade; a historia da formación de Europa e das súas institucións; a rica e influente literatura clásica. Ademais, a través dese coñecemento tomamos conciencia de que a linguaxe escrita ten unhas características morfosintácticas específicas, xa que estamos a falar de linguas flexivas, que permiten perfeccionar as capacidades lingüísticas dos alumnos mediante a análise textual.

Ademais, o estudo da civilización grecolatina abre ante nós as portas dun horizonte cultural tremendamente atractivo, no que soterran as súas raíces disciplinas tan variadas no noso mundo occidental como a arte, a filosofía, a matemática, a política, a astronomía, a literatura, a mitoloxía, o deporte, etc. O descubrimento destas orixes débemolo á conservación dunha literatura abundante e de grande calidade, que nos permitiu coñecer o xeito de ser e sentir duns pobos tan prolíficos en distintos eidos como o grego e o latino. O acceso e a interpretación de textos de distinto tipo e autor permitirá ó alumnado penetrar directamente no pensamento dos autores clásicos, de tal xeito que neles poderán descubrir as múltiples características do seu tempo que sobreviven na actualidade. O contacto coas máis notables mostras do legado grego e latino, cos aspectos máis significativos da súa historia e da súa cultura, levarán a afondar nunhas marcas de identidade europeas, relevantes aínda nos nosos días. Temas hoxe de actualidade como o amor, a guerra, a liberdade e a escravitude, a cidade e o estado, a vida e a morte, o home e a divindade, etc. estaban xa presentes nesa tradición.

Neste contexto, a materia Cultura Clásica daralle ó alumnado que opte por cursala a oportunidade de coñecer as súas raíces lingüísticas e culturais, de situalas historicamente e de valoralas a través da súa evolución.

As materias Grego e Latín concíbense nos dous cursos de Bacharelato como unha introdución xeral ás linguas grega e latina antigas a través de textos orixinais, aínda que no primeiro curso precisen retoques que os fagan accesibles. A lingua será o vehículo privilexiado de acceso ós contidos culturais, literarios, relixiosos, históricos, sociais, etc., polo que na súa aprendizaxe considerarase prioritaria non só a morfoloxía, senón tamén os procedementos empregados para a formación das palabras.

O obxectivo é que o alumnado, ademais de aprender grego e latín, sexa máis consciente das raíces históricas da súa propia lingua e cultura. Tales finalidades enténdense referidas ós dous cursos, dos que o primeiro representará unha introdución e o segundo un afondamento e unha ampliación. No entanto, Grego e Latín, como o resto das materias de carácter lingüístico, teñen como fin último o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. O seu estudo baséase maiormente nos procesos de comprensión e expresión oral e escrita, ferramentas esenciais que favorecen a aprendizaxe do alumnado non só no ámbito educativo, senón tamén ó longo das súas vidas, axudándolles a moverse con soltura en calquera situación comunicativa.

A lectura, a comprensión, a análise, a interpretación e mesmo a crítica de textos significativos antigos e modernos, é dicir, o que poderíamos chamar a reflexión literaria, permite o acceso ás diferentes posibilidades expresivas das linguas e as culturas, e impulsa a capacidade crítica e creativa dos estudantes. Ademais, estimula a súa imaxinación, a memoria e o interese por descubrir e coñecer outras persoas, outras etapas da historia da humanidade e outras culturas, poñéndoos ante situacións, sentimentos e emocións quizais nunca antes vividos, o que enriquece a súa visión do mundo e o seu autoconhecimento.

1.2.- Composición do Departamento e materias asignadas

Durante o curso académico 2022-2023 o Departamento de Latín estará constituído por un só membro: dona María Mercedes Calvo Rodríguez, que exercerá a función de xefa do Departamento. As materias e número de alumnos asignados a esta profesora consígnanse no seguinte cadro:

Tipo de materias	Materia	Nivel educativo	Alumnado	Horas lectivas
Propias do Departamento	Cultura Clásica	3º ESO	16	3
	Latín (tres grupos)	4º ESO	20 (6+5+9)	3
	Latín I	1º Bacharelato	12	4
	Latín II	2º Bacharelato	5	4
Afíns	Alternativa ao Francés (dous grupos)	2º ESO	15 (9+6)	2
Totais			68	16

A profesora María Mercedes Calvo Rodríguez impartirá todas as materias dado que non hai alumnado de Grego I e II.

1.3.- Análise do contexto

O IES Carlos Casares de Vigo sitúase na periferia da cidade, afastado das zonas onde se atopan as vivendas da maioría do seu alumnado. Conta con catro centros adscritos de Educación Primaria, dos cales proceden case todos os estudantes do instituto: o CEIP O Carballal (Cabral), o CEIP Santa Mariña (Cabral), o CEIP Igrexa-Candeán (Candeán) e o CEIP Chans-Bembrive (Bembrive). As tres parroquias do concello nas que radican estes colexios mesturan características rurais e urbanas. Ademais, recibe tamén alumnos de concellos veciños como Fornelos de Montes, Moaña, Mos, As Neves, Oia, O Porriño, Pontearreas, Redondela, Salceda de Caselas, etc.

O número de alumnos matriculados en Cultura Clásica (3º da ESO) é de dezaseis e impárteselles docencia dos que 7 pertencen ao Programa de Diversificación Curricular. O número de alumnos matriculados en Latín (4º da ESO) é de vinte en tres grupos (6+5+9). En Latín I (1º de Bacharelato) son doce os alumnos matriculados . En Latín II (2º de Bacharelato) son cinco os alumnos matriculados . No presente curso non se impartirá as materias de Grego I e II, xa que non se conseguiu facer grupo co número de alumnos preciso. En Alternativa ao Francés de 2º ESO hai 15 alumnos matriculados en dous grupos (9+6).

Ningún alumno matriculado en 4ºESO ten pendente a Cultura Clásica de 3º ESO, e un alumno de 2º Bacharelato ten pendente o Latín I de 1º Bacharelato por cambio de Modalidade de Bacharelato.

A oferta educativa do IES Carlos Casares abrangue a Educación Secundaria Obrigatoria e as modalidades Ciencias e Humanidades e ciencias sociais do Bacharelato LOMCE. O equipo docente estará constituído este curso por corenta e nove profesores Ademais hai que engadir dous administrativos, dous conserxes e tres persoas que se encargan da limpeza das instalacións. O equipo directivo está formado polo director, a vicedirectora, a xefa de estudos e a secretaria. Os outros órganos de goberno son o Consello Escolar, o Claustro de Profesores e a Comisión de Coordinación Pedagóxica. O número total de alumnos matriculados no centro para o presente curso é polo momento de cincocentos, que se dividen como agora se indica: trescentos corenta e tres na ESO (tres unidades por curso) e cento cincuenta e sete no Bacharelato (tres unidades en cada curso).

No que toca ó equipamento cóntase cunha sala de profesores, unha sala para recibir familias, despachos de cargos directivos, oficinas administrativas, conserxaría, auditorio, biblioteca, cafetería, aulas específicas para desdobres e aulas específicas para os departamentos de Artes Plásticas, Tecnoloxía (2) e Música, ademais de tres para informática; hai tamén departamentos, laboratorios de física e química (2), e bioloxía e xeoloxía (2), ximnasio, vestiarios e campos deportivos.

Sen embargo, no presente curso, debido á situación de crise sanitaria provocada pola COVID-19, para poder levar a cabo a nova organización do centro, provocada polo desdobramento dos grupos da ESO que pasaron de ser tres a cinco, mantense todos os espazos do centro que foron habilitados como aulas no curso pasado, por si fóra necesaria a súa utilización. Deste xeito, as

aulas específicas habituais (plástica,música, tecnoloxía, e mesmo os laboratorios de física e química e bioloxía) pasaron a ser aulas de grupo ou aulas de desdoblamento de grupos nas materias optativas. O pasado curso recuperamos as de plástica e tecnoloxía e os laboratorios de física e química, non así os departamentos de historia, latín e matemáticas, convertidos o ano anterior en aulas.

1.4 Metodoloxía

1.4.1.- Principios metodolóxicos

Procurarase un tipo de estudo que permita ó alumnado descubrir as posibilidades que ofrece a lectura de textos como fonte de información sobre a antigüidade clásica, textos que proporcionan un punto de partida para o fomento da expresividade e da creatividade. É preciso tamén contribuír á reflexión sistemática sobre a linguaxe co fin de mellorar e enriquecer a súa capacidade comunicativa.

Dados o carácter integral das materias e a unidade entre lingua e cultura, especialmente en Grego I, Latín I e II e Latín de 4º de ESO, ensinaranse simultaneamente nos distintos trimestres e unidades didácticas contidos morfolóxicos, sintácticos, léxicos e culturais. Estes eidos temáticos han de percibirse como un todo unitario e non como parcelas illadas dun saber, o que contribuirá a que as clases sexan máis dinámicas e os alumnos estean máis motivados. Ademais, buscarase unha complexidade progresiva dos argumentos e unha diversidade temática, xa que, ó mesmo tempo que á lingua, á cultura e á literatura, atenderase tamén á relixión, á ciencia, á arte, á política, á sociedade, etc.

O tipo de aprendizaxe que se persegue é o significativo e autónomo, polo seu gran potencial para a retención do aprendido e para a súa aplicación. Con el favorécese a maduración do alumno e refórzase a aprendizaxe, xa que esixe moito tempo e atención específica, e implica a mobilización dos coñecementos previos e a memorización comprensiva. Neste sentido cobra importancia a analoxía como procedemento que, a través de relacións e comparacións, permite comprobar se determinados elementos (morfolóxicos, sintácticos, léxicos, culturais, etc.) aparecen noutras linguas e culturas. Deste xeito, faranse con moita frecuencia referencias ó castelán, ó galego e a outras linguas e culturas coñecidas polos alumnos para estudar se se atopan nelas estruturas paralelas. Será o alumno o que execute a tarefa de buscar esas analoxías e atopar as diferenzas.

Un papel fundamental nos procesos educativos actuais xógao a capacidade do profesor para motivar. Debemos enriquecer os mecanismos de interacción na aula e non monopolizar a acción educativa, deixando de lado as antigas leccións maxistras. Xerar empatías, espertar curiosidade, facer referencias a temas actuais, potenciar a creatividade e a educación, estimular sentimentos son accións que nos axudarán a conseguir este obxectivo. Isto pode poñerse en práctica formulando preguntas ó alumnado, establecendo debates e coloquios, confrontando ideas e hipóteses, proxectando mapas e presentacións, etc. A contribución ó reforzo da autoestima e do autoconcepto pola súa parte será notable. Importancia en relación con este aspecto teñen tamén a avaliación

formativa e a aprendizaxe indutiva, no sentido de que permiten recoñecer erros e aprender deles. É importante que o estudante saiba autoavaliarse, o que lle servirá para controlar por si mesmo o seu proceso de aprendizaxe.

1.4.2.- Agrupamentos

A metodoloxía proposta combina traballos que se han de realizar individualmente con traballos que se han de realizar en grupos. Os agrupamentos deben ser flexibles e responder ó tipo de actividade que se pretende levar a cabo. Isto permitirá de xeito especial adoptar medidas de atención ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Non debe empregarse unha única modalidade de agrupamentos, senón que hai unha gama na que se pode escoller segundo os contidos que se pretenden traballar:

- **Modalidade colectiva:** metodoloxía clásica e efectiva en circunstancias coma a exposición de contidos por parte do profesor ou dalgún alumno, na que todo o grupo fai o mesmo: atender, escoitar, resolver exercicios, tomar notas, etc. Tamén resulta práctica esta modalidade á hora de dar a coñecer contidos procedimentais, aínda que é un tanto ineficaz ó aplicalos.

- **Modalidade por pequenos grupos:** segundo o tipo de traballo que se pretenda realizar, o profesor poderá programar agrupamentos variados, que xeralmente serán de tres ou catro alumnos, respectando os criterios de flexibilidade e heteroxeneidade (sexo, idade, orixe, rendemento académico, ritmo de aprendizaxe, motivación, posibles discapacidades, etc.). Os grupos variarán de compoñentes ó longo do curso e permitirán poñer en práctica técnicas de aprendizaxe cooperativa, coma o quebracabezas de Aronson. Os contidos de legado cultural parecen os máis axeitados para esta metodoloxía, xa que implicarán a realización de traballos nos que se deberá buscar información, recompilala, sintetizala e expoñela ós compañeiros.

- **Modalidade por parellas:** tanto esta modalidade coma a anterior facilitan a atención ó alumnado con dificultades nalgúns dos contidos e o seu reforzo e ampliación por parte de quen os superou, xa que se traballa cos mesmos materiais, o mesmo tempo, os mesmos medios, os mesmos métodos..., polo se igualan as condicións de aprendizaxe.

- **Modalidade individual:** a realización de actividades individualmente é imprescindible en todo proceso de aprendizaxe, que sempre ten un factor de apropiación persoal de coñecementos, pero cuxa utilización debe estar en función do contido traballado. No noso caso o seu papel é importante por mor dos contidos lingüísticos e os procesos de análise e tradución de oracións e textos.

1.4.3.- Estratexias metodolóxicas

Explicarase agora e de xeito abreviado a base teórica das distintas metodoloxías educativas que pretendemos empregar. Para lograr que teñan éxito, é fundamental a variedade nas actividades, a

referencia reiterada a contidos anteriores e actuais e a inclusión na súa xusta medida do compoñente lúdico. Este poderá abordarse establecendo relacións entre os contidos tratados e situacións de actualidade:

- **Motivacional:** as lecturas de textos que ilustren os temas que se tratarán, a participación no proceso de avaliación, a interacción profesor-alumno e alumno-alumno, as referencias a temas actuais, os debates e coloquios, etc. son procedementos e estratexias que contribúen a motivar e despertar a curiosidade do alumnado.

- **Expositiva:** dela serán partícipes tanto o profesor, explicando contidos e conceptos, como o alumno, dando conta das conclusións ás que cada quen chegue nos seus traballos de investigación, nos seus exercicios, no seu traballo diario, non só ó realizar traballos individuais, senón tamén nos colectivos.

- **Observacional:** os estudantes deberán prestar atención ás explicacións e exposicións de contidos por parte do profesor, que pola súa banda, tendo como meta a avaliación, deberá observar o grao de atención e participación dos alumnos nas presentacións da aula e nas actividades programadas. Deste xeito poderá concluír se se acadaron, non se acadaron ou están en proceso adquisición os obxectivos propostos para cada persoa e se as actividades responden ós obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave pensados.

- **Memorística:** aínda que non será a metodoloxía principal nin pasa por ser a máis aceptada nin recomendable, si será preciso acudir a ela para que o alumnado, co esforzo que isto lle require, cimente unha base de contidos morfolóxicos, sintácticos e léxicos sobre a que poida traballar de xeito máis eficaz na análise e tradución de textos. Neste sentido cómpre sinalar que no eido da lingua se lle concede unha grande importancia ó estudo do vocabulario como procedemento non só para afianzar os coñecementos léxicos dos alumnos, senón tamén para conformar unha bagaxe de palabras que lles sirva para reducir a necesidade de uso do dicionario. Estudaremos unha serie de raíces que nos permitan observar a presenza do vocabulario grego e latino na nosa realidade actual, así como aqueles elementos (prefixos e sufixos) que se empregan hoxe en día en diversas linguas de Europa na creación de palabras, especialmente nos eidos da ciencia e a tecnoloxía.

- **Analítica:** esta metodoloxía terá un peso básico á hora de tratar contidos lingüísticos e léxicos, xa que deberemos poñela en práctica para analizar e traducir formas nominais e verbais e para identificar os elementos constitutivos das palabras.

- **Dedutiva:** as semellanzas entre linguas como o latín e o grego, entre o latín e as linguas romances ou as existentes dentro dunha mesma lingua (os dialectos do grego ou os rexistros do latín) permitirán que, sobre a base duns coñecementos xa adquiridos, se lles poida pedir ós alumnos a niveis elementais e introdutorios que deduzan desinencias, formas nominais e verbais, evolucións fonéticas concretas, etc.

- **Resolutiva:** en calquera momento das sesións os alumnos aproveitarán para resolver as súas dúbidas formulando cantas consultas estimen ó profesor. As actividades programadas en relación con contidos anteriormente expostos serán unha boa pedra de toque para comprobar se todas as dúbidas están resoltas ou se hai erros comúns que precisen dunha nova explicación.

- **Investigadora:** programaranse distintos exercicios nos que os alumnos, unha veces baixo as orientacións do profesor, outras veces pola súa propia man, deberán buscar, discriminar, sintetizar e expoñer en público información, o cal lles servirá como práctica para os seus futuros estudos universitarios.

- **Comparativa:** segundo vimos dicindo, será un pilar no noso método o contraste entre as estruturas lingüísticas e culturais da civilización grecolatina e as da nosa: os dereitos e deberes dos cidadáns, as clases sociais, os sistemas políticos, as tendencias artísticas, os morfemas, as desinencias, a sintaxe, etc. As semellanzas e as diferenzas entre as dúas realidades axudarán a fixar os contidos que nos propoñemos.

- **Cooperativa:** nun mundo cada vez máis globalizado como o que nos toca vivir o traballo en equipo cobra co paso do tempo maior relevancia. Traballaremos con técnicas de aprendizaxe cooperativa como o quebracabezas de Aronson, na que os estudantes terán a oportunidade de poñer en práctica a interacción nun contexto académico. Este método permitiranos amosarlles que os grupos de traballo acadan os seus obxectivos e resultados soa e unicamente se todos os seus membros se esforzan ó máximo e son responsables da tarefa que se lles encomenda.

- **Personalizada:** traballaremos sobre as características concretas de cada alumno, favorecendo a súa capacidade para aprender autonomamente e traballar en equipo, así como o seu coñecemento da realidade segundo os principios básicos do método científico. Programaranse actividades concretas para as persoas con dificultades de aprendizaxe, actividades de repaso para quen acada os obxectivos sen dificultades e actividades de ampliación para o caso de que alguén reclame avanzar máis nalgún tema.

- **Participativa:** procurarase en todo momento que a aprendizaxe por parte dos alumnos sexa activa, que se involucren nela, que se impliquen no proceso educativo. Adoptarase unha estratexia construtiva, na que se teña en conta o punto de partida do alumnado para avanzar cara á aprendizaxe de coñecementos, habilidades e actitudes.

- **Interdisciplinaria:** a través dos contidos de lingua e cultura estableceremos relacións con outras materias do currículo, especialmente coas do eido humanístico: Latín, Grego, Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, Lingua Estranxeira, Filosofía, Historia da Filosofía, Historia da Arte, Historia de España, Historia do Mundo Contemporáneo, Xeografía, etc. O tratamento do léxico e dalgúns temas do legado cultural permitiranos achegarnos a

materias do eido científico, como Bioloxía, Xeoloxía, Física, Química, Matemáticas, Tecnoloxía, etc.

1.5.- Medidas de atención á diversidade

Este Departamento considera como un principio elemental do proceso educativo o feito de que a ensinanza teña unha natureza individualizada, o cal significa que o profesorado debe tomar en consideración o punto de partida de cada alumno, traballando na medida do posible de xeito particular sobre a súa motivación, os seus intereses e as súas capacidades de aprendizaxe. Neste sentido débese prestar atención especial ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer, os que precisarán o establecemento de estratexias concretas e ben definidas, as cales aseguren que estes rapaces poidan acadar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias fixados en cada etapa para todo o alumnado.

Con carácter xeral, para traballar con aqueles alumnos que amosen dificultades de aprendizaxe, adoptaranse unha serie de procedementos de recuperación e reforzo. Prepararanse e entregaránselles unha serie de materiais de apoio, sempre centrados naqueles aspectos nos que manifesten maior debilidade, para repasar durante as fins de semana e os períodos non lectivos. Estes materiais deberán ser entregados na seguinte sesión de clase e consistirán en: identificación e comunicación das dificultades, aclaracións teóricas sobre elas, indicación dos apartados específicos do libro de texto (ou de apuntamentos) onde se explican as cuestións relacionadas con elas, exercicios para poñelas en práctica e repaso de actividades xa realizadas na aula. Ademais, durante as sesións lectivas poderanse aproveitar para resolver as dúbidas destes alumnos os momentos en que o resto de compañeiros estean traballando noutras tarefas.

Outro grupo de medidas que tamén se poderían tomar para axudar estes rapaces implicarían xa unha adecuación do currículo vixente, pero non a alteración dos seus elementos prescritivos. Algunhas das posibilidades serían:

- Concreción e disposición secuencial de obxectivos.
- Organización de contidos en eidos integradores.
- Equilibrio dos contidos.
- Metodoloxías que favorezan a participación de todo o alumnado: aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe seguida de cerca polo titor, maior participación, combinación de actividades (individual, por grupos, exposición, investigación, etc.), aprendizaxe autónoma, etc.
- Diversificación de procedementos de avaliación.
- Reforzo de valores e de determinadas capacidades de tipo afectivo.
- Uso de recursos diferentes.

En canto ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, o primeiro paso consistirá en poñer esta circunstancia en coñecemento da Directiva e do Departamento de Orientación do centro. En colaboración e coordinación con el e, se fose necesario, con outros axentes implicados (titores, equipos docentes, familias...), deseñaranse o plan de actuación e as intervencións pedagóxicas máis convenientes a partir das necesidades do alumno.

Por outra banda, a aqueles alumnos especialmente interesados polas materias dependentes deste Departamento entregaránelles todo tipo de materiais e referencias (dixitais e bibliográficas) que lles permitan ampliar e afondar en aspectos concretos do programa de contidos.

Non obstante todo o anterior, é posible que atopemos na aula algún alumno que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, opción recollida legalmente para estudantes con necesidades educativas especiais, con dificultades específicas de aprendizaxe, con trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), con altas capacidades intelectuais, con incorporación tardía ó sistema educativo, ou con situacións persoais ou de historia escolar específicas (en xeral, alumnado con necesidades específicas de apoio educativo). De se dar esta situación, sería preciso tomar as medidas curriculares e organizativas oportunas que garantan o seu adecuado progreso, moitas das cales supoñerían, segundo a casuística, unha modificación de elementos de prescrición do currículo, como, por exemplo, as seguintes: organización flexible da materia, alteracións metodolóxicas, adaptacións curriculares significativas, incorporación a programas de enriquecemento curricular ou de mellora da aprendizaxe e do rendemento, etc. Ningunha actuación deste tipo poderá ser levada a cabo sen antes explotar todas as posibilidades ordinarias e recibir a autorización da Inspección Educativa.

En todo caso, ante a sospeita de que na nosa aula poida haber un alumno que case cos perfís mencionados nos parágrafos anteriores, novamente o primeiro paso consistirá en poñer esta circunstancia en coñecemento do Departamento de Orientación do centro. En colaboración e coordinación con el e, se fose necesario, con outros axentes implicados (titores, equipos docentes, familias...), deseñaranse o plan de actuación e as intervencións pedagóxicas máis convenientes a partir das necesidades do alumno.

Xa para rematar este apartado, considerarase que todo o alumnado repetidor de curso será a todos os efectos alumnado ordinario, estimándose suficiente a propia repetición como medida de atención.

1.6 Tratamento dos elementos transversais e da educación en valores

Segundo establece a lexislación vixente, nas materias dependentes deste Departamento darase importancia a cuestións como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, a capacidade emprendedora e a educación cívica e constitucional. A lectura, análise e tradución de textos, a elaboración de

redaccións e presentacións multimedia, as exposicións e os debates, a proxección de esquemas, imaxes e fragmentos de documentais e películas nas exposicións da aula, o uso do encerado dixital, a busca e selección de información para facer traballos, a resolución de webquests a través de Internet, a participación nun concurso de resolución de preguntas en liña, o emprego do correo electrónico como medio ordinario de comunicación cos alumnos, etc. serán mecanismos que nos permitirán traballar a maioría destes aspectos. Cando se trate o mundo do traballo e dos oficios na antiga Grecia (e tamén en Roma) e se comente a gran cantidade de cidadáns que tiñan o seu propio negocio, estimularase e reforzase o espírito emprendedor e empresarial (aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico), algo que tamén se poderá facer ó estudar o apartado da colonización (vontade e valor para un novo comezo).

Ademais, entre os obxectivos xerais do proxecto educativo do noso centro recóllese como un dos fundamentais o exercicio da educación entendida como un proceso de maduración humana, que estimule o interese polo estudo e o espírito de superación, e que fomente a integración social e a realización individual, tanto intelectual como laboralmente, do alumnado. Pola súa importancia para a integración dos estudantes na sociedade prestarase atención especial á educación en valores, a cal pretende impulsar nos estudantes actitudes persoais activas que axuden a construír estilos de vida e sistemas de comportamento social xustos e democráticos. O tratamento destas ensinanzas permitirá, a través da comparación cos sistemas sociais que estiveron vixentes en Grecia e Roma, o desenvolvemento de comportamentos responsables que garantan a integración dos alumnos no sistema social actual. Abordaranse fundamentalmente a partir dos temas de cultura e civilización e o seu estudo levarase a cabo sobre a base dos textos. Os aspectos ós que se prestará atención serán:

- **Educación para a igualdade efectiva de dereitos entre sexos:** os alumnos deberán recoñecer en textos clásicos e actuais situacións nas que se produzan discriminacións por mor do sexo, procurando achegar solucións para evitar en calquera contexto comportamentos e expresións que poidan denotar discriminación por este motivo. Investigarase sobre as orixes, efectos e defectos dunha sociedade patriarcal como a grega e a latina, estimulando o sentimento de necesidade dunha igualdade efectiva entre homes e mulleres. Na aula, sen ter en conta o sexo, fomentaremos a valoración das opinións e condicións doutras persoas, a participación igualitaria e solidaria nas actividades, unha distribución parella de responsabilidades e tarefas. Estas cuestións trataranse ó falar da sociedade, da familia, da educación, de Esparta e as súas mulleres, das deusas, dos mitos, de poetisas como Safo, etc.

- **Educación para a prevención da violencia e a solución pacífica de conflitos:** se un presta atención ós acontecementos máis importantes na historia de Grecia e de Roma, percibe que case todos eles están relacionados con algún suceso bélico, a miúdo con fins expansionistas e non defensivos. Os alumnos aprenderán a recoñecer na antigüidade e na actualidade xestos pola paz, exemplos de convivencia pacífica entre pobos, a respectar as opinións dos demais, a empregar o diálogo como instrumento para superar as diferenzas, a apreciar outros pobos e culturas, etc. Analizaremos estes temas ó falar das distintas guerras na historia de Grecia e de Roma (as guerras Pírricas, as guerras Púnicas, as guerras Celtibéricas, a guerra de Troia, as guerras Médicas, a guerra do Peloponeso, etc.), das distintas paces (Antálcidas, Calias, Nicias, Augusto, etc.), da πόλις, da expansión do Imperio Romano, da romanización, da organización militar de

Grecia e Roma, etc. Estableceranse relacións con procesos actuais como a carreira por deixar as armas, o terrorismo e as súas vítimas (respecto ás vítimas), as guerras, os conflitos étnicos, o exército profesional, a ONU, a OTAN, etc. Ademais, os apartados do programa de contidos relacionados coa sociedade, o mundo do traballo, a educación, a familia e a muller servirán tamén para abordar cuestións como a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, así como os valores inherentes ó principio da igualdade de trato e non discriminación por circunstancias persoais ou sociais.

-Educación moral, cívica e constitucional: Grecia representa o berce da democracia e da participación do individuo no goberno do Estado. Aproveitaremos as leccións sobre o sistema social, político e xudicial das cidades-estado gregas e sobre a monarquía, a república e o imperio romanos para chamar a atención sobre varios aspectos imprescindibles nos nosos días: o respecto cara a un mesmo e cara ós demais, cara ás normas de convivencia, cara á liberdade de pensamento e acción, cara a outras linguas, razas e culturas, a importancia da participación social e política, etc. Incidirase deste xeito nos valores fundamentais que sustentan a liberdade, a igualdade, a pluralidade de ideas, a paz, a xustiza, a democracia, o respecto ó Estado de dereito e ós dereitos humanos, etc. O uso dos termos βάρβαρος e *barbarus* entre os gregos e os romanos, e as connotacións que estes representaban para eles, así como a especial consideración que sobre si mesmos tiñan os espartanos serán unha boa base para traballar na prevención do racismo e a xenofobia e para explicar, tomando como exemplo o holocausto nazi, as consecuencias que poden chegar a ocasionar ideoloxías dese tipo.

- Educación para a saúde: a saúde en Grecia tiña unha sólida base máxica e relixiosa, como pode verse na *Iliada* e a *Odisea*, onde os deuses curan as súas propias doenzas e as dos humanos. O culto a Asclepiades, deus da medicina por derivación de Apolo, estaba moi difundido. A verdadeira medicina en Grecia comezou a desenvolverse con Hipócrates, quen escribiu varios tratados sobre enfermidades (algúns dos nomes aplicados por el séguense empregando na actualidade), os seus síntomas e formas de curación naturais. Pero a saúde estaba tamén no coidado do corpo, algo que os gregos poñían en práctica por medio do deporte. Estudando estes temas tentaremos mover o alumnado cara a hábitos de vida saudables: non consumo de alcohol e drogas, alimentación correcta, práctica de deporte, non automedicación, etc.

- Educación do consumidor: o contraste entre o modelo de vida refinado de Atenas e o austero de Esparta, o luxo no que vivían os emperadores e homes de alta clase social en Roma e outros aspectos servirannos para propoñer ós nosos alumnos modelos de conduta racionais e responsables na chamada sociedade de consumo, facéndoos tomar conciencia dos seus dereitos como consumidores e dos efectos das súas accións. Semellan estas clases axeitadas tamén para falar sobre a necesidade de procurar un desenvolvemento sostible e de preservar o medio.

- Educación sexual: a pederastia na educación espartana, a figura da *ἑταίρα*, o papel das mulleres espartanas como "produtoras" de guerreiros para a polis, a relación entre Aquiles e Patroclo, a presentación da homosexualidade en Grecia e Roma, os lupanares romanos. Abordaremos a través deles temas candentes nos nosos días, como o sexo seguro, a homosexualidade, a liberdade sexual, a pornografía, a prostitución, a explotación e os abusos sexuais, etc.

- **Educación viaria:** o estudo do home como un ser social, que non vive só, senón que comparte espazos e recursos con outros, estaba xa presente na antiga Grecia. Partindo deste aserto e considerando a educación viaria como baseada no respecto cara ós demais, fomentaranse nos alumnos condutas de seguridade viaria para cando sexan peóns e condutores de bicicletas ou vehículos a motor (convivencia, tolerancia, prudencia, autocontrol, diálogo...), e faráselles reflexionar sobre o peso do factor humano nos accidentes de tráfico (respecto polas normas e os sinais, descansos, lesións derivadas de colisións...). Un bo punto de partida en relación con todos estes aspectos pode ser o mito de Edipo.

- **Educación dixital:** cando se empreguen na aula recursos dixitais ou se lles encarguen ós alumnos tarefas que deban ser realizadas con estes, lembraráselles medidas de seguridade e precaucións que deben ter en conta para reducir á mínima expresión os riscos derivados do uso das TIC.

1.7.- Accións para a integración das TIC

As tecnoloxías da información e da comunicación ofrecen novas e atractivas perspectivas no estudo da lingua e a cultura grecolatinas que convén aproveitar, como o uso de metodoloxías interactivas no seu estudo, a procura de textos, imaxes e vídeos en Internet, as ferramentas de presentación e comunicación de resultados, de transmisión de información, etc. Neste sentido facilitarémolle ó alumnado os medios precisos para que poida traballar no seu ordenador particular con textos escritos en grego clásico.

Ó comezo do curso preguntarámoslles ós alumnos que uso fan das TIC, cal é o seu mail (se non teñen conta de correo electrónico, axudarémolles a crear unha e a facer unha utilización básica dela) e que dispositivos teñen non seus fogares á súa disposición (ordenador de sobremesa, portátil, *tablet*, móbil, conexión a Internet...).

As accións que dende este Departamento se emprenderán para fomentar o uso das TIC serán as seguintes:

- Proxección na aula de fragmentos de películas, documentais e cancións, de imaxes, textos, esquemas, mapas e presentacións como apoio das explicacións do profesor.
- Uso do correo electrónico polo profesor para resolver dúbidas dos alumnos (sobre exercicios, traballos, temas de exames, etc.) e para distribuír entre eles materiais de traballo.
- Utilización polo alumnado das súas contas de correo electrónico para formularlle consultas ó profesor e enviarlle traballos e materiais que non precisen ser imprimidos.

- Traballo coa páxina web e a aula virtual do centro para que o alumnado poida dispoñer de materiais e actividades obrigatorios e complementarios.
- Entrega ós alumnos dunha relación de páxinas web interesantes para a súa consulta e utilización como materiais de apoio.
- Consulta, busca e selección de información en Internet por parte dos alumnos tanto na propia casa como nas aulas de informática durante os períodos lectivos e os recreos; tratamento desa información a través de paquetes ofimáticos.
- Exposicións orais por parte dos alumnos acompañadas de presentacións multimedia elaboradas por eles mesmos.
- Participación anual dos alumnos no concurso *Odisea*, organizado pola delegación galega da Sociedad Española de Estudios Clásicos e baseado na resolución de preguntas en liña.
- Comunicación coas familias por medio do correo electrónico para aqueles asuntos de importancia menor que non requiran unha entrevista persoal.

1.8.- Accións para contribuír ó plan de convivencia

Para contribuír á aplicación práctica e efectiva do plan de convivencia do centro, o Departamento de Latín tomará as seguintes medidas:

- Fomentar o respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a integración de todos os alumnos no centro, impulsando a realización de actividades que potencien o recoñecemento e a valoración da diversidade.
- Colaborar no labor de concienciación sobre a necesidade dun adecuado clima de convivencia escolar, que permita executar no mellor escenario posible o proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Proporcionar ós alumnos xunto cos titores de cada grupo información e aclaracións sobre as normas de organización, funcionamento e convivencia do centro.
- Establecer as normas de organización e funcionamento particulares que rexerán tanto na aula como noutros espazos do instituto durante as sesións lectivas das materias asignadas a este Departamento.
- Detectar conflitos que poidan xurdir nas aulas e aplicar as medidas correctoras oportunas que caiban segundo a normativa vixente, insistindo sempre na necesidade de atopar unha solución pacífica para os problemas e motivando os alumnos para que interioricen a cultura do diálogo e da mediación.
- Poñer en coñecemento das instancias ás que compete toda infracción das normas de convivencia detectada, informando tamén sobre as medidas correctoras levadas a cabo (no caso de que xa se tomaran).

1.9.- Avaliación

1.9.1.- Tipoloxía

No que toca ó proceso de avaliación, o primeiro que faremos será poñelo en coñecemento dos alumnos, para que dende un principio sexan conscientes de que, como e cando se vai avaliar ó longo do curso. Os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe de cada materia serán os referentes que se tomarán en consideración para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos de cada etapa e materia. Ponderaranse sempre na súa xusta medida tanto os esforzos, a dedicación e o rendemento dos estudantes como a consecución dos obxectivos, a asimilación dos contidos, a superación dos criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe, e o desenvolvemento das competencias. Ademais, hase de analizar tamén o axeitado ou errado da nosa proposta didáctica e da nosa práctica docente.

Os tipos de avaliación que terán lugar no proceso descrito son:

- **Inicial:** sondaxe sobre os coñecementos previos tanto de tipo lingüístico como cultural (principalmente estes últimos) a través dun breve test, tentando obter tamén información sobre o grao de desenvolvemento das competencias, de xeito que poidamos saber que coñecementos teñen ben afianzados os alumnos.

- **Continua:** o seguimento constante do alumnado e a realización periódica de probas ó longo de todo o período lectivo permitirannos levar a cabo esta avaliación, que terá como fin valorar, mellorar e tratar de perfeccionar, segundo transcorre o curso, o proceso de aprendizaxe dos alumnos e a práctica docente. Isto posibilitará que en calquera momento, en canto se detecten dificultades no progreso dun alumno, se introduzan as medidas de reforzo educativo necesarias. É evidente que a aplicación deste tipo de avaliación esixe a asistencia regular dos alumnos ás clases e a presentación das actividades programadas.

- **Procesual e formativa:** exame directo do traballo do alumno ó longo do proceso de aprendizaxe, atendendo á súa constancia diaria, á súa participación na aula, ás súas achegas de ideas, ó seu interese, ó seu desenvolvemento da capacidade crítica, etc. Basearase na observación das actividades programadas nas distintas unidades e no curso no seu conxunto, con criterios de flexibilidade e adaptación, o que nos ofrecerá a posibilidade de obter datos sobre a evolución do proceso de ensinanza-aprendizaxe, e comprobar o grao de consecución dos obxectivos e de desenvolvemento das competencias. Nela haberá tres momentos fundamentais, que coincidirán coas sesións de avaliación ó remate de cada trimestre.

- **Diferenciada e integradora:** o alumnado será avaliado de xeito diferenciado en todas as materias de acordo cos criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe de cada unha delas. Non obstante, os profesores non debemos ser alleos ó feito de que formamos parte de equipos docentes e que como tales debemos avaliar de maneira integrada o proceso de aprendizaxe dos

alumnos, analizando conxuntamente dende todas as materias dun curso se estes conseguiron os obxectivos establecidos para cada etapa e materia, e desenvolveron adecuadamente as competencias.

- **Final e sumativa:** a base para establecer a cualificación que o alumnado recibirá en cada materia. Nela comprobarase se se acadaron os requisitos mínimos esixidos para a superación destas, atendendo á adquisición duns obxectivos e dunhas competencias, e ó desenvolvemento duns hábitos e técnicas de traballo e dunha sensibilización ante os valores procurados. Teremos moi en conta o punto do que cada estudante partiu e o punto ó que chegou.

1.9.2.- Outros elementos avaliados que integran o proceso educativo: programación, profesorado, materia e autoavaliación do alumnado

Alén dos alumnos hai tamén outros elementos que deben ser avaliados, xa que, ó igual que os estudantes, forman parte do proceso educativo:

- **Avaliación da programación:** segundo se indicaba no apartado anterior, a avaliación procesual ou formativa permitiranos concluír en que medida se superan os obxectivos de cada etapa e materia, e se desenvolven as competencias, como avanza o proceso de ensinanza-aprendizaxe e se se produce algún desaxuste con respecto ó previsto. En función do progreso do alumnado poderanse dedicar máis ou menos sesións a determinadas actividades ou contidos e alterar a orde de explicación destes últimos. As reunións de coordinación do Departamento, de habelas, serán o momento axeitado para avaliar a progresión das unidades, os resultados obtidos na súa avaliación e a idoneidade da secuencia proposta, analizando as causas das posibles desviacións habidas con respecto ó que estaba programado e as medidas de corrección que se poderán tomar en cada caso.

No mes de xuño, unha vez rematadas as actividades lectivas e as sesións de avaliación, o Departamento elaborará unha memoria final, onde se recollerán unha serie de datos relacionados co desenvolvemento da Programación Didáctica, os cales se utilizarán como indicadores para a súa análise:

- a) Porcentaxe de cumprimento da Programación Didáctica.
- b) Xustificacións das partes da Programación Didáctica non impartidas.
- c) Modificacións introducidas durante o curso en relación coa Programación Didáctica.
- d) Motivos das modificacións feitas.
- e) Propostas de mellora para a Programación Didáctica do seguinte curso.

f) Análise , en comparación cos dos cursos anteriores, dos resultados obtidos polo alumnado nas avaliacións finais do curso e da etapa (cando acaben as probas extraordinarias, incorporaranse a esta análise os resultados obtidos nelas polos alumnos).

Ademais, o remate da primeira e da segunda avaliación e outras sesións de avaliación extraordinarias (dos alumnos que deban recuperar materias pendentes de cursos anteriores, que abandonen as materias ou que perdan o dereito á avaliación continua) serán tamén momentos importantes para recoller información relativa ós indicadores antes mencionados.

- **Avaliación do profesor:** con periodicidade preguntáraselles ós alumnos a súa opinión sobre a metodoloxía didáctica que se está a seguir, sobre o grao de dificultade e interese das actividades programadas, sobre a compensación entre contidos teóricos e prácticos, sobre as suxestións que desexen facer, etc., de xeito que a nosa práctica se poida adaptar mellor ás súas necesidades e características, corrixindo os erros que se puideran dar. Ó remate de cada trimestre pasarase unha enquisa de avaliación do profesor na que se fará referencia a distintos aspectos do noso labor: organización e ordenación dos contidos, claridade nas explicacións, fomento da participación, clima da aula, etc.

- **Avaliación da materia:** na mesma enquisa incluíranse ítems que permitan avaliar se a materia responde ás expectativas do alumnado, se é relevante dalgún xeito para o seu futuro, se lles gustaría seguila cursando en vindeiros cursos, etc.

- **Autoavaliación do alumnado:** na mesma enquisa os estudantes terán tamén a posibilidade de autoavaliarse en cuestións relativas á súa consecución dos obxectivos, contidos e competencias, á súa capacidade de buscar e sintetizar información, de traballar en grupo, de expresarse oralmente e por escrito, de relacionar contidos teóricos e prácticos, de relacionarse cos seus compañeiros, etc. Os datos recollidos serán tidos en conta durante o curso e as valoracións servirán para establecer melloras e corrixir erros.

1.9.3.- Procedementos e instrumentos para avaliar os alumnos

Convén facer unha distinción básica entre ambos os conceptos. Ó falar de instrumentos, referímonos ás ferramentas ou utensilios concretos que utilizamos para avaliar algún elemento do proceso educativo, neste caso a evolución dos alumnos. Nesta categoría situaríanse, por exemplo, as probas obxectivas ou os tests. Os procedementos, en cambio, son as actuacións prácticas que se poden empregar para o seguimento do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Tipos de procedementos e instrumentos	Características
1. Observación directa e supervisión sistemática do traballo diario na clase (instrumento: ficha persoal do alumno)	Interese Valoración das intervencións e das respostas ofrecidas nos intercambios orais co profesor

<p>2. Corrección dos traballos e tarefas encomendados (instrumentos: boletíns de Acercos, exercicios, controis de morfoloxía, os propios traballos, controis de lectura, exercicios e traducións, e ficha persoal do alumno)</p>	<p>Presentación Respecto polos prazos Acerto nas respostas Selección da información relevante e rigor no seu tratamento Ortografía Corrección gramatical e bo uso do idioma Penalizacións (v. <i>Criterios de corrección e puntuación de exercicios e exames</i>)</p>
<p>3. Probas obxectivas (exames)</p>	<p>Presentación Valoración dos coñecementos adquiridos Penalizacións (v. <i>Criterios de corrección e puntuación de exercicios e exames</i>)</p>

Como se vén de sinalar, as observacións diarias e a anotación destas na ficha persoal do alumnado serán algúns dos instrumentos que usaremos, combinados con outros como: os tradicionais exames escritos, probas orais, traballos de investigación, boletíns de exercicios, controis de morfoloxía, sintaxe e tradución, controis de lectura, exercicios variados e traducións, etc. Ó remate de cada unidade didáctica e de cada trimestre planificaranse probas e exercicios escritos que permitirán analizar o progreso dos alumnos, tratándose de probas e exercicios incluíntes, que non permitan condenar ó ostracismo contidos asimilados con anterioridade por este mesmo feito.

A avaliación organizarase en torno a tres momentos fundamentais:

- **Avaliación inicial:** para detectar os coñecementos, preconceitos e prexuízos previos tanto de tipo lingüístico como cultural (principalmente estes últimos) que os alumnos teñen sobre cada punto dos contidos da programación.
- **Avaliación continuada:** valoraremos preferentemente a adquisición progresiva de contidos, conceptos e obxectivos, e o desenvolvemento das competencias, pero tamén o propio proceso de aprendizaxe dos alumnos e a práctica docente. Segundo se vaian explicando unidades didácticas, os alumnos deberán demostrar que teñen asumidos os contidos das xa rematadas e que adquiriron os conceptos mínimos precisos para avanzar sen problemas nas seguintes. No caso contrario haberán de recuperar eses contidos mediante exercicios escritos ou orais que se determinarán no seu momento.
- **Avaliación sumativa:** ó remate de cada período avaliativo, especialmente ó final do proceso, recolleremos os resultados acadados polo alumnado. Nas convocatorias parciais e, sobre todo, nas finais (ordinarias e extraordinarias) comprobarase de xeito prioritario se se acadaron os

requisitos mínimos esixidos para a superación das materias, atendendo á adquisición duns obxectivos e dunhas competencias, e ó desenvolvemento duns hábitos e técnicas de traballo e dunha sensibilización ante os valores procurados.

Os alumnos terán que evidenciar que leron os libros de lectura obrigatoria nalgunha proba escrita ou oral mediante a elaboración dunha recensión destes ou calquera outro medio que se determine.

1.9.4.-Programa de recuperación para o alumnado con materias pendentes de cursos anteriores e actividades de seguimento

Este curso hai un alumno matriculado en 2º de Bacharelato coa materia Latín I pendente por cambio de Modalidade de Bacharelato. Para a súa superación tomaranse como referencia os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación fixados para as tres avaliacións desta materia nos apartados correspondentes da Programación Didáctica recollida no PROENS. A Programación Didáctica do Departamento e, polo tanto, a citada información poderanse consultar a través da páxina web do centro, na sección Departamentos > Latín.

O procedemento para a **recuperación da materia Latín I de 1º de Bacharelato** consistiría no seguinte: o alumnado terá superada a materia Latín I si supera cunha cualificación positiva (de 5 ou máis) calquera das probas escritas da parte de lingua (controis ou exames) realizadas durante o curso en 2º de bacharelato. En caso de que o alumno non dese acadado unha cualificación positiva (de 5 ou máis) en ningunha destas probas antes do fin da 2ª avaliación, establécese a realización de dúas probas escritas para poder superar a materia. As datas en que terán lugar estas probas establécense a continuación e non se poderán modificar, agás que circunstancias extraordinarias así o aconsellen:

- Primeira proba: no mes marzo.
- Segunda proba: no mes de abril.

As probas consistirán nunha análise morfosintáctica e nunha tradución, onde se recollan todos os aspectos gramaticais explicados durante o período presencial do curso anterior e recollidos na modificación da programación de Latín I realizada no mes de maio do 2022. Quedarán excluídos os contidos culturais, quedando limitadas as cuestións teóricas á gramática latina. O 50% da nota obterase da análise morfosintáctica, e o 50% restante da tradución. Entre a análise e a tradución terá que haber a debida correspondencia, xa que non se aceptará unha tradución excelente cunha análise deficiente nin viceversa.

Para superar a materia, será preciso que o alumno teña unha cualificación positiva (5 ou máis puntos) cando menos nunha das dúas probas. A cualificación obtida nestas probas supoñerá o 100% da cualificación da materia (o alumno non deberá entregar ningunha clase de traballos nin exercicios). Se o alumno se presenta ás dúas probas, a cualificación final será a do exame coa cualificación máis alta.

Se o alumno non fose quen de superar a materia pendente Latín I na convocatoria ordinaria, terá a oportunidade de obter unha cualificación positiva nela na proba da convocatoria extraordinaria, que versará sobre os mesmos contidos que as probas da convocatoria ordinaria e que terá as mesmas características. Os mínimos esixidos para aprobar a materia nesta convocatoria extraordinaria serán os mesmos que para a convocatoria ordinaria.

No establecemento da cualificación da materia será facultade exclusiva do profesorado utilizar ou non utilizar a práctica do arredondamento: como aclaración, entenderase que calquera nota que estea entre 5 e 5,9 será 5 e entre 4 e 4,9 será 4 (e así co resto de notas enteiras), agás que o profesor decida facer uso do posible arredondamento.

O alumno recibirá do xefe do Departamento cumprida información por escrito sobre o sistema de recuperación da materia (os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación, e as competencias clave).

1.9.5.- Procedemento para a acreditación de coñecementos previos da materia Latín I

Para a superación da materia Latín I non cursada, tomaranse como referencia os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación, e as competencias clave fixados para esta materia nos apartados correspondentes da Programación Didáctica recollida no PROENS.

O procedemento para a acreditación de ditos coñecementos consistirá na realización dunha proba escrita similar á proba que terá que realizar o alumnado coa materia de Latín I pendente exposto no apartado anterior. A proba consistirá nunha análise morfosintáctica e nunha tradución, onde se recollan todos os aspectos gramaticais explicados durante o curso anterior e recollidos en dita Programación Didáctica. Quedarán excluídos os contidos culturais, quedando limitadas as cuestións teóricas á gramática latina. O 50% da nota obterase da análise morfosintáctica, e o 50% restante da tradución. Entre a análise e a tradución terá que haber a debida correspondencia, xa que non se aceptará unha tradución excelente cunha análise deficiente nin viceversa.

Para superar a materia, será preciso que o alumnado teña unha cualificación positiva (5 ou máis puntos) en dita proba. A cualificación obtida nesta proba supoñerá o 100% da cualificación da materia (os alumnos non deberán entregar ningunha clase de traballos nin exercicios). En caso de que o alumnado no supere dito procedemento non poderá superar tampouco a materia de Latín II.

1.9.6.- Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación recollidos neste apartado son os que se aplicarán en todas as materias nas avaliacións parciais e nas finais ordinarias, así como nas avaliacións extraordinarias. En cada trimestre faranse cando menos dous exames escritos e/ou orais relacionados cos contidos explicados ata o momento no que teñan lugar, procurando sempre a uniformidade nos temas incluídos. Ademais, valoraranse tamén os seguintes aspectos:

- Ortografía (non se contará no caso de Latín II).

- Lectura e expresión escrita comprensiva.
- Fluidez na expresión oral (non se contará no caso de Latín II).
- Corrección na presentación dos traballos encomendados.
- Intervencións nas actividades de clase e de grupo.

Polo tanto, a cualificación recibida polos alumnos en todas as avaliacións, agás na 3ª avaliación de xuño para recuperar a materia e na extraordinaria de xuño, será froito non só das notas obtidas en cada exame, nos boletíns de exercicios, nos controis, nos traballos individuais ou de grupo e en cantas tarefas se lles encarguen, senón tamén da ortografía (non en Latín II), da presentación dos traballos, da expresión escrita e da expresión oral (non en Latín II).

a) Avaliacións parciais: o referente para avaliar as aprendizaxes dos alumnos serán os criterios de avaliación e a súa concreción nos estándares de aprendizaxe avaliáveis, os cales á súa vez están conectados coas competencias clave. Os criterios de avaliación describen o que se pretende lograr en cada disciplina e, neste sentido, os contidos non son máis que os medios para alcanzalos. Non obstante, non serán obviados os contidos actitudinais.

Nas distintas avaliacións parciais as cualificacións do alumnado estableceranse segundo o procedemento que se indica para as distintas materias asignadas ó Departamento.

- Valoración do que chamaremos **actividades cotiás**: lectura e escritura de textos e oracións en grego e latín, resolución de actividades prácticas na aula e na casa, resposta ás preguntas orais formuladas polo profesor sobre temas e cuestións anteriores, participación na aula, controis de lecturas, controis de morfoloxía, sintaxe e tradución, boletíns de exercicios programados para facer un seguimento do grao de asimilación dos contidos explicados nas distintas unidades, traducións, etc. A continuación indícase o valor que este apartado terá nas cualificacións das distintas avaliacións parciais en cada materia:

En Latín (4º de ESO): **un valor dun 20%.**

En Latín II (1º e 2º de Bacharelato): **non se valorarán.**

- Valoración dos **contidos de carácter cultural**:

En Latín (4º de ESO) este tipo de contidos supoñen unha pequena parte do programa e serán avaliados por medio de probas escritas tipo test, que serán cando menos unha por avaliación e que se centrarán exclusivamente nos temas de cultura impartidos en cada avaliación. Nestes exames mesturaránse preguntas con resposta única e preguntas con resposta múltipla; ademais, cando as probas fagan referencia a temas relacionados coa xeografía de Roma, poderán incluír un mapa para ser completado polos alumnos, e cando fagan referencia á mitoloxía clásica

poderán incluír imaxes para a identificación e/ou comentario de personaxes e mitos. Nesta materia nas cualificacións das distintas avaliacións parciais estes contidos terán o seguinte valor: **dun 20%**

En Latín II este tipo de contidos supoñen unha pequena parte do programa e serán avaliados mediante probas escritas con preguntas de desenvolvemento, que serán cando menos unha por avaliación e que se centrarán exclusivamente nos temas de cultura e literatura impartidos en cada avaliación. Nesta materia, nas cualificacións das distintas avaliacións parciais estes contidos terán o seguinte valor: un valor dun **30%**

- **Valoración dos contidos de carácter lingüístico:**

Nas materias Latín (4º de ESO), e Latín II este tipo de contidos supoñen a parte fundamental do programa e serán avaliados mediante probas escritas centradas nos temas de carácter lingüístico impartidos ata o momento no que estas teñan lugar. Haberá cando menos un exame destas características cada avaliación e poderá incluír:

- ✓ No caso de Latín (4º de ESO), exercicios de declinación, de conxugación, de concordancia, e de análise morfosintáctica e tradución de formas verbais e dun texto ou de oracións.
- ✓ No caso de Latín II exercicios de léxico, de análise sintáctica de oracións, de análise morfolóxica de formas verbais, e de análise morfosintáctica e tradución dun texto ou de oracións.

A puntuación asignada nestas probas ó exercicio de análise morfosintáctica e tradución dun texto ou de oracións será, como mínimo, de 5 puntos (en Latín de 4º de ESO), e de 10 puntos (en Latín II) dos 10 sobre os que se corruxirán os exames (aplicadas as ponderacións segundo o fixado para cada materia supoñería 3 puntos da nota das avaliacións parciais en Latín de 4º de ESO, e 7 puntos da nota das avaliacións parciais en Latín II). Entre a análise e a tradución deberá haber a debida correspondencia, xa que non se aceptarán traducións excelentes con análises deficientes nin viceversa.

De cara ó establecemento das cualificacións das distintas avaliacións parciais os contidos de carácter lingüístico terán o seguinte valor: **un valor dun 60%** na materia Latín (4º de ESO) e **un valor dun 70%** na materia Latín II.

- **Os contidos actitudinais:** entre as actividades cotiás a valoración dos contidos actitudinais representará un exercicio máis de clase (sobre un máximo de 10 puntos) que fará media co resto. Será unha nota única ponderada que se baseará nas seguintes cuestións: actividades programadas, o aproveitamento das clases co material preciso para seguir cada materia, a realización das tarefas encomendadas, e participación no desenvolvemento das clases e na corrección dos exercicios. Esta nota única ponderada non se aplicará no caso da materia Latín II.

• **Cualificación nas avaliacións parciais:** segundo o que se vén de dicir, a nota de cada avaliación parcial resultará da suma das puntuacións obtidas nos diferentes apartados despois da aplicación das ponderacións asignadas a cada un deles:

- Latín (4º de ESO): **20%** (actividades cotiás) + **20%** (probos sobre contidos culturais) + **60%** (probos sobre contidos lingüísticos).

- Latín II: **30%** (probos sobre contidos culturais) + **70%** (probos sobre contidos lingüísticos).

Para que nas dúas materias estes apartados (actividades cotiás, probos sobre contidos culturais e probos sobre contidos lingüísticos) poidan sumar de cara ó establecemento da cualificación das avaliacións parciais, os alumnos deberán obter neles unha **nota media mínima de 3,5 puntos** sobre o máximo de 10. No caso de que nunha avaliación un alumno acadase nun deses apartados unha nota media inferior a 3,5 puntos, o apartado en cuestión sumaría 0 puntos de cara ó establecemento da cualificación nesa avaliación parcial.

a) Aclaracións sobre arredondamentos nas avaliacións parciais: é facultade exclusiva do profesorado que imparte as materias utilizar ou non utilizar nas avaliacións parciais a práctica do arredondamento. Como aclaración, entenderase que calquera nota que estea entre 5 e 5,9 será 5 e entre 4 e 4,9 será 4 (e así co resto de notas enteiras), agás que o profesor decida facer uso do posible arredondamento.

b) Criterios para calcular a nota final das materias: para superar as materias Latín (4º de ESO), e Latín II o alumnado deberá obter na avaliación final ordinaria do mes de maio (2º de Bacharelato) ou xuño (4º de ESO) unha cualificación positiva (5 ou máis puntos). Ó tratarse de materias que contan cun sistema de avaliación continua e nas cales non se eliminan contidos a medida que avanza o curso, senón que se inclúen, a cualificación recibida polos alumnos na avaliación final ordinaria será a mesma que a obtida na terceira avaliación parcial, cun factor de corrección á alza de ata 1 punto, o cal será de aplicación potestativa por parte do profesorado atendendo a unha a un bo traballo persoal realizado ó longo do curso polo alumnado. De xeito excepcional, cando un alumno teña na avaliación final ordinaria unha nota de entre 4,5 e 5 puntos, o profesor poderá propoñelo como aprobado atendendo exclusivamente ó feito de que ó longo do curso amosara unha actitude positiva e realizara un bo traballo persoal (esta medida poderá ser de aplicación tamén na primeira e na segunda avaliación).

En calquera das materias (Latín de 4º de ESO e Latín II) poderá aplicarse un aumento de ata medio punto na cualificación final dos alumnos se estes mantiveron unha progresión ascendente nas notas das tres avaliacións parciais, sempre que estas estean aprobadas (5 ou máis puntos). Do mesmo xeito, na materia Latín de 4º de ESO os alumnos poderán optar a medio punto adicional na nota final do mes de maio ou xuño a través dos distintos controis de morfoloxía que se programarán, para o que será preciso que en cada un deles obteñan unha cualificación superior (non igual nin inferior) á do anterior control, sempre e cando a cualificación sexa de 5 ou máis puntos en todos eles.

c) Métodos de recuperación durante o curso de avaliacións parciais suspensas: os contidos das materias Latín de 4º de ESO e Latín II son, segundo se acaba de explicar, acumulativos, polo que a súa avaliación será continua. Nestas dúas materias non se farán con carácter ordinario exames de recuperación en ningunha avaliación, xa que se entenderá que unha avaliación suspensa estará recuperada se se obtén na avaliación inmediatamente seguinte unha cualificación positiva (5 ou máis puntos). De xeito extraordinario, o profesor terá a facultade de decidir realizarlles unha recuperación da terceira avaliación a determinados alumnos en atención ó seu bo rendemento académico ó longo do curso (por exemplo, a alumnos que só suspenderan a terceira avaliación, alumnos que leran todos os libros de lectura obrigatoria, alumnos que presentaran todos os boletíns de exercicios, alumnos que non teñan impostas faltas de orde, etc.), de maneira que un mal resultado nunha proba ou nunha avaliación non poña en perigo o traballo de todo un curso. Esta recuperación consistirá en ofrecerlles a posibilidade de volver facer (cambiando as preguntas) un dos exames desa terceira avaliación, normalmente aquel no que tiveran unha cualificación máis baixa: ben as probas escritas sobre os contidos culturais e literarios, ou ben as probas escritas sobre os contidos lingüísticos (no caso de que obtivesen unha nota inferior a 3,5 puntos na de contidos lingüísticos, será esa a que repetirán). A nota acadada neste novo exame substituirá, sempre e cando sexa superior, a obtida no exame que se repetira e en ningún modo alterará o procedemento de establecemento de cualificacións nas avaliacións parciais e final ordinaria máis arriba descrito. Quérese dicir con isto que a nota deste novo exame non se poderá considerar a cualificación da terceira avaliación parcial nin da avaliación final ordinaria.

d) Avaliación extraordinaria de xuño: o alumnado que non supere a materia na convocatoria ordinaria de maio (Latín II) terá a oportunidade de obter unha cualificación positiva nela nas probas da convocatoria extraordinaria de xuño, que versarán sobre os contidos explicados ó longo de todo o curso e que serán do mesmo tipo que as planificadas nas distintas avaliacións parciais. Os mínimos esixidos para aprobar as materias nesta convocatoria serán os mesmos que os fixados para elas na presente Programación Didáctica.

A nota chegarase do seguinte xeito (tanto para a modalidade presencial como para a non presencial e a semipresencial):

- Latín II: haberá un único exame, que presentará unha estrutura semellante á proba de Latín na avaliación de Bacharelato para o acceso á universidade, a cal se describe nesta Programación Didáctica no apartado 7.10.- *Avaliación final de Bacharelato*. As preguntas de desenvolvemento sobre os temas de literatura e léxico supoñerán o 30% da nota desta avaliación, mentres que os exercicios de tradución dun texto e de comentario gramatical (morfoloxía e sintaxe) dun fragmento deste supoñerán o 70% restante da nota. En concreto, a puntuación asignada ó exercicio de tradución dun texto será, como mínimo, de 6 puntos dos 10 sobre os que se corraxirá a proba (é dicir, 6 puntos na nota desta avaliación). Entre a análise e a tradución terá

que haber a debida correspondencia, xa que non se aceptará unha tradución excelente cunha análise deficiente nin viceversa.

Para superar unha materia será preciso lograr unha cualificación global de 5 ou máis puntos, dado que toda nota inferior a 5 puntos indicará que unha materia está suspensa. Será facultade exclusiva do profesorado utilizar ou non utilizar a práctica do arredondamento: como aclaración, entenderase que calquera nota que estea entre 5 e 5,9 será 5 e entre 4 e 4,9 será 4 (e así co resto de notas enteiras), agás que o profesor decida facer uso do posible arredondamento.

1.9.7.- Criterios de corrección e puntuación de exercicios e probas

- **Puntuacións:** todo tipo de exames, boletíns de exercicios, controis de lectura, controis de morfoloxía, controis sobre fragmentos de documentais, traballos e tarefas que se lles encomenden ós alumnos serán valorados sobre 10 puntos e posteriormente faranse as medias e ponderacións que resulten oportunas. A puntuación que neles se lle outorgue a cada apartado, exercicio ou pregunta aparecerá recollida de forma explícita no propio instrumento. Cando se inclúan exercicios de análise morfosintáctica e tradución de textos ou oracións, terá que haber a debida correspondencia entre a análise e a tradución, xa que non se aceptará unha tradución excelente cunha análise deficiente nin viceversa. Ademais, **no caso concreto dos exames** aplicaranse os seguintes criterios:

- Non presentarse a un exame sen unha causa debidamente xustificada por escrito supoñerá para os alumnos unha puntuación de 0 puntos no exame en cuestión.

- Entregar un exame en branco, ou con respostas fóra de ton ou de contido totalmente carente de sentido en relación coas preguntas formuladas supoñerá para os alumnos unha puntuación de 0 puntos no exame en cuestión.

- Copiar nun exame polo procedemento que sexa supoñerá para os alumnos unha puntuación de 0 puntos no exame en cuestión.

- **Non entrega de tarefas:** cando un alumno sen causa debidamente xustificada por escrito entregue fóra de prazo ou non entregue un boletín de exercicios, un traballo ou calquera outra tarefa que se lle encomende, ou non se presente a un control de lectura, de morfoloxía ou de fragmentos de documentais obterá no instrumento en cuestión unha puntuación de 0 puntos. Os exercicios, traballos, tarefas, etc. seranlle recollidos e corrixidos, pero, se non xustifica a súa tardanza na entrega, computaranlle como un 0 á hora de establecer a nota da avaliación.

- **Copiar nas tarefas:** cando un alumno copie dun compañeiro as actividades dun boletín de exercicios, dun traballo ou de calquera outra tarefa que se lle encomende obterá no instrumento en cuestión unha puntuación de 0 puntos, medida que lle poderá aplicar tamén ó alumno que facilite as tarefas para ser copiadas.

- **Faltas de ortografía:** en todo exercicio, tarefa ou exame que requira unha produción escrita do alumnado cada erro ortográfico na lingua vernácula será penalizado coa detracción de 0,1 puntos, ata un máximo de 1 punto. Ó escribir en latín restaranse tamén 0,1 puntos por cada falta ata un máximo de 1 punto, aínda que este criterio será flexible polo menos na primeira avaliación.

- **Presentación:** terase en conta negativamente a mala presentación, especialmente no que toca a limpeza, borrachos, caligrafía e respecto polas marxes, podendo supoñer a perda de ata 0,5 puntos en cada exercicio e exame.

- **Exactitude nas respostas:** valorarase o rigor na resolución das actividades e a corrección na indagación, estudo e asimilación de información.

- **Expresión oral e escrita:** unha coidada expresión oral e escrita na lingua habitual dos alumnos, especialmente no que toca ó léxico e a sintaxe, poderá supoñer un extra de ata 0,5 puntos en cada exercicio, proba ou traballo.

- **Contidos actitudinais:** segundo se indicou no apartado 1.9.7.- *Criterios de cualificación*, entre as actividades cotiás a valoración dos contidos actitudinais representará un exercicio máis de clase (sobre un máximo de 10 puntos) que fará media co resto. Este tipo de contidos puntuaranse de acordo co indicado na seguinte táboa:

Descrición	Puntuación máxima
O alumno realiza as tarefas encomendadas para a casa (boletíns de exercicios, traballos, lecturas de libros, etc.). Cada tarefa copiada dun compañeiro, non realizada / non presentada ou presentada fóra de prazo nunha segunda ocasión sen causa xustificada: -1 punto.	5
O alumno aproveita as clases, asiste a estas co material preciso para seguir cada materia e fai as tarefas do día a día. Cada día de asistencia sen material ou coas tarefas do día a día sen facer: -0,5 puntos.	5
O alumno participa no desenvolvemento das clases e na corrección dos exercicios, fai preguntas, responde ás preguntas do profesor,	

etc.	
------	--

Total:	10
---------------	-----------

1.9.8.- Directrices, procedementos e instrumentos para a realización da avaliación inicial

- **Directrices:** a finalidade da avaliación inicial é coñecer e axustar as condicións de ensinanza-aprendizaxe de cada grupo, co fin de obter un rendemento adecuado, polo que non implica emitir unha cualificación para o alumnado. Para o establecemento desas condicións será preciso detectar os coñecementos, preconceptos e prexuízos previos tanto de tipo lingüístico como cultural que os alumnos teñen sobre cada punto dos contidos da programación. Neste sentido, á hora de realizar esta avaliación, farase unha distinción entre niveis/cursos e tipos de obxectivos:

- Niveis/cursos: prestarase atención ó alumnado que se incorpore por primeira vez á materia Latín (4º de ESO); analizarase o grado de interese para Latín (4º de ESO) asimilados polos alumnos que cursaron a materia Cultura Clásica en 3º de ESO; co fin de programar un repaso xeral e preparar o proceso de adaptación ó programa de Latín II, farase un estudo dos coñecementos adquiridos polos alumnos en Latín I.
- Tipos de obxectivos: o obxectivo da avaliación inicial será comprobar o dominio das técnicas de lectura e escritura (obxectivo instrumental xeral), a consolidación de coñecementos adquiridos no curso anterior (obxectivo específico en Latín II) e o aproveitamento de contidos doutras materias (obxectivo específico Latín de 4º de ESO).

Para realizar esta avaliación, é preciso ter claro dende un primeiro momento que se vai avaliar e cando se vai avaliar. O obxecto serán os coñecementos previos tanto de tipo lingüístico como cultural que os alumnos teñen ben afianzados para avanzar nun nivel académico superior e en materias novas (agás no caso de Latín II); evidentemente, procurarase tamén información sobre o grao de desenvolvemento de diferentes competencias. O momento será o que decida o equipo directivo en colaboración co Departamento de Orientación, normalmente a comezos ou mediados do mes de outubro.

- **Procedementos:** con carácter xeral para a realización da avaliación inicial atenderase ós seguintes aspectos:

- a) Verificación do grao de consolidación dos obxectivos académicos, sobre todo, no caso de cambio de etapa e de materias que supoñan continuidade.
- b) Análise da motivación e da autonomía do alumnado, centrando o interese de xeito especial no método de traballo.

- c) Comprobación do grao de cumprimento das tarefas encomendadas tanto para a aula como para a casa.
- d) Atención ás dificultades amosadas en relación coas capacidades comprensiva e expresiva de carácter xeral (habilidades básicas para a aprendizaxe de calquera materia) e o dominio das específicas de cada nivel (flexión nominal e verbal, análise e tradución).
- e) Constatación do clima de traballo e de interacción dentro do grupo.

- **Instrumentos:** para a realización da avaliación inicial empregaranse dous tipos de instrumentos, que son á vez diferentes e complementarios, e están en clara interrelación:

a) As fontes de información de carácter institucional:

1. Historial escolar do alumnado (cualificacións, materias pendentes, cursos repetidos...).
2. Información adicional ofrecida polos tutores, polo equipo directivo e polo Departamento de Orientación (datos médicos, familiares, económicos ou doutro tipo, propostas de apoios ou reforzos...).

b) As fontes de información do propio Departamento como órgano de coordinación:

1. Rexistro de coñecementos mediante:

- Tests de coñecementos previos.
- Probas de nivel.
- Traballo diario.
- Exercicios encomendados.

2. Rexistro de actitudes cara á materia:

- Realización de actividades.
- Interese.
- Vontade de participación.

3. Rexistro de comportamento e convivencia.

- Interese pola materia.
- Participación.

1.10.- Criterios de actuación do Departamento ante reclamacións contra notas finais

De acordo coa lexislación vixente, se os alumnos non están conformes coa cualificación final recibida nunha materia, teñen a posibilidade de presentar unha reclamación contra esa nota, a cal

se poderá efectuar nos seguintes períodos académico-temporais:

a) Ordinario:

- Despois da avaliación de maio para 2º de Bacharelato.
- Despois da avaliación de xuño para ESO.

b) Extraordinario:

- Despois da avaliación de materias pendentes.
- Despois da avaliación para acreditar coñecementos previos.
- Despois da avaliación final de xuño.

En calquera dos períodos ante unha reclamación contra unha cualificación final o Departamento actuará segundo o protocolo que a continuación de indica:

1. Convocarase unha reunión do profesorado integrante do Departamento.
2. Comprobarase que se respectaron os prazos e os requisitos formais de presentación da reclamación.
3. Estudaranse as causas alegadas para a reclamación.
4. Solicitaráselle un informe motivado ó profesor que imparta a materia afectada.
5. Analizaranse as cualificacións emitidas.
6. Valoraranse os traballos, tarefas e probas obxectivas realizados polo alumno.
7. Comprobarase que o avaliado se axusta ó recollido na Programación Didáctica.
8. Examinarase se se aplicaron do xeito correcto os criterios de cualificación, e de corrección e puntuación.
9. Emitirase un informe/ditame do Departamento sobre a reclamación, ratificando ou rectificando a cualificación outorgada.
10. Recolleranse en acta os puntos esenciais do procedemento de actuación e os seus resultados.
11. Trasladarase á Xefatura de Estudos a documentación pertinente.

1.11.- Criterios de promoción e titulación do alumnado

- **A promoción na ESO:** as decisións sobre a promoción do alumnado dun curso a outro non dependerán soamente do profesorado que imparta as materias asignadas ó Departamento, senón do conxunto de docentes de cada grupo, que deberán ter en consideración o logro dos obxectivos da etapa e a materia, e o grao de adquisición das competencias clave por parte dos estudantes.

- **A titulación na ESO:** un alumno de 4º de ESO, curso no que se imparte a materia Latín, obterá o título da ESO se ten superadas todas as materias da etapa, acadados os obxectivos da etapa e adquiridas as competencias clave correspondentes. Así mesmo, obterá o título aquel alumnado que, unha vez realizadas as probas extraordinarias, finalice a etapa con avaliación negativa nun máximo de dúas materias, sempre que non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas, e que o equipo docente considere que o alumno ten acadados os obxectivos da etapa e adquiridas as competencias clave correspondentes.

- **A titulación no Bacharelato:** un alumno de 2º de Bacharelato, curso no que se imparten a materia Latín II, obterá o título de Bacharelato se ten superadas todas as materias dos dous cursos do Bacharelato.

1.12.- Actividades complementarias e extraescolares

Este Departamento considera as actividades complementarias e extraescolares fundamentais para o desenvolvemento integral dos alumnos. A organización destas contará sempre cun criterio pedagóxico e cunha preparación previa, co fin de que os alumnos poidan tirar o máximo proveito da súa participación nelas.

1.- Participación no concurso de resolución de preguntas en liña *Odisea 2023*, organizado pola Sociedad Española de Estudios Clásicos, que nos últimos cursos contou con máis dun milleiro de estudantes inscritos.

- Alumnos destinatarios: os matriculados en Cultura Clásica (3º de ESO), en Latín (4º de ESO), e Latín I (1º de Bacharelato).
- Obxectivos: participar nun concurso sobre coñecementos relativos ó mundo clásico en competencia con alumnos doutros centros; aproveitar as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías para acceder a eses coñecementos; fomentar o uso das TIC; descubrir lugares da rede onde se pode atopar información relacionada coas materias impartidas polo Departamento; impulsar o hábito de traballar en equipo, distribuindo roles e funcións e valorando os beneficios da colaboración nun grupo; estimular o sentido da responsabilidade, facendo ver que o funcionamento dun equipo pode resentirse se algún dos membros non atende as súas obrigas.
- Participación do alumnado: resposta en equipos nun tempo determinado a unha serie de preguntas formuladas a través da rede.
- Data: probablemente na última semana de xaneiro ou a primeira de febreiro.

- Materiais precisos: os alumnos deberán acudir a unha aula de informática do centro os días que se publiquen as preguntas na rede.
- Custo: 0 euros.

1.13.- Procedementos para dar a coñecer a programación das materias

Dende este Departamento considérase fundamental que non só o profesorado, senón tamén outros sectores implicados no proceso de ensinanza-aprendizaxe, como poden ser o do alumnado e o das familias, deben estar ó tanto desta Programación Didáctica, ou cando menos daqueles apartados máis transcendentales e de maior interese para eles. Segundo a nosa opinión, para todas as materias programadas por nós eses apartados teñen que ser os que se indican a continuación:

- Obxectivos.
- Contidos.
- Material necesario para seguir as clases con aproveitamento.
- Criterios de avaliación.
- Estándares de aprendizaxe avaliábeis (cos seus graos mínimos de consecución).
- Competencias clave.
- Instrumentos de avaliación.
- Criterios para a obtención da nota nas avaliacións parciais e nas finais.
- Criterios de corrección e puntuación de exercicios e probas.
- Métodos de recuperación durante o curso de avaliacións parciais suspensas.
- Criterios para decretar o abandono da materia e a perda do dereito á avaliación continua.

Durante os primeiros días de clase toda esta información será transmitida polo profesorado ó alumnado a través das seguintes canles:

- a) Explicación oral polo propio profesor na aula.
- b) Resumo por escrito.
- c) Páxina web do centro (na sección do Departamento de Latín).
- d) Correo electrónico do profesorado (previa solicitude).
- e) Consulta persoal ó profesorado en calquera momento (previa solicitude).

As familias poderán empregar as mesmas canles que os alumnos, agás, como resulta obvio, a explicación oral na propia aula.

Ademais, quen así o desexe, poderá acceder á versión completa da Programación Didáctica a través da páxina web do centro (na sección do Departamento de Latín) ou solicitando unha entrevista persoal co xefe do Departamento. Nos taboleiros de información xeral do instituto deixarase constancia do procedemento que se deberá seguir para consultar a versión íntegra da Programación Didáctica.

LATÍN (4º DE ESO)

2.1.- Introducción: a materia Latín na ESO

No currículo da Educación Secundaria Obrigatoria a materia Latín figura como unha optativa entre as materias troncais da opción de ensinanzas académicas no cuarto curso. Un dos factores principais que xustifica a inclusión desta lingua clásica no currículo da ESO é o feito de que o seu estudo reforza a reflexión lingüística do alumnado e fortalece o seu acceso á cultura literaria. O estudo da súa fonética, da súa morfoloxía, da súa sintaxe e do seu léxico proporciona ó alumnado unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas. Desempeña, pois, un papel relevante como soporte lingüístico da maioría dos idiomas e como ferramenta útil para a comprensión do léxico culto, que dá lugar a gran parte da terminoloxía científica e técnica nas linguas modernas, as cales en diferentes épocas, mesmo na actualidade, incrementaron os seus recursos expresivos coa adopción de palabras de orixe latina. Non se debe esquecer o enriquecemento cultural que proporciona ó alumnado o coñecemento dos aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día. Esa calidade de transmisión e continuidade na sociedade actual debe guiar a presentación desta materia e dar sentido ó seu estudo.

Latín no currículo da ESO supón un primeiro achegamento específico á lingua de Roma e quizais tamén á súa cultura e consecuentemente ó mundo antigo, se é que os alumnos non cursaron Cultura Clásica en terceiro de ESO. O seu obxectivo principal é introducir o alumnado no coñecemento dos aspectos esenciais da lingua e a cultura latinas, ámbitos complementarios entre si e que foron orixe e fundamento das linguas romances e da civilización occidental, é dicir, o que coñecemos como herdanza clásica.

Ó desenmarañar a complexa rede de procedementos flexivos empregados polo latín, o alumnado conta cunha sólida base científica de comparación para estudar e progresar gradualmente no manexo doutras linguas. Unha vez adquiridas unhas mínimas nocións sobre o léxico latino e sobre a morfoloxía e a sintaxe do latín, está en condicións de entender as linguas romances como o resultado dunha evolución e de atopar nelas paralelismos útiles para o seu estudo. A análise do proceso a través do cal o latín desembocou nas linguas romances proporcionalle ó alumnado os instrumentos necesarios para comprender os cambios fonéticos, morfosintácticos e semánticos que deron lugar ós procedementos hoxe reitores das súas linguas, e axuda a incrementar de xeito notable a súa bagaxe léxica. A reflexión sobre o vocabulario coñecido, a adquisición de novas palabras e a comprensión das estruturas da lingua latina interveñen de xeito notable no uso máis eficaz da lingua propia como instrumento de aprendizaxe, comunicación e interpretación da realidade.

Neste cuarto curso de ESO a iniciación ó estudo das regras morfosintácticas da lingua latina farase a través da lectura e a tradución de textos, práctica esta última que se revela como unha experiencia de investigación que utiliza a lóxica do pensamento, favorece a memoria e potencia os hábitos de disciplina no estudo, conducindo a unha mellora nas capacidades para razoar e para aprender a aprender.

A lingua latina é unha das máis importantes herdanzas que a tradición clásica deixou á civilización occidental, polo que é razoable que os contidos propiamente lingüísticos ocupen un espazo moi considerable e substancial na materia. Por evolución ou por influencia léxica o latín está presente nas linguas que utilizamos ou nas que son obxecto de aprendizaxe para o alumnado.

O estudo da herdanza clásica, obxecto tamén desta materia, non só está presente na lingua latina, pois abordará ademais os diferentes aspectos que se inclúen no que coñecemos como civilización latina, berce da Europa actual. Ademais da descrición do seu marco xeográfico e da análise dos principais feitos históricos, haberá lugar para unha observación das súas estruturas sociopolíticas, a súa vida cotiá, as súas manifestacións culturais (entre elas, os espectáculos públicos), as súas creacións literarias e artísticas, a súa enxeñaría, o seu urbanismo, a súa mitoloxía e a súa relixión. Ese coñecemento supón un referente necesario no que rastrexar os antecedentes históricos da organización social ou a delimitación dos dereitos das persoas, así como a cultura que modelou o noso presente e impregna boa parte dos universais que entroncan a herdanza cultural occidental coas raíces do mundo clásico. A lectura de textos literarios axuda a observar como temas e tópicos da cultura grecolatina sobreviviron ata hoxe e seguen presentes nos nosos escritos.

A lingua, a través de textos orixinais e adaptados, será o medio de acceso ós contidos culturais, literarios, relixiosos, históricos, etc., polo que se prestará especial atención ó coñecemento da morfoloxía, dos procedementos de derivación e composición de palabras, da sintaxe e do léxico. Os documentos escritos sobre os que se traballará serán de complexidade progresiva, organizados por unidades didácticas, de xeito que se presten a comentarios lingüísticos e histórico-culturais. Procurarase que eses textos favorezan a aprendizaxe simultánea da flexión, a sintaxe, a formación de palabras e o vocabulario.

2.2.- Obxectivos da materia

Como obxectivos concretos da materia Latín en cuarto de ESO este Departamento fixa os seguintes:

1. Comprender textos latinos en contextos onde o sentido se poida deducir con facilidade.
2. Identificar e relacionar elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina que permitan a análise e a tradución de textos sinxelos.
3. Desenvolver hábitos de organización, traballo e disciplina no estudo a partir dos mecanismos de estruturación mental que implica o proceso de análise e tradución de textos latinos.

4. Mellorar a lectura comprensiva e a expresión oral e escrita mediante o coñecemento do vocabulario e as estruturas gramaticais latinas.
5. Coñecer a orixe e a evolución das linguas romances para valorar os trazos comúns e a diversidade lingüística como mostra da riqueza cultural dos pobos de Europa.
6. Utilizar as regras fundamentais de evolución fonética do latín ás linguas romances e identificar expresións latinas e palabras patrimoniais, cultas e semicultas en diferentes contextos lingüísticos.
7. Entender o significado do léxico común de orixe grecolatina da propia lingua e comprender vocabulario culto, científico e técnico a partir dos seus compoñentes etimolóxicos.
8. Reflexionar sobre os elementos formais e as estruturas lingüísticas das linguas romances coñecidas polo alumno, a través da comparación co latín, modelo de lingua flexiva.
9. Coñecer os aspectos máis relevantes da cultura e a civilización romanas, utilizando diversas fontes de información e diferentes soportes, para identificar e valorar a súa continuidade no noso patrimonio artístico, monumental, cultural e institucional.

2.3.- Contidos

Dentro do currículo os contidos son o conxunto de coñecementos, habilidades e destrezas que contribúen ó logro dos obxectivos da materia e da etapa educativa, así como á adquisición das competencias clave; son tamén os instrumentos para alcanzar os criterios de avaliación. No caso da materia Latín en cuarto de ESO os contidos organízanse en sete bloques, referidos tanto a cuestións lingüísticas como a temas culturais, xa que estes dous aspectos constitúen facetas inseparables e complementarias para o estudo da civilización latina e a comprensión da importancia do seu legado. Os sete bloques de contidos son os seguintes:

- Bloque 1. O LATÍN, ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES: os contidos deste bloque están orientados a facerlles coñecer ós alumnos cal foi a orixe, o desenvolvemento e o desenlace da lingua latina dende o núcleo orixinal indoeuropeo ata a actualidade, facendo fincapé no proceso de aparición e evolución das linguas romances, e na marcada influencia do latín nelas. Con este obxectivo prestarase atención especial ó estudo da conservación de elementos lingüísticos latinos nas linguas del derivadas e á análise dos procesos de evolución fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica. Aproveitarase para introducir tamén o tema do indoeuropeo e as súas familias lingüísticas. Os contidos ós que se prestará atención neste bloque serán estes:

- O marco xeográfico da lingua e a cultura latinas: Troia, o Mediterráneo, a extensión máxima do imperio e a perda de territorios.
- O concepto de familia lingüística e o indoeuropeo. Outras familias lingüísticas.
- A historia e a evolución da lingua latina dende o indoeuropeo ata a actualidade: latín arcaico, latín clásico e latín vulgar. A orixe das linguas romances. As linguas romances e non romances de España.
- A evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ó castelán e o galego. Palabras patrimoniais, cultas e semicultas.

.- **Bloque 2. ELEMENTOS BÁSICOS DO SISTEMA DA LINGUA LATINA:** os contidos deste bloque están orientados a facerlles coñecer ós alumnos diferentes cuestións relacionadas co alfabeto latino. Aproveitarase tamén para facer un estudo de distintos sistemas de escritura que existiron ó longo da historia. Os temas ós que se prestará atención neste bloque serán estes:

- Orixes e historia da escritura e dos sistemas para realizala.
- Orixes, características e evolución do alfabeto latino.
- As pronuncias do latín: pronuncia clásica e acentuación de palabras.
- O sistema fonético da lingua latina: as vogais, as consonantes e as súas realizacións.

.- **Bloque 3. MORFOLOXÍA:** os contidos deste bloque están orientados a facerlles coñecer ós alumnos os constituíntes das palabras e os mecanismos de flexión empregados pola lingua latina, os cales permiten que se establezan relacións entre diferentes elementos da oración. Os temas ós que se prestará atención neste bloque serán estes:

- O latín como lingua flexiva. Palabras variables e invariables. Os formantes das palabras.
- O concepto de declinación: accidentes gramaticais do nome. A flexión nominal e a pronominal. As cinco declinacións latinas: substantivos e adxectivos. Enunciados e paradigmas de substantivos e adxectivos.
- O concepto de conjugación: accidentes gramaticais do verbo. O sistema verbal latino: as catro conjugacións. O enunciado e os temas verbais. Os verbos regulares e o verbo *sum*. Formas persoais e non persoais (o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto). A voz activa: todos os tempos do modo indicativo. A voz pasiva: o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto do modo indicativo.

.- **Bloque 4. SINTAXE:** os contidos deste bloque están orientados a facerlles coñecer ós alumnos as funcións propias de cada caso, as estruturas oracionais e os elementos que definen as construcións máis características, introducindo progresivamente niveis de maior complexidade. Os temas ós que se prestará atención neste bloque serán estes:

- Os elementos da oración.
- Os casos latinos: os seus nomes e as funcións principais de cada un con e sen preposición. Tipos de modificadores.
- O concepto de concordancia: a concordancia entre os constituíntes da oración. Orde das palabras na oración.

- As oracións simples: atributivas e predicativas.
- As oracións compostas: as coordinadas e os seus nexos máis habituais, e as subordinadas completivas de infinitivo.
- As construcións de infinitivo e de participio máis transparentes.

.- Bloque 5. ROMA: HISTORIA, CULTURA E CIVILIZACIÓN: os contidos deste bloque están orientados a facerlles coñecer ós alumnos os feitos máis salientables na historia de Roma e os aspectos característicos da súa organización política e social, da súa vida cotiá e da súa mitoloxía, aspectos todos eles que contribuíron a forxar a identidade cultural dos romanos e a configurar o imaxinario occidental. As cuestións tratadas neste apartado serán estudadas sempre tendo en consideración a nosa realidade, o que permitirá establecer comparacións e contrastes coa tradición latina e comprobar o enriquecemento cultural experimentado pola civilización occidental a partir dela. Os temas ós que se prestará atención neste bloque serán estes:

- As diferentes etapas na historia de Roma e do seu imperio: dende as orixes troianas ata a desaparición do Imperio Romano de Oriente.
- A organización política e social da antiga Roma dende a fundación da cidade ata a caída do Imperio Romano de Occidente. As institucións.
- A familia romana.
- A mitoloxía e a relixión: deuses, heroes e criaturas principais da mitoloxía grecolatina, e mitos máis coñecidos nos que interveñen.
- A vida cotiá dos romanos: a vivenda, a alimentación, a indumentaria, a hixiene persoal e o coidado do aspecto.
- Os espectáculos públicos en Roma: teatro, circo e anfiteatro.

.- Bloque 6. TEXTOS: os contidos deste bloque están orientados a facerlles comprender ós alumnos que os textos latinos antigos son unha ferramenta útil para estudar a lingua latina no seu contexto real e indispensable para preparar esta materia. Saber analizar, comprender, traducir e comentar un texto permitiralles afondar nos seus coñecementos lingüísticos e culturais, xa que a unión entre lingua, literatura e contidos (neste caso relacionados coa civilización romana) é indisoluble. Como resulta evidente, os textos estarán adaptados cando sexa preciso e presentarán un grao de dificultade progresivo, paralelo ó avance na morfoloxía e a sintaxe. Os temas ós que se prestará atención neste bloque serán estes:

- Análise morfolóxica e sintáctica. Comparación das estruturas latinas coas da lingua propia.
- Iniciación ás técnicas de tradución directa.
- Iniciación ás técnicas de tradución inversa.
- Lectura comprensiva e comentario de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.
- Produción oral e escrita de textos propios breves en lingua latina.

.- **Bloque 7. LÉXICO:** os contidos deste bloque están orientados a facerlles comprender ós alumnos que o dominio dun vocabulario mínimo resulta imprescindible para avanzar no coñecemento de calquera lingua. Prestarase atención á etimoloxía, especialidade lingüística que permite poñer de manifesto a conservación das raíces latinas nas linguas modernas e axuda a mellorar a competencia na lingua propia, xa que permite precisar o significado de palabras xa coñecidas ou inferir o das descoñecidas. Tratarase tamén a cuestión da composición e a derivación cultas, para analizar varios lexemas, prefixos e sufixos de orixe grega e latina de alta produtividade na creación de léxico. Xunto con estes elementos estudaranse tamén unha serie de locucións latinas de uso actual, non só co obxectivo de coñecer o seu significado, senón tamén co de empregalas nun contexto adecuado. Os temas ós que se prestará atención neste bloque serán estes:

- Vocabulario latino básico: léxico transparente e de uso frecuente.
- Composición e derivación cultas. Identificación dos principais lexemas, prefixos e sufixos latinos empregados na composición e a derivación cultas. Análise da conservación destes elementos nas linguas do alumnado.
- Locucións latinas de uso actual máis habituais.

2.4.- Distribución temporal

2.4.1.- Primeira avaliación:

1. O concepto de familia lingüística e o indoeuropeo. Outras familias lingüísticas.
2. O marco xeográfico da lingua e cultura latinas: Troia, o Mediterráneo, a extensión máxima do imperio e a perda de territorios.
3. As diferentes etapas na historia de Roma e do seu imperio: dende as orixes troianas ata a desaparición do Imperio romano de Oriente.
4. A historia e a evolución da lingua latina dende o indoeuropeo ata a actualidade: latín arcaico, latín clásico e latín vulgar. A orixe das linguas romances. As linguas romances non romances de España.
5. Orixes e historia da escritura e dos sistemas para realizala.
6. Orixes, características e evolución do alfabeto latino.
7. As pronuncias do latín: pronuncia clásica e acentuación de palabras.
8. O sistema fonético da lingua latina: as vogais, as consoantes e as súas realizacións.
9. O latín como lingua flexiva. Palabras variables e invariables. Os formantes das palabras.
10. O concepto de declinación: accidentes gramaticais do nome. Enunciados e paradigmas de substantivos e adxectivos.
11. A primeira declinación.
12. O concepto de conxugación: accidentes gramaticais do verbo. O sistema verbal latino: as catro conxugacións. O enunciado e os temas verbais.

13. A conxugación de tempos verbais do modo indicativo na voz activa nas catro conxugacións (verbos regulares): presente, pretérito imperfecto e pretérito perfecto. A conxugación deses mesmos tempos do verbo *sum*.

14. Os casos latinos: os seus nomes e as funcións principais de cada un con e sen preposición. Tipos de modificadores.

15. Os elementos da oración. O concepto de concordancia: a concordancia entre os constituíntes da oración. A orde das palabras na oración.

16. As oracións simples: atributivas e predicativas.

17. As oracións compostas coordinadas: os seus nexos máis habituais.

18. Iniciación ás técnicas de tradución inversa.

2.4.2.- Segunda avaliación:

1. A familia romana.
2. A vida cotiá dos romanos: a vivenda.
3. Os espectáculos públicos en Roma: teatro, circo e anfiteatro.
4. A segunda declinación.
5. O adxectivo: introdución xeral e adxectivos de primeira clase.
6. A terceira declinación.
7. A flexión pronominal.
8. A conxugación de tempos verbais do modo indicativo na voz activa nas catro conxugacións (verbos regulares): pretérito pluscuamperfecto, futuro imperfecto e futuro perfecto. A conxugación deses mesmos tempos do verbo *sum*.

2.4.3.- Terceira avaliación:

1. A organización política e social da antiga Roma dende a fundación da cidade ata a caída do Imperio Romano de Occidente. As institucións.
2. A mitoloxía e a relixión: deuses, heroes e criaturas principais da mitoloxía grecolatina, e mitos máis coñecidos nos que interveñen.
3. A vida cotiá dos romanos: a alimentación, a indumentaria, a hixiene persoal e o coidado do aspecto.
4. A cuarta declinación.
5. A quinta declinación.
6. Os adxectivos de segunda clase.
7. A conxugación de tempos verbais na voz pasiva: o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo. A sintaxe da voz pasiva.

8. O infinitivo de presente activo e as súas construcións máis transparentes. As oracións compostas: as subordinadas completivas de infinitivo.
9. O participio de perfecto e as súas construcións máis transparentes.
10. Produción oral e escrita de textos propios breves en lingua latina.

2.4.4.- En todas as avaliacións:

1. A evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ó castelán e o galego. Palabras patrimoniais, cultas e semicultas.
2. Análise morfolóxica e sintáctica. Comparación das estruturas latinas coas da lingua propia.
3. Iniciación ás técnicas de tradución directa.
4. Lectura comprensiva e comentario de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.
5. Vocabulario latino básico: léxico transparente e de uso frecuente.
6. Composición e derivación cultas. Identificación dos principais lexemas, prefixos e sufixos latinos empregados na composición e a derivación cultas. Análise da conservación destes elementos nas linguas do alumnado.
7. Locucións latinas de uso actual máis habituais.

2.5.- Materiais e recursos didácticos

As actividades que poderíamos chamar cotiás, as que marcarán o día a día da materia, consistirán basicamente nas explicacións orais por parte do profesor, nos intercambios de opinións profesor-alumnos ou alumnos-alumnos e na resolución de exercicios por parte dos estudantes (exercicios prácticos preparados polo profesor sobre os contidos explicados, realización de traballos de investigación sinxelos individuais ou en grupo, exposicións orais destes e debates/comentarios/preguntas sobre o argumentado, elaboración de presentacións multimedia, etc.).

Para desenvolver estas actividades de acordo coa metodoloxía proposta no apartado correspondente, o profesor precisará contar na aula onde se imparta a materia cun equipo informático con altofalantes e conexión a Internet e a un proxector, co cal se poidan reproducir textos, esquemas, imaxes, mapas, presentacións dixitais, pequenos fragmentos de películas, documentais e cancións, páxinas web con recursos educativos interesantes, etc. Os alumnos precisarán un caderno para tomar as notas que estimen oportunas e realizar as tarefas encomendadas, así como unha conexión a Internet e un ordenador (ou dispositivo semellante: *tablet* ou *móbil*) nas súas casas para facer determinados traballos e exercicios que lles serán encargados. No caso de non dispoñer deste equipamento TIC nos seus fogares, terán a posibilidade de acceder a el na biblioteca ou nunha das aulas de informática do centro (previa solicitude). Para o desenvolvemento da materia non se usará ningún libro de texto, xa que o

profesor lles facilitará ós alumnos un libro de apuntamentos que deberán fotocopiar e os cadernos de actividades necesarios. De cando en vez e sempre que sexa posible, será preciso acudir á biblioteca do instituto para realizar investigacións sobre os temas propostos ou consultar dicionarios de mitoloxía, de lingua, enciclopedias temáticas, atlas, etc. Tamén se usará puntualmente, e sempre que sexa posible, a aula de informática para facer webquests ou participar en concursos en liña.

No caso de que os alumnos desexen facer consultas ou ampliar información sobre os temas abordados na aula, poderán recorrer, sempre baixo as orientacións do profesor, ós seguintes libros:

- ALBERICH, J. *et al.*, *Griegos y romanos*, Alhambra, Madrid, 1988.
- AMIEL, M., *Pompeya, la ciudad recuperada*, SM, Madrid, 1988.
- BESCÓS, M^a. V. e ROMERO, C., *Raíces clásicas del léxico científico*, Almadraza, Madrid, 2001.
- CAIRNS, T., *Los romanos y su imperio. Historia del mundo para jóvenes*, Akal/Cambridge, Madrid, 1990.
- CORBISHLEY, M., *¿Qué sabemos sobre los romanos?*, SM (colección Saber), Madrid, 1991.
- ESPINÓS, J. *et al.*, *Así vivían los romanos*, Anaya, Madrid, 1987.
- FERRO RUIBAL, X. *et al.*, *De onde a hoxe. Latín II*, Xerais, Vigo, 1991.
- GIBSON, M., *Deuses e heroes da mitoloxía grega*, Xerais, Vigo, 1986.
- GRIMAL, P., *Diccionario de mitología griega y romana*, Paidós, Barcelona, 1994.
- JAMES, S., *La antigua Roma*, Altea, Madrid, 1991.
- MARCO GASCÓ, R. *et al.*, *Latín 4º de ESO*, Santillana, Madrid, 2008.
- MUÑOZ, V. *et al.*, *Roma: siete aspectos de la cultura latina*, Teide, Barcelona, 1990.
- ULLOA FERNÁNDEZ, E., *Historia de Occidente, textos e documentos para a utilización na aula. A antigüidade clásica: sociedades escravistas*, Penta, A Coruña, 1993.
- USHER, K., *Heroes, deuses e emperadores da mitoloxía romana*, Xerais, Vigo, 1991.

2.6.- Plan de lectura e escritura do centro

Dende a materia Latín de cuarto de ESO, tendo en consideración o *Proxecto lector* do centro, intentaranse levar a cabo propostas de traballo onde xurdan procesos orientados á promoción da lectura e ó desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística. O tipo de enfoque que se lles dará a estas actividades basearase nos seguintes puntos:

.- Obxectivos:

- Fomentar e consolidar o hábito lector, e mellorar a competencia e a comprensión lectoras.
- Estimular o gusto por escribir e mellorar a competencia na escritura.
- Favorecer o correcto uso oral e escrito da lingua vernácula empregada habitualmente por cada alumno.
- Mellorar a expresión escrita, especialmente no que fai referencia á ortografía, á puntuación e ó uso dun léxico preciso e variado.
- Desenvolver as habilidades para usar, tratar e producir información.
- Contribuír á adquisición da competencia en comunicación lingüística.

.- Actividades:

- ✓ Verificación do dominio de técnicas lectoras: fluidez, comprensión e expresión.
- ✓ Lectura individual de materiais en silencio e debate sobre o seu contido.
- ✓ Lectura colectiva de materiais en voz alta e debate sobre o seu contido.
- ✓ Asunción de vocabulario específico.
- ✓ Busca e síntese de información.
- ✓ Identificación dos temas e das ideas principais e secundarias dos textos.
- ✓ Comentarios de textos, esquemas, gráficas, mapas, etc.
- ✓ Elaboración de pequenos resumos, redaccións ou traballos sobre a información que se analice.
- ✓ Corrección colectiva de erros detectados: ortografía, puntuación, léxico, sintaxe, presentación formal de escritos, etc.

.- Metodoloxía:

- Traballo con textos de diferentes tipos: descontinuos (imaxes con e sen texto, gráficas, esquemas, mapas, etc.) e continuos (narración, diálogo, descrición, exposición, argumentación, etc.).
- Uso: lectura silenciosa e en voz alta; lectura individual e colectiva.
- Produción: busca de materiais, lectura, comprensión, extracción de datos, reflexión sobre a forma e o contido, e expresión oral e escrita (comentarios, exposicións, debates, esquemas, resumos, redaccións e traballos).

.- Distribución temporal:

Independentemente das lecturas e traballos que se encomenden para realizar na casa, na aula dedicarase unha sesión ó mes a traballar os aspectos que se veñen de indicar.

.- Materiais:

- A traxedia grega *Prometeo encadeado* de Esquilo.
- Mapas, gráficas, esquemas e imaxes con e sen texto en formato papel e dixital, consultados na casa ou na aula a través dun equipo informático e un proxector.
- Capítulos e artigos de libros, de manuais, de xornais, de revistas especializadas como *Historia*, de cómics, de enciclopedias e de dicionarios, consultados na casa ou na aula (en formato papel e dixital).
- APOLODORO, *Biblioteca*, Gredos, Madrid, 1985 (pasaxes seleccionadas).
- ESTRABÓN, *Geografía*, Gredos, Madrid, 1991 (pasaxes seleccionadas).
- GRIMAL, P., *Diccionario de mitología griega y romana*, Paidós, Barcelona, 1994 (artigos seleccionados).
- HESÍODO, *Teogonía*, Gredos, Madrid, 1997 (pasaxes seleccionadas).
- JENKINS, I., *La vida cotidiana en Grecia y Roma*, Akal, Madrid, 1998 (capítulos escollidos).
- OVIDIO, *Metamorfosis*, Cátedra, Madrid, 1995 (pasaxes seleccionadas).
- VIRXILIO, *Eneida*, PPU, Barcelona, 1988 (pasaxes seleccionadas).

.- Avaliación:

Nos apartados 1.9.7.- *Criterios de cualificación* e 1.9.8.- *Criterios de corrección e puntuación de exercicios e probas* xa se fixo referencia ó peso que terán na avaliación cuestións como o respecto pola norma ortográfica, a corrección léxica e gramatical oral e escrita, a presentación estética dos escritos, o respecto polos prazos e os contidos en xeral.

2.7.- Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación son, xunto cos estándares de aprendizaxe avaliáveis, o referente específico para avaliar as aprendizaxes do alumnado. Os recollidos a continuación describen o que se pretende valorar e lograr dos alumnos na materia Latín de cuarto de ESO, tanto en relación cos coñecementos como en relación coas competencias. Presentaranse agrupados en bloques temáticos, para facelos coincidir e corresponder cos bloques de contidos establecidos máis arriba.

.- Bloque 1. O LATÍN, ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES. Criterios de avaliación:

- 1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua e a cultura latinas.
- 1.2. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa hoxe en día.
- 1.3. Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa.

- 1.4. Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa.
- 1.5. Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultas e semicultas.
- 1.6. Coñecer e aplicar as regras fundamentais da evolución fonética do latín ó galego e o castelán partindo de étimos latinos.

.- Bloque 2. ELEMENTOS BÁSICOS DO SISTEMA DA LINGUA LATINA. Criterios de avaliación:

- 2.1. Coñecer diferentes sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto.
- 2.2. Coñecer a orixe do alfabeto nas linguas modernas e identificar os tipos de alfabeto empregados hoxe en día en Europa.
- 2.3. Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas de pronuncia en latín.
- 2.4. Recoñecer o sistema de clasificación dos fonemas latinos e a realización correcta destes.

.- Bloque 3. MORFOLOXÍA. Criterios de avaliación:

- 3.1. Identificar e distinguir os formantes das palabras.
- 3.2. Distinguir e clasificar os tipos de palabras a partir do seu enunciado.
- 3.3. Comprender os conceptos de declinación e conxugación.
- 3.4. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente.
- 3.5. Coñecer as conxugacións, encadrar os verbos dentro da súa conxugación, enuncialos e conxugalos correctamente.
- 3.6. Recoñecer as formas dos tempos verbais conxugados a partir dos temas de presente e perfecto, tanto na voz activa (modo indicativo completo) como na pasiva (presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto de indicativo), incluíndo o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto.

.- Bloque 4. SINTAXE. Criterios de avaliación:

- 4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.
- 4.2. Coñecer os nomes dos casos latinos, identificar as funcións principais que realizan na oración e saber traducilos axeitadamente á lingua materna.
- 4.3. Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e o castelán.
- 4.4. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple.
- 4.5. Distinguir as oracións simples das compostas.
- 4.6. Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo e participio máis transparentes.

.- Bloque 5. ROMA: HISTORIA, CULTURA E CIVILIZACIÓN. Criterios de avaliación:

- 5.1. Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos.
- 5.2. Coñecer os trazos fundamentais da organización política e social de Roma.
- 5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados ós seus membros.
- 5.4. Coñecer os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina.
- 5.5. Coñecer os deuses, os mitos, os heroes e as lendas latinas principais, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.
- 5.6. Recoñecer os tipos de vivenda empregados en Roma, as características principais da alimentación romana, os elementos da indumentaria e as normas de hixiene persoal, peiteados e cosméticos.
- 5.7. Coñecer os espectáculos públicos realizados no teatro, no circo e no anfiteatro, e a súa relación co mundo actual.

.- Bloque 6. TEXTOS. Criterios de avaliación:

- 6.1. Aplicar os coñecementos básicos da morfoloxía e a sintaxe da lingua latina para iniciarse na interpretación, a tradución e a retroversión de frases de dificultade progresiva e textos adaptados.
- 6.2. Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias.
- 6.3. Utilizar correctamente manuais de gramática e o dicionario, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan.
- 6.4. Realizar a través dunha lectura comprensiva a análise e o comentario do contido e da estrutura de textos latinos traducidos.
- 6.5. Redactar en lingua latina pequenos textos de produción propia.
- 6.6. Facer pequenos coloquios en latín con frases sinxelas e de dificultade progresiva.

.- Bloque 7. LÉXICO. Criterios de avaliación:

- 7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia.
- 7.2. Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos e sufixos que interveñen na composición e na derivación cultas.
- 7.3. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas do alumnado.
- 7.4. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado.

2.8.- Estándares de aprendizaxe avaliáveis

Os estándares de aprendizaxe avaliáveis constitúen, xunto cos criterios de avaliación, o referente para avaliar as aprendizaxes do alumnado. Representan concrecións deses criterios de avaliación, as cales permiten definir os resultados de aprendizaxe e especificar o que os alumnos deben saber, comprender e saber facer en cada materia. Presentaranse a continuación os da materia Latín de cuarto de ESO agrupados por bloques temáticos, para facelos coincidir e corresponder cos bloques de contidos e os criterios de avaliación propios de cada bloque establecidos máis arriba. A carón de cada un indicárase o grao mínimo de consecución que se deberá acadar para superar a materia.

.- Bloque 1. O LATÍN, ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES. Estándares de aprendizaxe avaliáveis:

1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e colocando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica. Grao mínimo: sitúa nun mapa a orixe da civilización romana, a extensión máxima que ocupou en tempos do emperador Traxano, as principais provincias e cidades do imperio, as batallas máis transcendentales na historia do Imperio Romano, as mostras máis destacadas do patrimonio monumental romano e o espazo actualmente ocupado polas linguas romances.

1.2. Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias, e delimita nun mapa as zonas de orixe e expansión. Grao mínimo: explica que é o indoeuropeo, sabe situar nun mapa o xerme do latín e das principais ramas lingüísticas do indoeuropeo (o grego e as linguas celtas, eslavas, xermánicas, indo- iranianas e anatólicas), coloca nun mapa a zona de influencia das linguas europeas actuais máis importantes e remóntaa ás súas ramas orixinarias correspondentes.

1.3. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe as indoeuropeas das non indoeuropeas, clasificando as primeiras en ramas lingüísticas e delimitando nun mapa as zonas onde se utilizan. Grao mínimo: ver 1.2.

1.4. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances das non romances e localizando nun mapa as zonas onde se utilizan. Grao mínimo: coñece cales son as linguas faladas en España, sabe cales son romances e cales non, e é quen de situar nun mapa as zonas onde se falan.

1.5. Identifica e diferencia a partir do seu étimo latino palabras cultas, semicultas e patrimoniais. Grao mínimo: recoñece diversos graos de evolución nas palabras a partir do seu étimo latino e sabe distinguir unha palabra culta dunha patrimonial.

1.6. Realiza evolucións de termos latinos ó galego e o castelán, aplicando as regras de evolución fonética. Grao mínimo: aplica a étimos latinos as regras de evolución fonética máis importantes das vogais, as consoantes e os grupos consonánticos para obter palabras cultas e patrimoniais actuais.

.- Bloque 2. ELEMENTOS BÁSICOS DO SISTEMA DA LINGUA LATINA. Estándares de aprendizaxe avaliáveis:

2.1. Recoñece diferentes tipos de escritura e clasifícaaos segundo a súa natureza e a súa función. Grao mínimo: é quen de darlle nome ós sistemas de escritura máis empregados no mundo e de sinalar algún trazo característico deles.

2.2. Explica a orixe do alfabeto de distintas linguas partindo do abecedario latino, sinala as principais adaptacións que se producen en cada unha delas, recoñece os tipos de alfabeto usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan. Grao mínimo: coñece as modificacións básicas experimentadas polo alfabeto latino, especialmente durante a Idade Media, para acabar dando lugar ós alfabetos do castelán e o galego.

2.3. Le en voz alta textos latinos de certa extensión cunha pronuncia correcta. Grao mínimo: le con soltura e fluidez textos latinos empregando a pronuncia clásica ou *restituta*.

2.4. Clasifica os fonemas latinos axeitadamente e sabe describilos segundo o seu punto e o seu modo de articulación. Grao mínimo: clasifica axeitadamente os fonemas latinos.

.- Bloque 3. MORFOLOXÍA. Estándares de aprendizaxe avaliáveis:

3.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma. Grao mínimo: coñece o funcionamento dos temas verbais latinos e sabe analizar morfoloxicamente os tipos de palabras recollidos nos estándares 3.4, 3.5, 3.8 e 3.10, para identificar neles morfemas, desinencias e outros elementos implicados nos procedementos de declinación e conxugación da lingua latina.

3.2. Distingue as palabras variables das non variables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas. Grao mínimo: clasifica as palabras segundo a súa natureza morfolóxica e coñece as categorías gramaticais segundo as cales as palabras cambian de forma.

3.3. Define os conceptos de declinación e conxugación. Grao mínimo: sabe en que consisten os conceptos de declinación e conxugación, e coñece as categorías gramaticais relacionadas con cada un deles.

3.4. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándoos segundo a súa categoría e a súa declinación. Grao mínimo: recoñece a partir do seu enunciado substantivos, adxectivos e pronomes, e clasifícaaos segundo a declinación e o tema ós que pertencen.

3.5. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente a cada palabra o paradigma de flexión correspondente. Grao mínimo: sabe declinar substantivos da primeira, a segunda e a terceira declinación, e facer concordar con eles adxectivos de primeira e segunda clase e determinantes posesivos e demostrativos.

3.6. Identifica as conxugacións verbais latinas e clasifica verbos segundo a súa conxugación partindo do seu enunciado. Grao mínimo: sabe identificar a que conxugación pertence un verbo a partir do seu enunciado.

3.7. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación. Grao mínimo: coñece as formas

que compoñen o enunciado dos verbos e a partir destas sabe a que conxugación pertencen os verbos.

3.8. Identifica e conxuga correctamente os tempos construídos a partir de cada tema verbal latino: na voz activa, todos os tempos do modo indicativo, tanto os do tema de presente como os do tema de perfecto; na voz pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto do modo indicativo. Grao mínimo: coñece que tema verbal se debe empregar para conxugar os diferentes tempos do modo indicativo no sistema verbal latino; sabe conxugar todos os tempos verbais latinos do modo indicativo (tanto os do tema de presente como os do tema de perfecto) na voz activa e os tempos verbais presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto do modo indicativo na voz pasiva.

3.9. Cambia de voz as formas dos tempos verbais presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto do modo indicativo. Grao mínimo: é quen de cambiar de voz as formas verbais dos tempos presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto do modo indicativo.

3.10. Identifica formas non persoais do verbo, como o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto. Grao mínimo: sabe formar, identificar e clasificar o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto.

3.11. Traduce correctamente ó galego e o castelán diferentes formas verbais latinas. Grao mínimo: traduce á súa lingua vernácula as formas verbais recollidas nos estándares 3.8 e 3.10.

- Bloque 4. SINTAXE. Estándares de aprendizaxe avaliáveis:

4.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas diferentes palabras con flexión e explicando as funcións que realizan na oración. Grao mínimo: fai a análise morfolóxica de frases e textos sinxelos e aclara a función sintáctica de cada palabra.

4.2. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen nas flexións nominal e pronominal latina, e explica as súas principais funcións dentro da oración. Grao mínimo: coñece o nome dos casos latinos e as funcións básicas que desempeña cada un deles.

4.3. Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso. Grao mínimo: a partir dos textos latinos sabe verter á súa lingua de uso habitual as funcións básicas de cada caso latino.

4.4. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso. Grao mínimo: recoñece as regras de concordancia entre os diferentes elementos dunha oración latina e é quen de poñelas en práctica en exercicios variados.

4.5. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica as súas características. Grao mínimo: recoñece os diferentes tipos de oracións simples e xustifica as súas repostas.

4.6. Distingue as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, fai comparacións e clasificacións entre os diferentes tipos. Grao mínimo: diferencia unha oración simple dunha composta, clasifica as oracións compostas coordinadas nos seus diferentes tipos e recoñece as oracións compostas subordinadas completivas de infinitivo, argumentando en cada caso a súa escolla.

4.7. Recoñece, analiza e traduce correctamente, dentro de frases e textos sinxelos, as construcións de infinitivo e participio máis transparentes. Grao mínimo: analiza e traduce correctamente as construcións de infinitivo nas súas funcións de suxeito e obxecto directo, e a construción absoluta do participio de perfecto.

.- Bloque 5. ROMA: HISTORIA, CULTURA E CIVILIZACIÓN. Estándares de aprendizaxe avaliáveis:

5.1. Distingue as etapas da historia de Roma, explicando os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso dunhas a outras. Grao mínimo: coñece os feitos históricos máis salientables acontecidos en cada etapa da historia de Roma, así como aqueles que marcan a transición dunha etapa a outra.

5.2. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente. Grao mínimo: ver estándar 5.1.

5.3. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan feitos históricos relevantes, consultando diferentes fontes de información. Grao mínimo: elabora eixes cronolóxicos nos que introduce os feitos históricos máis relevantes relacionados coa historia de Roma e do seu imperio.

5.4. Describe algúns dos principais feitos históricos da civilización latina, e explica en liñas xerais as circunstancias en que teñen lugar e as súas principais consecuencias. Grao mínimo: explica algúns dos principais feitos históricos da civilización latina analizando as súas causas e as súas consecuencias.

5.5. Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano. Grao mínimo: explica as características básicas das formas de goberno que estiveron viventes na antiga Roma nos diferentes períodos da súa historia e as institucións máis importantes propias de cada unha delas.

5.6. Describe a organización da sociedade romana e explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, comparándoos cos actuais. Grao mínimo: coñece as clases sociais existentes na antiga Roma e as características básicas de cada unha delas.

5.7. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, analizando a través deles os estereotipos culturais da época comparándoos cos actuais. Grao mínimo: sabe e describe quen integraba a familia en Roma e que función tiña cada persoa dentro dela. Compara o rol da muller na antigüidade co seu rol na actualidade.

5.8. Identifica os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e os seus ámbitos de influencia, e establece relacións entre os deuses máis importantes. Grao mínimo: cita o nome grego e o latino dos deuses olímpicos e dos heroes máis famosos, e indica as súas esferas de influencia e os seus atributos; coñece a xenealoxía dalgúns destes personaxes.

5.9. Recoñece e ilustra con exemplos a conservación do acervo mitolóxico clásico e da figura do heroe na nosa cultura, sinalando as semellanzas e as principais diferenzas que se observan no tratamento deste material na antigüidade e na actualidade. Grao mínimo: identifica en elementos da nosa cultura a presenza de personaxes e temas da mitoloxía clásica, aporta os seus propios exemplos e sinala as semellanzas e as principais diferenzas no tratamento deste material na antigüidade e na actualidade.

5.10. Distingue e describe as características máis destacadas relacionadas coa vida cotiá dos romanos no ámbito privado, especialmente no que fai referencia á vivenda, a alimentación, a vestimenta, a hixiene persoal e o coidado do aspecto, contrastándoas coas da actualidade. Grao mínimo: coñece os tipos principais de vivendas empregadas polos romanos e as súas características básicas; sabe citar cando menos unha característica da alimentación, da vestimenta, da hixiene persoal e do coidado do aspecto (unha por ámbito) en relación co mundo romano.

5.11. Describe as características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valora o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun mapa os teatros, os circos e os anfiteatros máis importantes do antigo imperio romano. Grao mínimo: coñece o tipo de actividades que se celebraban nos circos, anfiteatros e teatros romanos, e cita exemplos singulares e representativos deste tipo de edificios conservados en lugares que antigamente pertenceron ó imperio romano.

.- Bloque 6. TEXTOS. Estándares de aprendizaxe avaliáveis:

6.1. Utiliza axeitadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases e textos adaptados de dificultade graduada para realizar correctamente a súa tradución directa ou inversa. Grao mínimo: sabe traducir á súa lingua materna textos de dificultade progresiva despois de facer unha correcta análise morfolóxica e sintáctica deles.

6.2. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de xeito global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece. Grao mínimo: deduce o tema ou o significado xenérico de diferentes textos a partir da interpretación das súas palabras clave, e é quen de recoñecer na súa lingua de uso habitual estruturas morfolóxicas e sintácticas propias da lingua latina.

6.3. Utiliza correctamente manuais de gramática e o dicionario ou un vocabulario facilitado, analizando e sabendo valorar a información que proporcionan para traducir pequenos textos. Grao mínimo: mostra un desempeño axeitado no manexo do dicionario ou dun vocabulario facilitado, especialmente á hora de escoller a acepción máis axeitada para traducir un texto dado.

6.4. Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias. Grao mínimo: mostra unha destreza mínima no comentario de textos dende a perspectiva cultural.

6.5. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, distinguindo as súas partes e localizando o tema principal. Grao mínimo: é quen de analizar un texto e de identificar o seu tema principal e as partes en que se divide.

6.6. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín a partir dun tema proposto. Grao mínimo: escribe frases sinxelas en latín relacionadas cun tema concreto.

6.7. Mantén un sinxelo diálogo en latín a partir dun tema previamente acordado. Grao mínimo: é quen de reproducir oralmente palabras ou frases curtas en latín relacionadas cun tema determinado.

.- Bloque 7. LÉXICO. Estándares de aprendizaxe avaliáveis:

7.1. Deduce o significado de palabras latinas non estudadas anteriormente a partir da súa propia lingua ou do contexto. Grao mínimo: deduce o significado de palabras latinas descoñecidas a partir da súa propia lingua ou do contexto.

7.2. Identifica e explica palabras transparentes de alta frecuencia. Grao mínimo: coñece o significado de vinte elementos de léxico latinos (lexemas, prefixos e sufixos) de entre os de maior frecuencia nas oracións e textos.

7.3. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos de orixe latina, analizando a súa conservación na lingua propia. Grao mínimo: explica o significado dos principais prefixos e sufixos de orixe latina e identifica a súa presenza en termos da lingua propia.

7.4. Identifica a etimoloxía e explica a partir desta o significado de palabras do léxico común da lingua propia. Grao mínimo: deduce o significado de palabras da súa lingua habitual a partir dos seus étimos latinos.

7.5. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas nun contexto axeitado na súa lingua de uso habitual. Grao mínimo: coñece o significado de cinco locucións latinas de uso actual e sabe empregalas nun contexto axeitado na súa lingua de uso habitual.

A continuación, na táboa que se recolle nas páxinas seguintes especificarase para cada estándar de aprendizaxe avaliábel (columna I) o criterio de avaliación do que é concreción (columna II), o momento do curso no que se aplicará (columna III), as competencias clave coas que se relaciona (columna IV) e os procedementos e instrumentos de avaliación que se empregarán para aplicalo (columna V). As avaliacións introducíranse na táboa mediante as indicacións "1ª" (1ª avaliación), "2ª" (2ª avaliación), "3ª" (3ª avaliación) e "TC" (todo o curso). Pola súa banda, as competencias clave aparecerán recollidas segundo as siglas que xa se empregan xeralmente para abreviar a súa denominación:

- Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Competencia para aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Competencia para o sentido de iniciativa e o espírito emprendedor (CSIEE).
- Competencia para a conciencia e as expresións culturais (CCEC).

Xa por último, os procedementos e instrumentos de avaliación introducíranse mediante as seguintes claves:

- ✓ Análise e comentario de textos (ACT).
- ✓ Busca de información en Internet (BIE).
- ✓ Controis de lectura (CL).
- ✓ Controis de morfoloxía (CM).
- ✓ Corrección nas respostas (CR).
- ✓ Descomposición de palabras (DP).
- ✓ Elaboración de presentacións multimedia (PM).
- ✓ Encrucillados (E).
- ✓ Exames (Ex).
- ✓ Exercicios con eixes cronolóxicos (EEC).
- ✓ Exercicios con imaxes (EI).
- ✓ Exercicios con mapas (EM).
- ✓ Exercicios de análise morfolóxica (EAM).
- ✓ Exercicios de análise sintáctica (EAS).
- ✓ Exercicios de concordancia (EC).
- ✓ Exercicios de conxugación (ECx).
- ✓ Exercicios de declinación (ED).
- ✓ Exercicios de definición etimolóxica (EDE).
- ✓ Exercicios de evolución fonética (EEF).
- ✓ Exercicios de pronunciación (EP).
- ✓ Exercicios de relación (ER).
- ✓ Exposicións orais (EO).
- ✓ Ficha persoal do alumno (FP).
- ✓ Intercambios orais na aula (IOA).
- ✓ Observación directa na aula (OD).
- ✓ Proxección de seccións dun documental (PD).
- ✓ Redaccións (R).
- ✓ Resposta curta a preguntas (RCP).
- ✓ Sopas de letras (SL).
- ✓ Técnica de aprendizaxe cooperativa (TAC).
- ✓ Traballos de investigación (TI).
- ✓ Tradución inversa de oracións (TIn).
- ✓ Traducións directa de textos e oracións (T).

I	II	III	IV	V
1.1	1.1	1ª	CMCCT CD CAA CSC CCEC	ACT, BIE, EM, E, SL, ER, R, RCP, PD, Ex, IOA, OD, CR, FP
1.2	1.2	1ª	CMCCT CD CAA	ACT, BIE, EM, E, SL, ER, R, RCP, PD, Ex, IOA, OD, CR, FP
1.3	1.3	1ª	CD CAA CSC	ACT, BIE, EM, E, SL, ER, R, RCP, PD, Ex, IOA, OD, CR, FP
1.4	1.4	1ª	CD CAA CSC	ACT, BIE, EM, E, SL, R, RCP, Ex, IOA, OD, CR, FP
1.5	1.5	TC	CCL CAA	ER, EDE, EEF, Ex, IOA, OD, CR, FP

1.6	1.6	TC	CCL CAA	ER, EDE, EEF, Ex, IOA, OD, CR, FP
2.1	2.1	1 ^a	CD CCEC	ACT, BIE, EI, ER, RCP, PD, Ex, IOA, OD, CR, FP
2.2	2.2	1 ^a	CD CAA	ACT, BIE, EI, ER, RCP, Ex, IOA, OD, CR, FP
2.3	2.3	TC	CCL	CL, EP, ER, IOA, OD, CR, FP
2.4	2.4	1 ^a	CCL	EP, ER, IOA, OD, CR, FP

I	II	III	IV	V
3.1	3.1	TC	CCL CMCCT	ACT, DP, EAM, T, Ex, IOA, OD, CR, FP
3.2	3.2	1 ^a	CCL CAA	ACT, EAM, IOA, OD, CR, FP
3.3	3.3	1 ^a	CCL CAA	IOA, OD, CR, FP
3.4	3.4	TC	CCL CD	ACT, ED, EC, EAM, CM, Ex, IOA, OD, CR, FP
3.5	3.4	TC	CCL CAA	ED, EC, ER, SL, CM, Ex, IOA, OD, CR, FP
3.6	3.5	TC	CCL CAA	ACT, DP, EAM, CM, T, EX, IOA, OD, CR, FP
3.7	3.5	TC	CCL CAA	ACT, DP, EAM, CM, T, Ex, IOA, OD, CR, FP
3.8	3.6	TC	CCL CAA	ECx, CM, Ex, IOA, OD, CR, FP
3.9	3.6	3 ^a	CCL CD	ECx, CM, Ex, IOA, OD, CR, FP
3.10	3.6	3 ^a	CCL CAA	ACT, EAM, CM, T, Ex, IOA, OD, CR, FP
3.11	3.6	TC	CCL	ACT, EAS, T, Ex, IOA, OD, CR, FP
4.1	4.1	TC	CMCCT	ACT, EAM, EAS, CM, T, Ex, IOA, OD, CR, FP
4.2	4.2	1 ^a	CCL CAA	ACT, ED, EC, EAM, EAS, CM, T, Ex, IOA, OD, CR, FP

4.3	4.2	TC	CCL	ACT, EAS, T, TIn, Ex, IOA, OD, CR, FP
4.4	4.3	TC	CCL	ACT, EAS, T, TIn, Ex, IOA, OD, CR, FP
4.5	4.4	TC	CCL CMCCT CAA	ACT, EAS, T, Ex, IOA, OD, CR, FP
4.6	4.5	TC	CCL CMCCT CAA	ACT, EAS, T, Ex, IOA, OD, CR, FP
4.7	4.6	3 ^a	CCL	ACT, EAM, EAS, T, Ex, IOA, OD, CR, FP
5.1	5.1	1 ^a , 3 ^a	CD CSC CSIEE	PD, ACT, BIE, EEC, E, SL, ER, R, RCP, Ex, IOA, OD, CR, FP
5.2	5.1	1 ^a , 3 ^a	CAA CSC CCEC	PD, ACT, BIE, EEC, ER, R, RCP, Ex, IOA, OD, CR, FP

I	II	III	IV	V
5.3	5.1	1 ^a , 3 ^a	CMCCT CD CAA	PD, ACT, BIE, EEC, IOA, OD, CR, FP
5.4	5.1	1 ^a , 3 ^a	CCL CSC CCEC	PD, ACT, BIE, R, RCP, Ex, IOA, OD, CR, FP
5.5	5.2	3 ^a	CCL CSC CSIEE	PD, ACT, BIE, ER, R, RCP, TAC, Ex, IOA, OD, CR, FP
5.6	5.2	3 ^a	CCL CSC CSIEE CCEC	ACT, BIE, ER, RCP, Ex, IOA, OD, CR, FP
5.7	5.3	2 ^a	CCL CSC CCEC	ACT, BIE, SL, RCP, Ex, IOA, OD, CR, FP
			CCL CD	ACT, BIE, EI, ER, TI, PM, EO, R, RCP, Ex, IOA,

5.8	5.4	3 ^a	CCEC	OD, CR, FP
5.9	5.5	3 ^a	CD CAA CCEC	ACT, BIE, EI, ER, TI, PM, EO, R, RCP, Ex, IOA, OD, CR, FP
5.10	5.6	2 ^a , 3 ^a	CCL CD CAA CSC CSIEE CCEC	PD, ACT, BIE, EI, E, SL, ER, RCP, Ex, IOA, OD, CR, FP
5.11	5.7	2 ^a	CCL CMCCT CSC CSIEE CCEC	PD, ACT, BIE, EM, RCP, Ex, IOA, OD, CR, FP
6.1	6.1	TC	CCL CAA	ACT, EAM, EAS, T, TIn, Ex, IOA, OD, CR, FP
6.2	6.2	TC	CCL CAA	ACT, EAS, T, Ex, IOA, OD, CR, FP
6.3	6.3	TC	CCL CAA	ACT, EAM, T, Ex, IOA, OD, CR, FP
6.4	6.4	TC	CCL CCEC	ACT, T, IOA, OD, CR, FP
6.5	6.4	TC	CCL CMCCT CD	ACT, T, IOA, OD, CR, FP
6.6	6.5	3 ^a	CCL	BIE, RCP, TIn, IOA, OD, CR, FP
6.7	6.6	3 ^a	CCL	BIE, EO, RCP, IOA, OD, CR, FP

I	II	III	IV	V
7.1	7.1	TC	CCL CAA	ACT, DP, EDE, ER, IOA, OD, CR, FP
7.2	7.1	TC	CD CAA	ACT, DP, EDE, ER, T, Ex, IOA, OD, CR, FP
7.3	7.2	TC	CCL CMCCT	ACT, DP, EDE, ER, Ex, IOA, OD, CR, FP
7.4	7.3	TC	CCL	ACT, DP, EDE, ER, T, IOA, OD, CR, FP

7.5	7.4	TC	CCL CD CSC CCEC	ACT, EDE, ER, T, Ex, IOA, OD, CR, FP

2.9.- Contribución da materia ó desenvolvemento das competencias clave

As competencias son as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada materia e etapa educativa, co fin de realizar actividades adecuadamente e resolver problemas complexos de xeito eficaz. Supoñen a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e relacionados co comportamento, que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. As competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para exercer a cidadanía activa, integrarse socialmente e desempeñar un posto de traballo. A lexislación vixente establece nos currículos as seguintes competencias clave:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- c) Competencia dixital (CD).
- d) Competencia para aprender a aprender (CAA).
- e) Competencias sociais e cívicas (CSC).
- f) Competencia para o sentido de iniciativa e o espírito emprendedor (CSIEE).
- g) Competencia para a conciencia e as expresións culturais (CCEC).

A continuación indícase que medidas se tomarán dende este Departamento para que a materia Latín de cuarto de ESO contribúa ó desenvolvemento das competencias clave. Ademais, dado que estas están conectadas cos estándares de aprendizaxe avaliábelles como elementos útiles para graduar o rendemento en cada unha delas, recolléranse tamén para todas elas os estándares que forman parte do seu perfil.

a) Competencia en comunicación lingüística: como resulta evidente pola propia natureza da materia Latín de cuarto de ESO, esta é a competencia á que máis achegas se poderán facer. O estudo da orixe e a evolución desta lingua, da súa fonética, do seu funcionamento interno (morfoloxía e sintaxe), do seu léxico e dos seus textos proporcionaralles ós alumnos unha sólida base para un mellor coñecemento e dominio tanto das linguas propias como doutras linguas. Os contidos teóricos estritamente lingüísticos introducíranos na estrutura interna do latín, unha

lingua con flexión nominal, con catro conxugacións, cunha sintaxe flexible e complexa, cun léxico extensísimo e cuns procedementos de formación de palabras (composición e derivación) moi explotados.

Trátase dun tipo lingüístico bastante distinto do das nosas propias linguas, que esixe a quen o estuda unha renovación fonda dos seus hábitos mentais. O seu coñecemento contribuirá a fomentar nos alumnos a reflexión sobre a existencia de modelos lingüísticos moi variados, cada un dotado das súas peculiaridades. A comparación constante con outras linguas (grego, castelán, galego, inglés, francés, etc.) permitirá sinalar as semellanzas e diferenzas existentes entre elas en canto ás categorías gramaticais, e evidenciará o papel relevante desta materia como soporte lingüístico para a maioría dos idiomas e como ferramenta de axuda para comprender o léxico culto, científico e técnico das linguas da nosa contorna. Para isto será un pilar o estudo de latinismos, locucións latinas, lexemas, prefixos e sufixos, pero tamén o será para que os estudantes aumenten o seu vocabulario e sexan conscientes de cales son os constituíntes que interveñen na formación das palabras e como se usan.

Os contidos de carácter non lingüístico tamén permitirán facer achegas a esta competencia, xa que serán abordados dende a perspectiva da oralidade e dende a da expresión escrita. Daráselle un peso moi importante á lectura como vía privilexiada que facilita o acceso ó coñecemento, incidindo sobre a lectura comprensiva: todos os temas culturais iniciaranse coa lectura colectiva e o comentario en voz alta dun texto; na casa e na aula os alumnos deberán facer lecturas individuais en silencio; terán que buscar información en Internet moi frecuentemente, analizala e traballala, identificando temas e ideas principais e secundarias; de xeito obrigatorio haberán de ler, cando menos, unha traxedia ou unha comedia clásica por trimestre. A expresión oral reforzase coa exposición de traballos, con debates e cos intercambios de opinión profesor-alumnos e alumnos-alumnos, que serán constantes. Todas estas actividades aportarán o seu gran de area á alfabetización múltiple dos alumnos, dado que se empregarán textos:

- en diferentes soportes: papel e dixital;
- con formatos variados (lectura multimodal): libros enteiros, capítulos e artigos de libros, de manuais, de xornais, de revistas especializadas, de cómics, de enciclopedias, de dicionarios, atlas, etc.;
- e de distintos tipos: continuos (narración, diálogo, descrición, exposición, argumentación, etc.) e descontinuos (imaxes con e sen texto, gráficas, esquemas, mapas, sopas de letras, encrucillados, etc.).

Será importante o acceso a formas e contidos textuais probablemente non coñecidos anteriormente polos alumnos (traxedias ou comedias clásicas), o que lles esixirá aprender a expresar novos conceptos dun xeito ordenado.

A perspectiva da expresión escrita traballarase a través das seguintes actividades que os alumnos deberán realizar periodicamente: respostas curtas a preguntas, resumos, redaccións, traballos de investigación, presentacións multimedia, etc. Estes exercicios aproveitaranse para reforzar a dimensión ortográfica, xa que os erros cometidos nas tarefas serán comentados e corrixidos en voz alta na aula, para que deste xeito mellore a competencia ortográfica de todo o grupo e se

poidan emendar fallos comúns.

Xa por último, comprender que é unha familia lingüística como a indoeuropea (a menor escala, o latín e as linguas romances) e as evolucións que experimenta axudará a que os estudantes adquiren un vocabulario pasivo e activo máis amplo, así como a que sexan conscientes de que algunhas linguas poden ser a chave para aprender outras.

En canto ós estándares de aprendizaxe avaliábeles que están relacionados co perfil desta competencia estes son os seguintes: 1.5, 1.6, 2.3, 2.4, 3.1, 3.2, 3.3, 3.4, 3.5, 3.6, 3.7, 3.8, 3.9, 3.10, 3.11, 4.2, 4.3, 4.4, 4.5, 4.6, 4.7, 5.4, 5.5, 5.6, 5.7, 5.8, 5.10, 5.11, 6.1, 6.2, 6.3, 6.4, 6.5, 6.6, 6.7, 7.1, 7.3, 7.4 e 7.5.

b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía: o desenvolvemento desta competencia esixiralles ós alumnos a adopción de condutas e decisións persoais estreitamente relacionadas coa capacidade crítica e a visión razoada e razoable das persoas, sempre co obxectivo último de mellorar o benestar social. Unha visión global da xeografía e a historia de Roma levará o alumnado a entender os procesos de cambio dende o mundo antigo ata a actualidade como fenómenos complexos debidos á interacción de factores moi diversos. Unha vez desenmarañados eses fenómenos grazas ó razoamento lóxico e o rigor científico, contará coa capacidade para a través de modelos matemáticos describir e predicir futuros cambios.

Serán moitos os contidos da materia Latín de cuarto de ESO que contribuirán a mellorar a formación científica dos alumnos, e a fomentar neles, a partir de xuízos críticos sobre feitos do pasado e do presente, a necesidade de preservar e aumentar as riquezas do noso planeta: os temas sobre a xeografía e a historia permitirannos falar sobre os tipos de volcáns e a transcendente incidencia destes na civilización romana; o estudo dos mitos facilitará o coñecemento de corpos celestes cuxos nomes derivan de personaxes da mitoloxía clásica; o tema dedicado á arquitectura das vivendas dos romanos contribuirá a estimular a necesidade de buscar un modelo de desenvolvemento sostible e a eficiencia enerxética; o apartado relacionado cos escravos e as súas actividades, en concreto a minaría, dentro do tema dedicado ás clases sociais axudará a facerse unha idea sobre como os romanos explotaban os recursos da terra e como en moitas ocasións as súas actuacións danaban o medio.

Dende unha perspectiva xa máis práctica, os exercicios co sistema de numeración romano axudarán a reforzar as habilidades dos alumnos cos números, as cantidades, e as operacións e as representacións matemáticas. Ademais, as tarefas de realización e interpretación de táboas, imaxes, esquemas, gráficas, eixes cronolóxicos e mapas conceptuais e estruturais facilitarán o achegamento a diferentes xeitos de codificar e descodificar información, así como unha iniciación a un uso correcto da linguaxe científica. A elaboración e a lectura de mapas e planos permitirán repasar as nocións de espazo e forma: posicións, coordenadas, direccións e representacións dos obxectos. A clasificación das oracións simples e compostas en diferentes categorías, a descomposición de palabras nos seus formantes e a análise morfosintáctica de

textos posibilitarán a práctica do método analítico científico e da posta en escena da técnica ensaio-erro. A asimilación dunha serie de elementos de léxico latino incrementará a capacidade dos alumnos para interpretar termos de linguaxe técnica e científica.

En canto ós estándares de aprendizaxe avaliábeles que están relacionados co perfil desta competencia estes son os seguintes: 1.1, 1.2, 3.1, 4.1, 4.5, 4.6, 5.3, 5.11, 6.5 e 7.3.

c) Competencia dixital: polos seus contidos a materia Latín de cuarto de ESO non está moi relacionada coa competencia dixital, pero si o estará pola súa metodoloxía. As clases serán impartidas en moitas ocasións cun ordenador e un proxector, a través dos cales se presentarán na aula diferentes materiais como apoio das explicacións do profesor: fragmentos de películas, documentais e cancións, imaxes, textos, esquemas, gráficas, mapas, presentacións, etc. Deste xeito os alumnos poderán coñecer o potencial das TIC como ferramentas para transmitir e compartir información. A isto contribuirá tamén o uso da páxina web e da aula virtual do centro, do correo electrónico, que servirán como instrumentos para intercambiar materiais entre o profesor e os alumnos, e para formular preguntas ou resolver dúbidas. No caso de que algún alumno non teña ou non saiba utilizar unha conta de correo electrónico, recibirá a asistencia necesaria para solucionar este problema.

Pero nesta liña da comunicación os alumnos non só serán "consumidores", senón que tamén terán que producir información. Deberán realizar na aula diante de todos os compañeiros exposicións orais acompañadas de presentacións multimedia, para cuxa preparación poderán utilizar recursos dixitais variados: ferramentas de creación/edición de son ou vídeo, paquetes ofimáticos, imaxes, etc.

Por outra banda, ó longo de todo o curso haberán de facer con frecuencia unha serie de actividades para as cales non se lles facilitará ningunha información, senón que esta deberá ser obtida por eles buscándoa en Internet. O profesor indicarlles determinadas páxinas web, wikis, foros, revistas dixitais, etc. onde procurala, pero serán eles quen a atopen. Facilitaráselles deste xeito coñecer distintas maneiras de compartir contidos, normativas sobre dereitos de autor e procedementos de busca, contraste, selección e tratamento de información, xa que se valorará de xeito especial o rigor na resposta. Moi relevante neste sentido será a participación dos alumnos no concurso *Odisea 2023*, unha actividade de resolución de preguntas en liña en competencia con outros estudantes de España, na que son fundamentais a exactitude e a rapidez na contestación das cuestións. Por tal motivo, antes de que se inicie a actividade, os alumnos recibirán do profesor formación sobre navegadores web, motores de busca, bases de datos, *keywords*, etc.

Básico á hora de utilizar as TIC resulta poñer en práctica unha serie de precaucións e medidas de seguridade elementais, co fin de reducir á mínima expresión os riscos derivados do seu uso. Estas serán recordadas periodicamente.

Se algún alumno non ten no seu fogar o equipamento necesario para realizar as tarefas que se veñen de describir neste apartado, durante os recreos poderá facer uso baixo a supervisión do profesor da aula de informática do centro ou dos ordenadores da biblioteca.

En canto ós estándares de aprendizaxe avaliábeis que están máis directamente relacionados co perfil desta competencia estes son os seguintes: 1.1, 1.2, 1.3, 1.4, 2.1, 2.2, 3.4, 3.9, 5.1, 5.3, 5.8, 5.9, 5.10, 6.5, 7.2 e 7.5.

d) Competencia para aprender a aprender: a medida principal para favorecer o desenvolvemento desta competencia será a posta en práctica na aula dunha estratexia metodolóxica motivacional, grazas á cal o alumno se poida sentir protagonista do seu propio proceso de formación e interesado en seguir aprendendo. Tentarase conseguir isto a través das seguintes actividades: todos os temas de cultura comezarán coa lectura e o comentario dun texto, despois dos cales haberá un coloquio no que os alumnos poderán debater as súas ideas e compartir os seus coñecementos ó respecto co profesor e o resto de compañeiros; as referencias constantes á nosa realidade e ás nosas linguas, e á presenza nelas de elementos herdados da civilización romana permitirán vincular ese legado a situacións cotiás para eles (lingüísticas e extralingüísticas); as exposicións orais faranos sentir verdadeiros docentes, xa que deberán expoñerlles ós seus compañeiros contidos non traballados na aula e responder ás súas preguntas; os exercicios de busca de información sobre cuestións non explicadas esixiranlles autonomía e iniciativa para realízalos e organizar a súa propia estratexia, algo ó que tamén os levará o comentario de textos a partir dos coñecementos xa adquiridos; o labor de análise morfosintáctica e tradución non só constituirá por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que tamén estimulará a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de disciplina no estudo, mellorando o razoamento; a evolución de palabras do latín ó castelán e o galego, a descomposición de palabras nos seus formantes e a busca doutras con eses compoñentes en linguas diferentes, así como a dedución do contido global dos textos favorecerán a capacidade de abstracción. Todas estas son vías que procurarán espertar no alumnado a curiosidade e o interese por seguir aprendendo.

Outro factor que na nosa opinión pode contribuír a mellorar a motivación do alumnado é deixarlle tomar parte no proceso de avaliación. Ó remate de cada trimestre seralles entregada unha enquisa, coa cal poderán valorar a materia e a práctica do profesor, pero tamén as súas habilidades en aspectos como a elaboración de esquemas e resumos, a busca e o tratamento de información, a destreza para falar en público, etc. Isto permitiranos modificar o proceso de ensinanza-aprendizaxe, se é necesario, e axudar ós alumnos a autorregularse naqueles aspectos en que o precisen, co fin de que poidan modificar o seu método de traballo para obter mellores resultados.

Por outra banda, consideramos importante tamén impulsar a cooperación en parellas e grupos, xa que deste xeito o alumnado pode observar como se desenvolven outras persoas da súa mesma condición e perfeccionar o seu propio proceso de aprendizaxe incorporando mecanismos empregados por compañeiros que considere válidos.

En canto ós estándares de aprendizaxe avaliábeis que están relacionados co perfil desta competencia estes son os seguintes: 1.1, 1.2, 1.3, 1.4, 1.5, 1.6, 2.2, 3.2, 3.3, 3.5, 3.6, 3.7, 3.8, 3.10, 4.2, 4.5, 4.6, 5.2, 5.3, 5.9, 5.10, 6.1, 6.2, 6.3, 7.1 e 7.2.

e) Competencias sociais e cívicas: as civilizacións grega e romana eran tremendamente avanzadas no que se refire á ciencia e a técnica, pero, en comparación coa nosa realidade, tremendamente atrasadas no eido social. Nunha Europa como a actual, diversa pero unida en moitos aspectos pola herdanza das civilizacións grega e romana, estas constituíron dende sempre un referente histórico á hora de falar da organización e da participación social dos cidadáns no espazo público. O estudo da vida cotiá, das formas de lecer e das institucións políticas, xudiciais, sociais e familiares, e da súa evolución histórica permitiralles ós alumnos observar como se artellaba este sistema, pero tamén deixará aflorar as enormes desigualdades que había entre os individuos e entre os grupos ós que estes pertencían. O contraste entre os dereitos e deberes dos antigos romanos e aqueles dos que hoxe gozamos abriralles os ollos ante os problemas sociais do seu contorno e favorecerá unha reacción crítica e a toma de decisións ante calquera forma de discriminación: pola diferenza de sexos, pola orientación sexual, pola tendencia relixiosa, pola pertenza a un grupo social ou étnico determinado, etc. Deste xeito os alumnos serán animados a valorar positivamente a participación social e democrática, que se deberá exercer a través da solidariedade, do diálogo construtivo, da negociación, da consideración mutua e da aplicación de normas iguais para todos como instrumentos válidos na resolución de conflitos. Os diferentes traballos en parellas e grupos que realizarán os estudantes impulsarán valores relacionados cos anteriores, como o respecto pola diferenza de criterios e a liberdade de expresión.

De acordo co anterior, para que as civilizacións progresen, é preciso que conten cun bo entorno social, pero tamén que os cidadáns que as integran gocen dun benestar persoal. Os temas relacionados coa hixiene, a alimentación, a indumentaria e o coidado do aspecto en Roma servirán para propoñerlles ós alumnos hábitos de vida e consumo saudables, grazas ós cales poderán acadar un mellor estado de saúde física e mental.

En canto ós estándares de aprendizaxe avaliábeis que están relacionados co perfil desta competencia estes son os seguintes: 1.1, 1.3, 1.4, 5.1, 5.2, 5.4, 5.5, 5.6, 5.7, 5.10, 5.11 e 7.5.

f) Competencia para o sentido de iniciativa e o espírito emprendedor: contribuirán a esta competencia tanto as actividades prácticas que se levarán a cabo como os contidos teóricos da materia. Os debates, os comentarios de textos e as exposicións orais individuais ofreceranlles ós alumnos a posibilidade de comunicar ante un público, de valorar as opinións dos compañeiros, de analizar preguntas, de planificar respostas e de defender as ideas propias, todo isto en tempo real, o cal lles axudará a gañar confianza en si mesmos. Os traballos en parellas e grupos permitiránlles desenvolver capacidades como a de organización, a de distribución de tarefas, a de liderado e delegación, a de toma de decisións e a de pensamento crítico. O interese na materia e o esforzo posto en superala serán factores que se terán en conta á hora da avaliación da materia e que, polo tanto, reforzarán esta competencia.

Dende o punto de vista dos contidos o estudo das formas de lecer en Roma e das clases sociais, da súa evolución ó longo dos séculos e dos traballos que desempeñaba cada unha daralle ó alumnado unha idea sobre: os oficios e as profesións na antigüidade, as posibilidades de sobrevivir autonomamente, as condicións nas que se realizaba e se accedía ó traballo, os dereitos dos empregados, quen era "a patronal", etc. O contraste coa nosa realidade axudaralle a adquirir un coñecemento elemental da organización xeral do mundo social e laboral na actualidade.

En canto ós estándares de aprendizaxe avaliáveis que están relacionados co perfil desta competencia estes son os seguintes: 5.1, 5.5, 5.6, 5.10 e 5.11.

g) Competencia para a conciencia e as expresións culturais: a materia Latín de cuarto de ESO contribuirá ó desenvolvemento desta competencia fomentando nos alumnos o interese por coñecer, estudar e comprender os principais autores e obras do patrimonio cultural, artístico e monumental da civilización romana en diferentes períodos históricos. Saberán deste xeito os factores que interveñen na formación da identidade colectiva dun pobo e cales do pasado latino se manteñen no noso presente, transformados ou sen transformar, podendo así valoralos con espírito crítico. Os contidos a través dos que se procurará acadar este obxectivo serán: a historia de Roma e da súa expansión xeográfica, a historia dos sistemas de escritura, as clases sociais, as competicións deportivas, as formas de lecer, a mitoloxía, a arquitectura das vivendas, etc. Estes temas servirán tamén para espertar neles o desexo de gozar das manifestacións artísticas e os monumentos, e o interese por consideralos parte da riqueza e do patrimonio dos pobos. Neste sentido insistirase na necesidade de conservar o patrimonio cultural, artístico e monumental do noso legado, pero tamén na de considerar na medida que merecen as manifestacións doutras culturas.

Por outra banda, os comentarios de textos, os traballos de mitoloxía, os exercicios con imaxes, mapas conceptuais e eixes cronolóxicos, as redaccións, os traballos de investigación e outros similares estimularán a imaxinación dos alumnos, a súa vontade de participar na vida cultural, a súa intención de comunicar ideas e emocións propias, e a súa capacidade estética e creativa.

En canto ós estándares de aprendizaxe avaliáveis que están relacionados co perfil desta competencia estes son os seguintes: 1.1, 2.1, 5.2, 5.4, 5.6, 5.7, 5.8, 5.9, 5.10, 5.11, 6.4 e 7.5.

2.10.- Avaliación final de ESO

No seu desenvolvemento do artigo vinte da LOMCE, o artigo vinte e dous do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato en Galicia, determina que os alumnos que rematen o cuarto curso de ESO deberán realizar unha avaliación individualizada pola opción de ensinanzas académicas ou a de aplicadas, na cal se comprobarán o logro dos obxectivos da etapa e o grao de adquisición das competencias clave en relación con determinadas materias. En función da escolla dos alumnos, Latín podería ser unha das materias que formarían parte desa avaliación final da etapa, xa que se trata dunha das optativas que se poden elixir entre as troncais do cuarto curso na modalidade de ensinanzas académicas. Polo tanto, resultaría necesario establecer unha serie de cuestións ó respecto.

Non obstante, o Real Decreto-Lei 5/2016, de 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, nos seus artigos un e dous, entre outros aspectos, establece as seguintes disposicións temporais válidas ata a aprobación de nova lexislación:

- a) A avaliación final de ESO citada anteriormente non terá efectos académicos, senón que servirá unicamente para obter mostras e elaborar un diagnóstico.

- b) Nesa avaliación prestarase atención ó grao de adquisición da competencia matemática, da competencia lingüística e da competencia social e cívica dos alumnos, tomándose como referencia principal as materias xerais do bloque de troncais cursadas polos alumnos na opción que seguiran en cuarto de ESO.

- c) Serán as administracións educativas as que elixan os alumnos e centros educativos que vaian tomar parte nesa avaliación final de ESO.

En consecuencia, tendo en conta esta última disposición lexislativa, enténdese que a materia Latín non vai estar integrada nesa avaliación final de ESO e, polo tanto, non resulta necesario establecer ningunha consideración ó respecto. Ademais, no noso centro tampouco se recibiu polo de agora ningunha comunicación da administración educativa anunciando a relación de alumnos que deberían tomar nesa avaliación final.

LATÍN II

3.1.- Introducción

A materia Latín II, troncal xeral no segundo curso no itinerario de Humanidades do Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais, procurará a consolidación e a ampliación, empregando unha metodoloxía semellante, dos contidos estudados no primeiro curso. Partirase dos coñecementos morfosintácticos e léxicos fundamentais adquiridos no ano anterior, que serán obxecto de repaso e afondamento coa incorporación dunha morfoloxía verbal máis completa e de construcións sintácticas máis complexas. Por suposto, este traballo farase sobre a base dos textos, que neste caso serán máis amplos e elaborados na súa estrutura, e acordes co nivel de competencia lingüística dos alumnos. Como se vén de dicir, o interese non se centrará unicamente nos aspectos morfolóxicos e sintácticos, senón tamén nos léxicos, que se verán reforzados polo estudo dunha serie de topónimos galegos de orixe latina e de varias locucións latinas de uso actual. Esta visión de conxunto permitirá facer patente o peso innegable do latín na formación das linguas romances, de xeito especial no galego e o castelán, xa que se observará a conservación nestes idiomas de moitos elementos procedentes da lingua nai.

Por outra banda, prestaráselle tamén unha atención especial ós principais xéneros literarios latinos, e ós seus autores e obras de maior relevancia. Para o desenvolvemento desta parte do programa, os alumnos entrarán en contacto con diferentes mostras textuais orixinais. Grazas á lectura, análise, tradución e comentario deste material poderán comprender claves da civilización romana recollidas nelas e valorar a influencia dos autores latinos ó longo dos séculos.

3.2.- Obxectivos

Dentro dos obxectivos que establecemos como propios da área de Latín para os dous cursos de Bacharelato, o noso proxecto didáctico pretende realizar unha concreción e unha adaptación destes á realidade do Proxecto Educativo de Centro e ó segundo curso de Bacharelato. Podemos contextualizalos nos seguintes enunciados:

1. Afondar no coñecemento de distintos aspectos do mundo romano presentes nos textos (históricos, culturais, relixiosos, políticos, militares, etc.) e identificar as principais contribucións culturais de Roma, con especial atención á literatura, recoñecendo os elementos desa herdanza que permanecen no mundo e na cultura actuais, e tomándoos como unha das claves para a súa interpretación.
2. Introducirse no coñecemento técnico dos principais xéneros literarios latinos, apreciando os valores que cada un deles transmite e a súa influencia e conservación na literatura universal.
3. Coñecer o peso da lingua latina no léxico do castelán e o galego, especialmente no que fai referencia á presenza nestas linguas de locucións de orixe latina e de topónimos con clara raíz no idioma dos romanos.

4. Acadar unha maior profundidade no coñecemento e utilización dos fundamentos morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina.
5. Interpretar e traducir textos de maior complexidade que os de Latín I, favorecendo estratexias de razoamento dedutivo, contraste de hipóteses e resolución de problemas de índole lingüística.
6. Afondar nas técnicas de análise filolóxica mediante a reflexión sobre as unidades lingüísticas e as estruturas gramaticais das distintas linguas.
7. Analizar e interpretar textos diversos fundamentalmente orixinais mediante unha lectura comprensiva, distinguindo os xéneros literarios, as súas características principais e a súa evolución, e prestando atención á estrutura lingüística, ó pensamento e á ideoloxía que neles aparecen, adoptando unha actitude crítica ante o mundo romano e o mundo actual.
8. Investigar de forma crítica en documentos e fontes variadas de información, co fin de desenvolver técnicas de traballo intelectual que permitan ós alumnos afondar individualmente no coñecemento da lingua e a cultura estudadas.
9. Desenvolver o sentimento de pertenza á unidade cultural que é Europa, en cuxa base está o mundo grecolatino, con actitudes de tolerancia e respecto cara ós seus distintos pobos e os doutras zonas do mundo.

3.3.- Contidos

Dentro do currículo os contidos son o conxunto de coñecementos, habilidades e destrezas que contribúen ó logro dos obxectivos da materia e da etapa educativa, así como á adquisición das competencias clave; son tamén os instrumentos para alcanzar os criterios de avaliación. No caso da materia Latín II os contidos organízanse en seis bloques, referidos tanto a cuestións lingüísticas como a temas culturais (neste caso literarios), xa que estes dous aspectos constitúen facetas inseparables e complementarias para o estudo da civilización latina e a comprensión da importancia do seu legado. Con respecto á materia Latín I suprimiuse un bloque de contidos, o dedicado ós elementos básicos da lingua latina, feito cuxa explicación resulta obvia.

Na materia Latín II os seis bloques de contidos son os seguintes:

- Bloque 1. O LATÍN, ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES: os contidos deste bloque están orientados a analizar en maior profundidade o papel que desempeñou a lingua latina na formación do galego, o castelán e outras linguas romances faladas actualmente en Europa e noutros países do mundo. Con esta idea principal estudarase a conservación de elementos lingüísticos latinos nesas linguas e analizaranse os procesos de evolución fonética, morfosintáctica e semántica da lingua nai. Os contidos ós que se prestará atención neste bloque serán estes:

- Conservación de elementos lingüísticos latinos nas linguas modernas: palabras patrimoniais, cultas e semicultas.
- Evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ó galego e o castelán.

- Bloque 2. MORFOLOXÍA: os contidos deste bloque están orientados a repasar parte das cuestións traballadas no primeiro curso e a afondar no estudo dos nomes, pronomes e verbos latinos, analizando as formas máis irregulares e menos habituais da súa morfoloxía. Os temas ós que se prestará atención neste bloque serán estes:

- Repaso das categorías gramaticais da morfoloxía nominal, da pronominal e da verbal. Os constituíntes das palabras.
- Revisión da morfoloxía nominal. Formas menos usuais e irregulares.
- Revisión da morfoloxía pronominal. Formas menos usuais e irregulares.
- Revisión da morfoloxía verbal e ampliación: formas menos usuais e irregulares; verbos irregulares e defectivos; o xerundio, o xerundivo e o supino; a conxugación perifrástica.

- Bloque 3. SINTAXE: os contidos deste bloque están orientados a repasar e afondar no estudo das construcións da sintaxe casual e da oracional propias da lingua latina, tomando como referencia as estudadas no primeiro curso de Bacharelato. Os temas ós que se prestará atención neste bloque serán estes:

- Estudo pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal latina.
- A clasificación das oracións e as construcións sintácticas en latín.
- Estudo pormenorizado das oracións compostas coordinadas e subordinadas en latín: clasificación; nexos coordinantes e subordinantes; tempos e modos verbais implicados.
- Estudo pormenorizado das construcións sintácticas das formas nominais do verbo: infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino; a conxugación perifrástica.

- Bloque 4. LITERATURA LATINA: os contidos deste bloque están orientados a facerlles coñecer ós alumnos as características principais dos diferentes xéneros literarios latinos e os autores máis destacados que cultivaron cada un deles. Deste xeito e aproveitando o seu dominio da lingua latina, poderán entrar en contacto directo con fragmentos literarios clásicos orixinais, comprender as claves da sociedade en que viron a luz e valorar a influencia que os autores latinos tiveron ó longo dos séculos. Os temas ós que se prestará atención neste bloque serán estes:

- Os soportes de escritura na antigüidade e a súa evolución.
- A transmisión da literatura latina.

- A épica, a lírica, a historiografía, a oratoria, a retórica, a traxedia, a comedia e a fábula latinas: características principais destes xéneros literarios, autores máis destacados que os cultivaron e obras máis representativas.
- Influencia da literatura latina na literatura e a cultura occidentais posteriores.
- Técnicas para a análise e o comentario de textos literarios latinos.

.- **Bloque 5. TEXTOS:** os contidos deste bloque están orientados a facerlles comprender ós alumnos que os textos latinos antigos son unha ferramenta indispensable para preparar esta materia, xa que neles se plasman os contidos lingüísticos estudados teoricamente e as tendencias culturais e estéticas da civilización romana nas súas diferentes etapas. Saber analizar, comprender, traducir e comentar un texto permitiralles afondar nos seus coñecementos lingüísticos e culturais, pois a unión entre a lingua, a literatura e as circunstancias nas que esta se dá é indisoluble. Os temas ós que se prestará atención neste bloque serán estes:

- Afondamento no uso do dicionario e nas técnicas de tradución e interpretación de textos latinos.
- Afondamento nas técnicas de análise e comentario histórico, lingüístico e literario de textos latinos orixinais.
- O contexto social, cultural e histórico dos textos latinos traducidos.
- Características formais dos textos latinos orixinais.

.- **Bloque 6. LÉXICO:** os contidos deste bloque están orientados a facerlles comprender ós alumnos que o dominio dun vocabulario mínimo resulta imprescindible para avanzar no coñecemento de calquera lingua. Prestarase atención especial á etimoloxía, especialidade lingüística que axuda a recoñecer topónimos e palabras comúns de orixe grecolatina nas linguas modernas e a mellorar a competencia na lingua propia, xa que permite precisar o significado de palabras xa coñecidas ou inferir o das descoñecidas. Dedicarase un interese especial á composición e a derivación cultas, para analizar varios lexemas, prefixos e sufixos de orixe grega e latina de alta produtividade na creación de léxico. Xunto con estes elementos estudaranse tamén unha serie de locucións e expresións latinas de uso actual, non só co obxectivo de coñecer o seu significado, senón tamén co de empregalas nun contexto adecuado. Os temas ós que se prestará atención neste bloque serán estes:

- Ampliación do vocabulario latino básico xa adquirido polos alumnos: incorporación de termos do léxico literario, científico e filosófico.
- Etimoloxía de palabras das linguas propias dos alumnos.
- Locucións e expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e literaria.
- Composición e derivación cultas: lexemas, prefixos e sufixos de orixe grega e latina.
- Topónimos galegos de orixe latina.

3.4.- Distribución temporal

3.4.1.- Primeira avaliación:

1. Repaso das categorías gramaticais da morfoloxía nominal, da pronominal e da verbal. Os constituíntes das palabras.
2. Revisión da morfoloxía nominal. Formas menos usuais e irregulares.
3. Revisión da morfoloxía pronominal. Formas menos usuais e irregulares.
4. Revisión da morfoloxía verbal e ampliación: formas menos usuais e irregulares; verbos irregulares e defectivos; o xerundio, o xerundivo e o supino; a conxugación perifrástica.
5. Estudo pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal latina.
6. A clasificación das oracións e as construcións sintácticas en latín.
7. Estudo pormenorizado das oracións compostas coordinadas e subordinadas en latín: clasificación; nexos coordinantes e subordinantes; tempos e modos verbais implicados.
8. A traxedia e a comedia latinas: características principais, autores máis destacados, obras máis representativas e influencia na literatura e a cultura occidentais posteriores.
9. A historiografía latina: características principais, autores máis destacados, obras máis representativas e influencia na literatura e a cultura occidentais posteriores.
10. A oratoria e a retórica latinas: características principais, autores máis destacados, obras máis representativas e influencia na literatura e a cultura occidentais posteriores.

3.4.2.- Segunda avaliación:

1. Estudo pormenorizado das construcións sintácticas das formas nominais do verbo: infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino; a conxugación perifrástica.
2. A poesía épica latina: características principais, autores máis destacados, obras máis representativas e influencia na literatura e a cultura occidentais posteriores.
3. A poesía lírica latina: características principais, autores máis destacados, obras máis representativas e influencia na literatura e a cultura occidentais posteriores.

3.4.3.- Terceira avaliación:

1. Os soportes de escritura na antigüidade e a súa evolución.
2. A transmisión da literatura latina.
3. Evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ó galego e o castelán.
4. Conservación de elementos lingüísticos latinos nas linguas modernas: palabras patrimoniais, cultas e semicultas.
5. Composición e derivación cultas: lexemas, prefixos e sufixos de orixe grega e latina.

6. Etimoloxía de palabras das linguas propias dos alumnos.
7. Locucións e expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e literaria.
8. Topónimos galegos de orixe latina.

3.4.4.- En todas as avaliacións:

1. Afondamento no uso do dicionario e nas técnicas de tradución e interpretación de textos latinos.
2. Afondamento nas técnicas de análise e comentario histórico, lingüístico e literario de textos latinos orixinais.
3. O contexto social, cultural e histórico dos textos latinos traducidos.
4. Características formais dos textos latinos orixinais.
5. Ampliación do vocabulario latino básico xa adquirido polos alumnos: incorporación de termos do léxico literario, científico e filosófico.

3.5.- Materiais e recursos didácticos

As actividades que poderíamos chamar cotiás, as que marcarán o día a día da materia, desenvolveranse sen usar libro de texto e consistirán basicamente nas explicacións orais por parte do profesor, nos intercambios de opinións profesor-alumnos ou alumnos-alumnos e na resolución de exercicios por parte dos estudantes: exercicios prácticos preparados polo profesor sobre os contidos explicados, tradución constante de textos, análise morfolóxica e sintáctica profunda de textos, realización de traballos de investigación sinxelos individuais ou en grupo, exposicións orais destes e debates/comentarios/preguntas sobre o argumentado, etc.

Os alumnos precisarán contar cun caderno para tomar as notas que estimen oportunas e realizar as tarefas encomendadas, así como cun dicionario de latín (recoméndase o tradicional da editorial Vox). O profesor preparará pola súa conta as explicacións de clase, os exercicios que se realizarán e os textos que se traducirán, entregando esquemas e cadernos de actividades ó alumnado en formato de fotocopia ou dixital. O grupo de traballo que coordina a proba de Latín para o acceso á universidade decidiu que os autores que se deberán preparar son Eutropio e Fedro. Empregaranse textos destes autores de complexidade gradual, que se irán complicando segundo avancen as explicacións de clase sobre os contidos morfolóxicos e sintácticos e sobre as características dos xéneros literarios. Usaremos os textos para ampliar o vocabulario básico adquirido en Latín I e para a revisión do léxico do texto traducido e os seus derivados actuais na linguaxe culta, na científica, na técnica, na literaria, na filosófica ou na cotiá.

No caso de que os alumnos desexen facer consultas ou ampliar información sobre os temas abordados na aula, poderán recorrer, sempre baixo as orientacións do profesor, ós seguintes libros:

- BALLESTER, R., *Historia de Roma y de la España romana*, Hora, Barcelona, 1990.
- BESCÓS, M^a. V. e ROMERO, C., *Raíces clásicas del léxico científico*, Almadraba, Madrid, 2001.
- CAIRNS, T., *Los romanos y su imperio. Historia del mundo para jóvenes*, Akal/Cambridge, Madrid, 1990.
- CODOÑER, C., *Historia de la literatura latina*, Cátedra, Madrid, 2007.
- CORBISHLEY, M., *¿Qué sabemos sobre los romanos?*, SM (colección Saber), Madrid, 1991.
- DURÁN MATEU, M. *et al.*, *Latín I*, Casals, Barcelona, 2015.
- ESPINÓS, J. *et al.*, *Así vivían los romanos*, Anaya, Madrid, 1987.
- FERRO RUIBAL, X. *et al.*, *De onte a hoxe. Latín II*, Xerais, Vigo, 1991.
- GRIMAL, P., *Diccionario de mitología griega y romana*, Paidós, Barcelona, 1994.
- HACQUARD, G., *Guía de la Roma antigua*, Palas Atenea, Madrid, 1995.
- JAMES, S., *La antigua Roma*, Altea, Madrid, 1991.
- MUÑOZ, V. *et al.*, *Roma: siete aspectos de la cultura latina*, Teide, Barcelona, 1990.
- ROMERO, C., *ClasiCard. Declinaciones, flexiones y reglas de latín y griego*, Almadraba, Barcelona, 2006.
- SEGURA MUNGUÍA, S., *Latín 2º de B.U.P.*, Anaya, Madrid, 1986.

3.6.- Plan de lectura e escritura do centro

Dende a materia Latín II, tendo en consideración o *Proxecto lector* do centro, intentaranse levar a cabo propostas de traballo onde xurdan procesos orientados á promoción da lectura e ó desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística. O tipo de enfoque que se lles dará a estas actividades basearase nos seguintes puntos:

.- Obxectivos:

- Fomentar e consolidar o hábito lector, e mellorar a competencia e a comprensión lectoras.
- Estimular o gusto por escribir e mellorar a competencia en escritura.

- Favorecer o correcto uso oral e escrito da lingua vernácula empregada habitualmente por cada alumno.
- Mellorar a expresión escrita, especialmente no que fai referencia á ortografía, á puntuación e ó uso dun léxico preciso e variado.
- Desenvolver as habilidades para usar, tratar e producir información.
- Contribuír á adquisición da competencia en comunicación lingüística.

.- Actividades:

- ✓ Verificación do dominio de técnicas lectoras: fluidez, comprensión e expresión.
- ✓ Lectura individual de materiais en silencio e debate sobre o seu contido.
- ✓ Lectura colectiva de materiais en voz alta e debate sobre o seu contido.
- ✓ Asunción de vocabulario específico.
- ✓ Busca e síntese de información.
- ✓ Identificación dos temas e das ideas principais e secundarias dos textos.
- ✓ Análises, comentarios e interpretación de textos, esquemas, gráficas, mapas, etc.
- ✓ Elaboración de pequenos resumos, redaccións ou traballos sobre a información que se analice.
- ✓ Corrección colectiva de erros detectados: ortografía, puntuación, léxico, sintaxe, presentación formal de escritos, etc.

.- Metodoloxía:

- Traballo con textos de diferentes tipos: discontinuos (imaxes con e sen texto, gráficas, esquemas, mapas, etc.) e continuos (narración, diálogo, descrición, exposición, argumentación, etc.).
- Uso: lectura silenciosa e en voz alta; lectura individual e colectiva.
- Produción: busca de materiais, lectura, comprensión, extracción de datos, reflexión sobre a forma e o contido, e expresión oral e escrita (traducións, comentarios, debates, esquemas, resumos, etc.).

.- Distribución temporal:

Independentemente das lecturas e traballos que se encomenden para realizar na casa, na aula dedicarase, cando menos, unha sesión ó mes a traballar os aspectos que se veñen de indicar.

.- Materiais:

- Mapas, gráficas, esquemas e imaxes con e sen texto en formato papel e dixital, consultados na casa ou na aula a través dun equipo informático e un proxector.

- Capítulos e artigos de libros, de manuais, de xornais, de revistas especializadas como *Historia*, de cómics, de enciclopedias e de dicionarios, consultados na casa ou na aula (en formato papel e dixital).
- Textos de Eutropio seleccionados para analizar, traducir, comentar e interpretar na aula e na casa (escollidos do *Breviarium ab Urbe condita*).
- Fábulas de Fedro seleccionadas para analizar, traducir, comentar e interpretar na aula e na casa.
- Fragmentos de obras de diferentes autores latinos para comentar na aula como complemento do estudo dos temas de literatura: Virxilio, Horacio, Tito Livio, Cicerón, Plauto, etc.

.- Avaliación:

Nos apartados 1.9.7.- *Criterios de cualificación* e 1.9.8.- *Criterios de corrección e puntuación de exercicios e probas* xa se fixo referencia ó peso que terán na avaliación cuestións como o respecto pola norma ortográfica, a corrección léxica e gramatical oral e escrita, a presentación estética dos escritos, o respecto polos prazos e os contidos en xeral.

3.7.- Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe imprescindibles non impartidos no curso 2021/2022

Debido a situación de crise sanitaria provocada pola COVID-19, adicaremos parte do primeiro trimestre do curso 2022/2023 a recuperar as aprendizaxes imprescindibles non impartidas durante o curso anterior. Obviamos os contidos culturais non vistos, por considerar máis importante de cara á realización da ABAU, centramos só nos aspectos lingüísticos que quedaron sin impartir. Na presente táboa presentamos os estándares de aprendizaxe imprescindibles, o seu grao mínimo de consecución e os criterios de avaliación correspondentes:

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Bloque 4. SINTAXE.	
4.6. Coñecer as funcións das formas non persoais nas oracións: infinitivo, participio, xerundio e xerundivo.	4.6. Identifica as funcións que realizan as formas nominais do verbo (infinitivo e participio) dentro da oración e compara exemplos do seu uso. Grao mínimo: coñece a sintaxe elemental do infinitivo e do participio.
4.7. Identificar, distinguir e traducir	4.7. Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de infinitivo e participio máis frecuentes, relacionándoas

correctamente as construcións de infinitivo, participio, xerundio e xerundivo máis frecuentes.	con construcións análogas noutras linguas que coñece. Grao mínimo: reconece as construcións concertada e non concertada do infinitivo e o participio, e a absoluta do participio, e sabe traducir todas elas.
Bloque 7. LÉXICO.	
7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e de uso frecuente.	7.2. Identifica e explica palabras transparentes de alta frecuencia. Grao mínimo: coñece o significado de cincuenta elementos de léxico latinos (lexemas, prefixos e sufixos) de entre os de maior frecuencia nas oracións e textos.
7.2. Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos e sufixos que interveñen na composición e na derivación cultas.	7.3. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos de orixe latina, analizando a súa conservación na lingua propia. Grao mínimo: explica o significado dos principais prefixos e sufixos de orixe latina e identifica a súa presenza en termos da lingua propia.
7.4. Identificar e explicar os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas dos estudantes.	7.5. Identifica a etimoloxía e explica a partir desta o significado de palabras do léxico común da lingua propia. Grao mínimo: ver estándar 7.4.
7.5. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado.	7.7. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas nun contexto axeitado na súa lingua de uso habitual. Grao mínimo: coñece o significado de dez locucións latinas de uso actual e sabe empregalas nun contexto axeitado na súa lingua de uso habitual.

3.8.- Criterios de avaliación (Latín II)

Os criterios de avaliación son, xunto cos estándares de aprendizaxe avaliábeis, o referente específico para avaliar as aprendizaxes do alumnado. Os recollidos a continuación describen o que se pretende valorar e lograr dos alumnos na materia Latín II, tanto en relación cos coñecementos como en relación coas competencias. Presentaranse agrupados en bloques temáticos, para facelos coincidir e corresponder cos bloques de contidos establecidos máis arriba.

.- Bloque 1. O LATÍN, ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES. Criterios de avaliación:

- 1.1. Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultas e semicultas.
- 1.2. Coñecer e aplicar a partir de étimos latinos as regras de evolución fonética e recoñecer os procesos de evolución semántica do latín ó galego e o castelán.

.- Bloque 2. MORFOLOXÍA. Criterios de avaliación:

- 2.1. Coñecer as categorías gramaticais da morfoloxía nominal e pronominal latinas.
- 2.2. Coñecer, identificar e distinguir os formantes dos nomes e pronomes latinos.
- 2.3. Realizar a análise morfolóxica dos nomes e pronomes dun texto latino e enuncialos.
- 2.4. Identificar, declinar e traducir todas as formas nominais e pronominais latinas.
- 2.5. Identificar, conxugar, traducir e efectuar a retroversión de todas as formas verbais latinas.

.- Bloque 3. SINTAXE. Criterios de avaliación:

- 3.1. Coñecer e aplicar os coñecementos da sintaxe nominal e pronominal para traducir textos latinos.
- 3.2. Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas latinas.
- 3.3. Relacionar e aplicar coñecementos sobre elementos e construcións sintácticas para interpretar e traducir textos latinos.
- 3.4. Definir, comprender e recoñecer os diferentes tipos de oracións compostas coordinadas e subordinadas.
- 3.5. Coñecer as funcións e construcións sintácticas das formas nominais do verbo: infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino.

.- Bloque 4. LITERATURA LATINA. Criterios de avaliación:

- 4.1. Enumerar os principais factores da transmisión da literatura latina ó longo dos diferentes períodos históricos e describir os soportes de escritura na antigüidade e a súa evolución.
- 4.2. Coñecer as características principais dos xéneros literarios latinos, os autores máis destacados que os cultivaron, as obras máis representativas dentro de cada un deles e a súa influencia na literatura posterior.
- 4.3. Coñecer os fitos esenciais da literatura latina como base da literatura e a cultura occidentais posteriores.
- 4.4. Analizar, interpretar e situar no tempo textos mediante a súa lectura comprensiva, distinguindo xéneros, épocas, características e estruturas, sempre e cando a extensión das pasaxes o permita.
- 4.5. Establecer relacións e paralelismos entre a literatura clásica e a posterior.

.- Bloque 5. TEXTOS. Criterios de avaliación:

- 5.1. Realizar a tradución e a interpretación de textos latinos orixinais.
- 5.2. Utilizar o dicionario, analizar e valorar correctamente a información gramatical que proporciona, e procurar o termo máis preciso na lingua propia para traducir os textos.
- 5.3. Realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos orixinais de autores latinos.
- 5.4. Coñecer o contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.
- 5.5. Identificar as características formais dos textos.

.- Bloque 6. LÉXICO. Criterios de avaliación:

- 6.1. Coñecer, identificar e traducir termos latinos pertencentes ó vocabulario especializado dos eidos literario, científico e filosófico.
- 6.2. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas de uso habitual dos alumnos.
- 6.3. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso habitual nas nosas linguas e saber empregalas nun contexto axeitado.
- 6.4. Recoñecer a presenza de latinismos e helenismos na linguaxe científica e na fala culta, e deducir o seu significado a partir dos termos gregos e latinos implicados en cada caso.
- 6.5. Identificar a presenza de elementos léxicos da lingua latina na orixe de topónimos galegos.

3.9.- Estándares de aprendizaxe avaliáveis (Latín II)

Os estándares de aprendizaxe avaliáveis constitúen, xunto cos criterios de avaliación, o referente para avaliar as aprendizaxes do alumnado. Representan concrecións deses criterios de avaliación, as cales permiten definir os resultados de aprendizaxe e especificar o que os alumnos deben saber, comprender e saber facer en cada materia. Presentaranse a continuación os da materia Latín II agrupados por bloques temáticos, para facelos coincidir e corresponder cos bloques de contidos e os criterios de avaliación propios de cada bloque establecidos máis arriba. A carón de cada un indicárase o grao mínimo de consecución que se deberá acadar para superar a materia.

.- Bloque 1. O LATÍN, ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES. Estándares de aprendizaxe avaliáveis:

- 1.1. Recoñece e distingue a partir do étimo latino termos patrimoniais, cultos e semicultos, e explica as evolucións producidas en cada caso. Grao mínimo: recoñece diferentes graos de evolución en palabras do galego e o castelán a partir do seu étimo latino.

1.2. Realiza evolucións de termos latinos ó galego e o castelán, aplicando as regras de evolución fonética, e reconece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica, valorando a relación co significado orixinal do étimo latino. Grao mínimo: aplica a étimos latinos as regras de evolución fonética máis importantes das vogais, as consoantes e os grupos consonánticos para obter palabras cultas e patrimoniais actuais, e reflexiona sobre o proceso de evolución semántica habido na transformación dos étimos latinos.

1.3. Explica o proceso de evolución de termos latinos ás linguas romances, sinalando cambios fonéticos comúns a distintas linguas dunha mesma familia e aportando exemplos. Grao mínimo: a partir de étimos latinos aporta exemplos de cambios fonéticos comúns ó galego e o castelán na evolución de palabras.

.- Bloque 2. MORFOLOXÍA. Estándares de aprendizaxe avaliáveis:

2.1. Nomea e describe as categorías gramaticais da morfoloxía nominal e pronominal latinas, e sinala os trazos que as diferencian. Grao mínimo: coñece as categorías gramaticais dos nomes e os pronomes latinos e sabe empregalas na análise morfolóxica destas palabras.

2.2. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, diferenciando lexemas e morfemas e buscando outros exemplos doutras palabras nas que estean presentes eses elementos. Grao mínimo: sabe dividir os substantivos, adxectivos e pronomes latinos nos seus formantes.

2.3. Analiza morfoloxicamente palabras presentes nun texto latino, identifica correctamente os seus formantes e sinala o seu enunciado. Grao mínimo: é quen de facer a análise morfolóxica dos substantivos, os adxectivos e os pronomes dun texto latino proposto dun xeito o suficientemente acertado como para realizar unha tradución minimamente correcta deste. Ademais, saber enunciar adecuadamente os diferentes tipos de substantivos, adxectivos e pronomes latinos.

2.4. Identifica con seguridade e coa axuda do dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e castelán. Grao mínimo: coa axuda do dicionario reconece substantivos, adxectivos e pronomes, e clasifícaos segundo a declinación e o tema ós que pertencen; sabe declinar substantivos das cinco declinacións, incluíndo os irregulares; sabe declinar todos os tipos de adxectivos de primeira e segunda clase nos diferentes graos; sabe declinar os pronomes persoais, os posesivos, todos os demostrativos, os enfáticos, o fórico *is, ea, id*, os principais indefinidos e os relativos.

2.5. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía nominal e pronominal latinas para realizar traducións directas e inversas coa axuda do dicionario. Grao mínimo: sabe usar os seus coñecementos da morfoloxía nominal e pronominal latinas para traducir coa axuda do dicionario un texto latino dado cun nivel minimamente aceptable.

2.6. Identifica con seguridade e coa axuda do dicionario calquera tipo de formas verbais latinas, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e castelán. Grao mínimo: coa axuda do dicionario sabe identificar, analizar e conxugar tanto todos os tempos verbais dos modos indicativo e subxuntivo como todas as formas nominais do verbo nas voces activa e pasiva, xa sexan de verbos regulares das catro conxugacións, xa dos principais verbos irregulares, xa do verbo *sum* ou dos seus compostos.

2.7. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía verbal latina para realizar traducións directas e inversas coa axuda do dicionario. Grao mínimo: é quen de facer a análise morfolóxica das

formas verbais dun texto latino proposto dun xeito o suficientemente acertado como para realizar unha tradución minimamente correcta deste; sabe usar os seus coñecementos da morfoloxía verbal latina para traducir coa axuda do dicionario un texto latino dado cun nivel minimamente aceptable.

.- Bloque 3. SINTAXE. Estándares de aprendizaxe avaliáveis:

3.1. Utiliza axeitadamente a análise da sintaxe nominal e pronominal dun texto para efectuar correctamente a súa tradución. Grao mínimo: coñece as funcións sintácticas básicas (con e sen preposición) dos casos latinos e a partir dun texto latino proposto é quen de facer a análise sintáctica dos substantivos, adxectivos e pronomes presentes nel dun xeito o suficientemente acertado como para realizar unha tradución minimamente correcta deste.

3.2. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas da lingua latina, e relaciónaaas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñeza. Grao mínimo: a partir dun texto latino proposto distingue as oracións simples latinas das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas, identificando os seus tipos, os nexos que as introducen e os tempos e modos verbais empregados nelas.

3.3. Identifica na análise de oracións e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina, e relaciónaos para traducilos cos seus equivalentes en galego e castelán. Grao mínimo: coñece na súa lingua de uso habitual o equivalente dos principais elementos sintácticos latinos e empregando eses coñecementos sabe traducir estes últimos.

3.4. Define e comprende os conceptos de oración composta, coordinación e subordinación, sinala exemplos nos textos latinos e recoñece os tipos de oracións compostas, tanto coordinadas como subordinadas, así como os nexos que as caracterizan. Grao mínimo: a partir dun texto latino proposto é quen de realizar a análise sintáctica das oracións simples e compostas coordinadas e subordinadas presentes nel dun xeito o suficientemente acertado como para realizar unha tradución minimamente correcta deste; identifica os diferentes tipos de oracións compostas coordinadas e subordinadas, os nexos que as introducen e os tempos e modos verbais empregados nelas; ten un coñecemento profundo das oracións coordinadas e das subordinadas relativas e as introducidas por *ut* e *cum*, e un coñecemento elemental do resto de subordinadas.

3.5. Identifica formas non persoais do verbo en oracións e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións. Grao mínimo: coñece as funcións e construcións sintácticas nas que interveñen os infinitivos e os participios latinos, sabe analízalas sintacticamente en oracións e textos propostos, e é quen de realizar unha tradución minimamente correcta destas.

.- Bloque 4. LITERATURA LATINA. Estándares de aprendizaxe avaliáveis:

4.1. Nomea os aspectos máis salientables referentes á transmisión dos textos clásicos ó longo do tempo. Grao mínimo: nomea os aspectos máis salientables referentes á transmisión dos textos clásicos na antigüidade e na Idade Media.

4.2. Describe as características esenciais dos xéneros literarios latinos, e identifica e sinala a súa presenza en textos latinos propostos. Grao mínimo: coñece e explica as características máis destacadas dos xéneros literarios latinos estudados.

4.3. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura latina. Grao mínimo: sitúa nun eixe cronolóxico os autores Tito Livio, Cicerón, Virxilio, Horacio e Plauto.

4.4. Nomea autores representativos da literatura latina, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica as súas obras máis coñecidas. Grao mínimo: coñece as figuras de Tito Livio, Cicerón, Virxilio, Horacio e Plauto, as súas obras máis representativas e as características básicas destas.

4.5. Realiza comentarios de textos latinos e sitúaos no tempo, explicando a súa estrutura, sempre e cando a extensión da pasaxe o permita, e as súas características esenciais, e identifica o xénero ó que pertencen. Grao mínimo: a partir dun texto latino proposto é quen de identificar o seu xénero literario e xustifica as súas respostas.

4.6. Analiza o diferente uso que fixo dos textos latinos, explorando o mantemento dos xéneros e os temas da literatura latina en exemplos da literatura contemporánea. Grao mínimo: identifica en textos literarios contemporáneos propostos características, temas e tópicos da épica e a lírica latinas.

4.7. Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina en textos de autores contemporáneos, e sérvese deles para comprender e explicar o mantemento dos xéneros e os temas procedentes da cultura grecolatina, describindo os seus aspectos esenciais e os tratamentos que reciben. Grao mínimo: identifica en textos literarios contemporáneos propostos características, temas, tópicos e personaxes da épica e a lírica latinas, e xustifica as súas respostas.

.- Bloque 5. TEXTOS. Estándares de aprendizaxe avaliábeis:

5.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución. Grao mínimo: é quen de facer a análise morfolóxica e sintáctica das palabras dun texto latino proposto dun xeito o suficientemente acertado como para realizar unha tradución minimamente correcta deste; sabe usar esa información e traduce ese texto latino cun nivel minimamente aceptable.

5.2. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical que proporciona, e identifica en cada caso, segundo o contexto e o estilo do seu autor, o termo máis preciso na lingua propia para traducir correctamente un texto. Grao mínimo: a partir dun texto latino proposto atopa no dicionario un número de palabras suficiente como para realizar unha tradución minimamente correcta deste, e baixo cada unha desas entradas recoñece a información gramatical máis relevante e escolle a acepción que mellor se adecúa ás características do texto dado.

5.3. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos. Grao mínimo: sinala as características lingüísticas máis destacadas dun texto latino proposto e identifica o xénero literario ó que este pertence, xustificando a súa resposta.

5.4. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos partindo de referencias tomadas d os propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente. Grao mínimo: a partir dun texto latino proposto comenta un aspecto social, cultural ou histórico que mereza ser destacado.

5.5. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto. Grao mínimo: identifica o xénero ó que pertence un texto latino proposto e xustifica a súa resposta.

- Bloque 6. LÉXICO. Estándares de aprendizaxe avaliáveis:

6.1. Identifica e explica termos do léxico literario, científico e filosófico, e tradúceos correctamente ó galego e o castelán. Grao mínimo: a partir dun texto latino proposto traduce con corrección á súa lingua de uso habitual os termos dos eidos literario, científico e filosófico que aparezan nel.

6.2. A partir do seu contexto deduce o significado de palabras e expresións latinas non estudadas, ou de palabras ou expresións das súas linguas de uso habitual. Grao mínimo: a partir dos seus étimos latinos é quen de inferir o significado de palabras comúns da súa lingua de uso habitual.

6.3. Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras de léxico común e especializado do galego e o castelán. Grao mínimo: a partir dos seus étimos latinos é quen de inferir o significado de palabras comúns da súa lingua de uso habitual.

6.4. Comprende, explica e emprega na lingua propia e no contexto axeitado locucións e expresións latinas que se mantiveron na linguaxe literaria, xurídica, filosófica, técnica, relixiosa, médica e científica. Grao mínimo: coñece e explica o significado de cando menos setenta e cinco das cento cincuenta locucións e expresións latinas propostas polo equipo de traballo que coordina a proba de Latín na ABAU.

6.5. A partir dos seus étimos recoñece e explica o significado dos helenismos e latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España. Grao mínimo: a partir dos seus étimos latinos explica o significado de latinismos moi frecuentes na súa lingua de uso habitual.

6.6. Recoñecer e explicar a etimoloxía de topónimos galegos e casteláns de orixe latina. Grao mínimo: coñece e explica a etimoloxía de cando menos corenta dos setenta e cinco topónimos galegos e casteláns de orixe latina propostos polo equipo de traballo que coordina a proba de Latín na ABAU.

A continuación, na táboa que se recolle nas páxinas seguintes especificarase para cada estándar de aprendizaxe avaliábel (columna I) o criterio de avaliación do que é concreción (columna II), o momento do curso no que se aplicará (columna III), as competencias clave coas que se relaciona (columna IV) e os procedementos e instrumentos de avaliación que se empregarán para aplicalo (columna V). As avaliacións introducíranse na táboa mediante as indicacións "1ª" (1ª avaliación), "2ª" (2ª avaliación), "3ª" (3ª avaliación) e "TC" (todo o curso). Pola súa banda, as competencias clave aparecerán recollidas segundo as siglas que xa se empregan xeralmente para abreviar a súa denominación:

- Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Competencia para aprender a aprender (CAA).

- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Competencia para o sentido de iniciativa e o espírito emprendedor (CSIEE).
- Competencia para a conciencia e as expresións culturais (CCEC).

Xa por último, os procedementos e instrumentos de avaliación introducíranse mediante as seguintes claves:

- ✓ Análise e comentario de textos (ACT).
- ✓ Corrección nas respostas (CR).
- ✓ Exames (Ex).
- ✓ Exercicios con eixes cronolóxicos (EEC).
- ✓ Exercicios de conxugación (ECx).
- ✓ Exercicios de declinación (ED).
- ✓ Exercicios de definición etimolóxica (EDE).
- ✓ Exercicios de evolución fonética (EEF).
- ✓ Ficha persoal do alumno (FP).
- ✓ Resposta curta a preguntas (RCP).
- ✓ Traducións de textos e oracións (T)

I	II	III	IV	V
1.1	1.1	3 ^a	CCL CAA CCEC	EDE, Ex, CR, FP
1.2	1.2	3 ^a	CCL CMCCT CCEC	EDE, EEF, Ex, CR, FP
1.3	1.2	3 ^a	CCL CD CAA	EDE, EEF, CR, FP
2.1	2.1	TC	CCL CAA	ACT, T, Ex, CR, FP
2.2	2.2	TC	CCL CMCCT	ACT, T, Ex, CR, FP
2.3	2.3	TC	CCL CMCCT	ACT, T, Ex, CR, FP
2.4	2.4	TC	CCL CD	ACT, ED, T, Ex, CR, FP

			CAA	
2.5	2.4	TC	CCL CAA	ACT, T, Ex, CR, FP
2.6	2.5	TC	CCL CD CAA	ACT, ECx, T, Ex, CR, FP
2.7	2.5	TC	CCL CD CAA	ACT, T, Ex, CR, FP
3.1	3.1	TC	CCL CAA	ACT, T, Ex, CR, FP
3.2	3.2	TC	CCL CAA	ACT, T, Ex, CR, FP
3.3	3.3	TC	CCL CAA	ACT, T, Ex, CR, FP

I	II	III	IV	V
3.4	3.4	TC	CCL CAA	ACT, T, Ex, CR, FP
3.5	3.5	TC	CCL CAA	ACT, T, Ex, CR, FP
4.1	4.1	3 ^a	CMCCT CCEC	RCP, CR, FP
4.2	4.2	1 ^a , 2 ^a	CCL CAA CCEC	ACT, Ex, CR, FP
4.3	4.3	1 ^a , 2 ^a	CMCCT CCEC	EEC, CR, FP
4.4	4.3	1 ^a , 2 ^a	CCL CD	EEC, Ex, CR, FP
4.5	4.4	TC	CCL CSC CCEC	ACT, T, CR, FP
4.6	4.5	1 ^a , 2 ^a	CCL CD	ACT, RCP, CR, FP

			CSC	
4.7	4.5	1ª, 2ª	CCL CD CSC	ACT, RCP, T, CR, FP
5.1	5.1	TC	CCL CAA	ACT, T, Ex, CR, FP
5.2	5.2	TC	CCL CD CAA	ACT, T, Ex, CR, FP
5.3	5.3	TC	CCL CAA CSC CCEC	ACT, T, Ex, CR, FP
5.4	5.4	TC	CCL CSC CCEC	ACT, T, CR, FP
5.5	5.5	TC	CCL CCEC	ACT, RCP, T, CR, FP
6.1	6.1	TC	CCL CMCCT CD	ACT, T, Ex, CR, FP
6.2	6.2	3ª	CCL CD CAA	ACT, T, CR, FP
6.3	6.2	3ª	CCL CD	ACT, EDE, T, Ex, CR, FP

I	II	III	IV	V
6.4	6.3	3 ^a	CCL CMCCT CD CSC CCEC	EDE, Ex, CR, FP
6.5	6.4	3 ^a	CCL CCEC	EDE, Ex, CR, FP
6.6	6.5	3 ^a	CCL	EDE, Ex, CR, FP

3.10.- Contribución da materia ó desenvolvemento das competencias clave

As competencias son as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada materia e etapa educativa, co fin de realizar actividades adecuadamente e resolver problemas complexos de xeito eficaz. Supoñen a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e relacionados co comportamento, que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. As competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para exercer a cidadanía activa, integrarse socialmente e desempeñar un posto de traballo. A lexislación vixente establece nos currículos as seguintes competencias clave:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- c) Competencia dixital (CD).
- d) Competencia para aprender a aprender (CAA).
- e) Competencias sociais e cívicas (CSC).
- f) Competencia para o sentido de iniciativa e o espírito emprendedor (CSIEE).
- g) Competencia para a conciencia e as expresións culturais (CCEC).

A continuación indícarase que medidas se tomarán dende este Departamento para que a materia Latín II contribúa ó desenvolvemento das competencias clave. Ademais, dado que estas están conectadas cos estándares de aprendizaxe avaliábeles como elementos útiles para graduar o rendemento en cada unha delas, recolleranse tamén para todas elas os estándares que forman parte do seu perfil.

a) Competencia en comunicación lingüística: como resulta evidente pola propia natureza da materia Latín II, esta é a competencia á que máis achegas se poderán facer. O estudo do proceso de evolución e transformación desta lingua, da súa fonética, do seu funcionamento interno

(morfoloxía e sintaxe), do seu léxico e dos seus textos proporcionaralles ós alumnos unha sólida base para un mellor coñecemento e dominio tanto das linguas propias como doutras linguas. Os contidos teóricos estritamente lingüísticos permitiránlles afondar na estrutura interna do latín, unha lingua con flexión nominal, con catro conxugacións, cunha sintaxe flexible e complexa, cun léxico extensísimo e cuns procedementos de formación de palabras (composición e derivación) moi explotados. Trátase dun tipo lingüístico bastante distinto do das nosas propias linguas, que esixe a quen o estuda unha renovación profunda dos seus hábitos mentais. O seu coñecemento contribuirá a fomentar nos alumnos a reflexión sobre a existencia de modelos lingüísticos moi variados, cada un dotado das súas peculiaridades. A comparación constante con outras linguas (grego, castelán, galego, inglés, francés, etc.) permitirá sinalar as semellanzas e diferenzas existentes entre elas en canto ás categorías gramaticais, e evidenciará o papel relevante desta materia como soporte lingüístico para a maioría dos idiomas e como ferramenta de axuda para comprender o léxico culto, científico e técnico das linguas da nosa contorna (diferenza entre o sentido real e o etimolóxico das palabras). Para isto será un pilar o estudo de latinismos, locucións e expresións latinas, lexemas, prefixos e sufixos, e topónimos galegos de orixe latina, pero tamén o será para que os estudantes aumenten o seu vocabulario e sexan conscientes de cales son os constituíntes que interveñen na formación das palabras e como se usan. Ademais, o coñecemento do vocabulario específico propio da literatura e a filosofía latinas tamén aportará a súa parte ó enriquecemento desta dimensión léxica.

Os contidos de carácter non lingüístico, os dedicados ós xéneros literarios latinos e a súa influencia na literatura posterior, tamén permitirán facer achegas a esta competencia, xa que serán abordados dende a perspectiva da oralidade. Daráselle un peso moi importante á lectura como vía privilexiada que facilita o acceso ó coñecemento, incidindo sobre a lectura comprensiva: todos estes temas iniciaránse coa lectura colectiva en voz alta dun texto e un debate sobre este; na casa e na aula os alumnos deberán facer lecturas individuais en silencio; ademais, esta parte dos contidos desenvolverase a partir da lectura, a análise e o comentario de textos literarios latinos, tarefas a partir das cales iremos explicando as características, os temas, os tópicos, as trazos formais, e os autores e obras máis salientables de cada xénero. A expresión oral reforzarase cos debates e os intercambios de opinión profesor-alumnos e alumnos-alumnos, que serán constantes. Todas estas actividades aportarán o seu gran de area á alfabetización múltiple dos alumnos, dado que se empregarán textos:

- en diferentes soportes (papel e dixital) e formatos (prosa, verso e diálogo);
- con presentacións variadas (lectura multimodal): libros enteiros, capítulos e artigos de libros, de manuais, de xornais, de revistas especializadas, de cómics, de enciclopedias, de dicionarios, atlas, etc.;
- de diferentes xéneros literarios: épica, lírica, teatro, historiografía, oratoria e retórica;
- e de distintos tipos: continuos (narración, diálogo, descrición, exposición, argumentación, etc.) e descontínuos (imaxes con e sen texto, gráficas, esquemas, mapas, etc.).

Será importante o acceso a formas e contidos textuais probablemente non coñecidos anteriormente polos alumnos (comedias, poemas épicos, tratados sobre técnica retórica ou discursos da oratoria forense e xudicial), o que lles esixirá aprender a expresar novos conceptos dun xeito ordenado, algo ó que tamén contribuirán o estudo do vocabulario técnico dos distintos

xéneros literarios latinos e o comentario de textos.

A perspectiva da expresión escrita traballarase fundamentalmente a través das traducións de textos latinos, que se farán de xeito permanente ó longo dos tres trimestres e que permitirán reforzar a dimensión ortográfica, xa que os erros cometidos nas tarefas serán comentados e corrixidos en voz alta na aula, para que deste xeito mellore a competencia ortográfica de todo o grupo e se poidan emendar fallos comúns. O labor de tradución esixiralles escoller para cada palabra latina a acepción máis adecuada de entre todas as propostas polo dicionario en función do tipo de texto, xénero, autor e obra que se estea a traducir; deste xeito incidirase na necesidade de utilizar a lingua con precisión e de escoller as palabras máis adecuadas ó tema, o contexto e a intención de cada un dos nosos actos comunicativos (xa sexa oralmente ou por escrito). A este último obxectivo contribuirá tamén o estudo de vocabulario específico propio dos eidos da literatura, a ciencia e a filosofía. Os temas dedicados ós xéneros literarios grecolatinos serán outro medio para traballar a capacidade expresiva dos alumnos, xa que coa análise das características e recursos estilísticos propios de cada xénero comprenderán que un mesmo tema pode ser tratado dende perspectivas moi diferentes: por exemplo, a fundación de Roma segundo un poeta épico, segundo un poeta lírico ou segundo un historiador.

Xa por último, comprender qué é unha familia lingüística como a do latín e as evolucións experimentadas por esta lingua ata dar lugar ás linguas romances axudará a que os estudantes adquieran un vocabulario pasivo e activo máis amplo, así como a que sexan conscientes de que algunhas linguas poden ser a chave para aprender outras.

En canto ós estándares de aprendizaxe avaliábeles que están relacionados co perfil desta competencia estes son os seguintes: 1.1, 1.2, 1.3, 2.1, 2.2, 2.3, 2.4, 2.5, 2.6, 2.7, 3.1, 3.2, 3.3, 3.4, 3.5, 4.2, 4.4, 4.5, 4.6, 4.7, 5.1, 5.2, 5.3, 5.4, 5.5, 6.1, 6.2, 6.3, 6.4, 6.5 e 6.6.

b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía: o desenvolvemento desta competencia esixiralles ós alumnos a adopción de condutas e decisións persoais estreitamente relacionadas coa capacidade crítica e a visión razoada e razoable das situacións, actitudes que contribuirán ó desenvolvemento do razoamento lóxico dedutivo pola súa parte. Dende a materia Latín II estas achegas faranse principalmente a través das actividades prácticas, que precisarán acotío a aplicación do rigor propio dos científicos: as tarefas de realización e interpretación de esquemas, gráficas, mapas, imaxes con e sen texto, eixes cronolóxicos, etc. facilitarán o achegamento a diferentes xeitos de codificar e descodificar información, así como unha iniciación a un uso correcto da linguaxe científica. A descomposición de palabras nos seus formantes, os exercicios de evolución fonética, os de declinación e conxugación, e a análise morfosintáctica e a tradución de textos posibilitarán a posta en escena do método analítico científico e da técnica ensaio-erro. As cuestións relacionadas coa transmisión dos textos clásicos traerannos a ocasión de inmiscirnos, aínda que moi incipientemente, no labor levado a cabo por diversas ciencias vencelladas á conservación dos textos literarios clásicos, como poden ser a paleografía, a papiroloxía, a codicología e a ecdótica. A asimilación dunha serie de elementos de léxico latino (raíces, prefixos, sufixos, palabras, locucións e expresións) incrementará a capacidade dos alumnos para interpretar e empregar termos de linguaxe técnica e científica.

En canto ós estándares de aprendizaxe avaliábeis que están relacionados co perfil desta competencia estes son os seguintes: 1.2, 2.2, 2.3, 4.1, 4.3, 6.1 e 6.4.

c) Competencia dixital: polos seus contidos a materia Latín II non está moi relacionada coa competencia dixital, pero si o estará pola súa metodoloxía. As clases serán impartidas en moitas ocasións cun ordenador e un proxector, a través dos cales se presentarán na aula diferentes materiais como apoio das explicacións do profesor: imaxes, textos, esquemas, gráficas, mapas, presentacións, etc. Deste xeito os alumnos poderán coñecer o potencial das TIC como ferramentas para transmitir e compartir información. A isto contribuirá tamén o uso da páxina web e da aula virtual do centro e do correo electrónico, que servirán como instrumentos para intercambiar materiais entre o profesor e os alumnos, e para formular preguntas ou resolver dúbidas. No caso de que algún alumno non teña ou non saiba utilizar unha conta de correo electrónico, recibirá a asistencia necesaria para solucionar este problema.

Por outra banda, ó longo de todo o curso os alumnos haberán de facer con frecuencia unha serie de actividades para as cales non se lles facilitará ningunha información, senón que esta deberá ser obtida por eles buscándoa en Internet. O profesor indicarlles determinadas páxinas web, wikis, foros, revistas dixitais, etc. onde procurala, pero serán eles quen a atopen. Facilitaráselles deste xeito coñecer distintas maneiras de compartir contidos, normativas sobre dereitos de autor e procedementos de busca, contraste, selección e tratamento de información, xa que se valorará de xeito especial o rigor na resposta. Moi relevantes neste sentido serán as traducións, para cuxa realización os alumnos poderán usar gramáticas latinas e dicionarios latín-español/galego en liña, onde terán a posibilidade de atopar modelos de declinación e conxugación, as palabras dos textos propostos, a información gramatical máis salientable relacionada con cada unha delas e a acepción máis apropiada para cada texto. Para facer traducións aínda máis precisas serán tamén útiles os dicionarios e as gramáticas en liña da lingua de uso habitual do alumnado (galego ou castelán). Estes materiais servirán tamén para rastrexar a etimoloxía de diferentes palabras procedentes do latín usadas en galego e castelán. O uso de dicionarios en liña doutras linguas romances permitiralles comprobar as diferentes evolucións experimentadas polo latín ata desembocar nestas e así poderán aportar exemplos desas transformacións noutras linguas.

En relación cos temas dedicados á literatura latina, os estudantes utilizarán os buscadores web para ampliar a información subministrada na aula (outros autores e obras clásicos diferentes dos estudados na aula) e procurar obras da literatura contemporánea nas que se repliquen xéneros, temas e personaxes procedentes da latina, observando as diferenzas no tratamento deste material entre a cultura romana e as actuais.

Básico á hora de utilizar as TIC resulta poñer en práctica unha serie de precaucións e medidas de seguridade elementais, co fin de reducir á mínima expresión os riscos derivados do seu uso. Estas serán recordadas periodicamente.

Se algún alumno non ten no seu fogar o equipamento necesario para realizar as tarefas que se

veñen de describir neste apartado, durante os recreos poderá facer uso baixo a supervisión do profesor da aula de informática do centro ou dos ordenadores da biblioteca.

En canto ós estándares de aprendizaxe avaliábeis que están máis directamente relacionados co perfil desta competencia estes son os seguintes: 1.3, 2.4, 2.6, 2.7, 4.4, 4.6, 4.7, 5.2, 6.1, 6.2, 6.3 e 6.4.

d) Competencia para aprender a aprender: a medida principal para favorecer o desenvolvemento desta competencia será a posta en práctica na aula dunha estratexia metodolóxica motivacional, grazas á cal o alumno se poida sentir protagonista do seu propio proceso de formación e interesado en seguir aprendendo. Tentarase conseguir isto a través das seguintes actividades: todos os temas de literatura desenvolveranse a partir da lectura de diferentes textos, que irá seguida pola análise, o comentario e un coloquio sobre estes, de xeito que os alumnos poderán debater as súas ideas e compartir os seus coñecementos ó respecto co profesor e o resto de compañeiros; as referencias constantes á nosa realidade, ás nosas linguas e a outras linguas, e á presenza nelas de elementos herdados da civilización romana permitirán vincular ese legado a situacións cotiás para eles (lingüísticas e literarias basicamente); os exercicios de busca de información esixiránlles autonomía e iniciativa para realizalos e organizar a súa propia estratexia, algo ó que tamén os levará o comentario de textos a partir dos coñecementos xa adquiridos; o labor de declinación, conxugación, análise morfosintáctica e tradución non só constituirá por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que tamén estimulará a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de disciplina no estudo, mellorando o razoamento; a evolución de palabras do latín ó castelán e o galego, a clasificación e a descrición de oracións e de palabras segundo os seus accidentes gramaticais, a descomposición de palabras nos seus formantes e a busca doutras con eses compoñentes en linguas diferentes, así como a dedución do significado particular de palabras independentes ou do contido global dos textos favorecerán a capacidade de abstracción. Todas estas son vías que procurarán espertar no alumnado a curiosidade e o interese por seguir aprendendo.

Por outra banda, consideramos importante tamén impulsar a cooperación en parellas e grupos, xa que deste xeito o alumnado pode observar como se desenvolven outras persoas da súa mesma condición e perfeccionar o seu propio proceso de aprendizaxe incorporando mecanismos empregados por compañeiros que considere válidos. Neste sentido terán un peso fundamental as traducións realizadas en parellas e colectivamente na aula.

En canto ós estándares de aprendizaxe avaliábeis que están relacionados co perfil desta competencia estes son os seguintes: 1.1, 1.3, 2.1, 2.4, 2.5, 2.6, 2.7, 3.1, 3.2, 3.3, 3.4, 3.5, 4.2, 5.1, 5.2, 5.3 e 6.2.

e) Competencias sociais e cívicas: as principais achegas a esta competencia faranse a partir dos temas dedicados ó estudo da literatura latina clásica e a partir das traducións de textos. A lectura, análise, tradución, interpretación e comentario de textos literarios latinos clásicos, tanto orixinais

como traducidos, pertencentes a diferentes xéneros permitirannos acadar dous obxectivos principais:

- Que a través dos comentarios lingüísticos e literarios deses textos os alumnos coñezan e identifiquen as características e os tópicos principais dos xéneros literarios latinos, e os seus autores, obras e personaxes máis destacados, e que poidan observar como estes se replican na literatura contemporánea.
- Que a través dos comentarios literarios deses textos os alumnos descubran que a literatura é un campo de acción no que se plasma a realidade política, social e cultural dunha civilización, xa falemos da latina xa da contemporánea, e que, polo tanto, grazas ó seu estudo podemos adquirir un certo coñecemento desa civilización.

Tendo en consideración o exposto neste segundo punto, a través do comentario de textos literarios latinos comprobaremos o tremendamente avanzada que era a civilización romana no que se refire á ciencia e a técnica, pero especialmente, en comparación coa nosa realidade, o tremendamente atrasada que era no eido social. Nunha Europa como a actual, diversa pero unida en moitos aspectos pola herdanza das civilizacións grega e romana, estas constituíron dende sempre un referente histórico á hora de falar da organización e da participación social dos cidadáns no espazo público. O comentario a partir dos textos das institucións políticas, xudiciais, sociais, familiares e relixiosas, e da súa evolución histórica permitiralles ós alumnos observar como se artellaba este sistema, pero tamén deixará aflorar as enormes desigualdades que había entre os individuos e entre os grupos ós que estes pertencían. O contraste entre os dereitos e deberes dos antigos romanos e aqueles dos que hoxe gozamos abriralles os ollos ante os problemas sociais do seu contorno e favorecerá unha reacción crítica e a toma de decisións ante calquera forma de discriminación: pola diferenza de sexos, pola orientación sexual, pola tendencia relixiosa, pola pertenza a un grupo social ou étnico determinado, etc. Ademais, o estudo da conservación dos xéneros, temas, tópicos e personaxes da literatura latina na contemporánea daranos a posibilidade de analizar as semellanzas e as diferenzas no tratamento destas realidades nas dúas épocas.

Partindo dos aspectos que se veñen de comentar, os alumnos serán animados a valorar positivamente a participación social e democrática, que se deberá exercer a través da solidariedade, do diálogo construtivo, da negociación, da consideración mutua e da aplicación de normas iguais para todos como instrumentos válidos na resolución de conflitos. As diferentes traducións en parellas e grupos que realizarán os estudantes impulsarán valores relacionados cos anteriores, como o respecto pola diferenza de criterios e a liberdade de expresión.

Por último, contribuirá tamén á adquisición desta competencia o estudo e o uso na súa lingua habitual por parte dos alumnos de determinadas locucións e expresións latinas, especialmente no caso das relacionadas cos eidos da literatura, a sociedade, a política e a administración.

En canto ós estándares de aprendizaxe avaliáveis que están relacionados co perfil desta competencia estes son os seguintes: 4.5, 4.6, 4.7, 5.3, 5.4 e 6.4.

a) Competencia para o sentido de iniciativa e o espírito emprendedor: segundo o currículo vixente, ningún dos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia Latín II gardan relación coa adquisición desta competencia, polo que non hai aspectos que comentar neste apartado.

b) Competencia para a conciencia e as expresións culturais: a materia Latín II contribuirá ó desenvolvemento desta competencia fundamentalmente fomentando nos alumnos o interese por coñecer, estudar e comprender tanto os distintos xéneros literarios cultivados na antiga Roma e as súas características, como os principais autores, obras, temas e tópicos da tradición literaria latina. Saberán deste xeito os factores que interviñeron na aparición e o desenvolvemento deses xéneros literarios, así como o peso que a literatura ten na formación e na transmisión da identidade colectiva dun pobo, en tanto que as obras literarias son un campo de acción onde se plasma a realidade política, social e cultural dunha civilización, xa sexa a clásica xa a contemporánea. Os comentarios de textos literarios latinos antigos e de textos literarios contemporáneos, e dos aspectos neles recollidos permitirannos comprobar se hoxe en día seguen vixentes as tendencias literarias e os canons estéticos que xa existían en tempos dos romanos (especialmente, en canto ó mantemento dos xéneros, das súas características e dos seus temas e tópicos) e, nese caso, as diferenzas que hai no seu tratamento entre a época antiga e a actual, podendo así facer a súa valoración con espírito crítico. Os temas dedicados á literatura e á súa transmisión servirán tamén para espertar nos alumnos o desexo de gozar das obras literarias e o interese por consideralas parte da riqueza e do patrimonio dos pobos. Neste sentido insistirase na necesidade de conservar o patrimonio cultural, artístico e monumental do noso legado, pero tamén na de considerar na medida que merecen as manifestacións doutras culturas.

Por suposto, se falamos de patrimonio cultural herdado, non podemos esquecer o tesouro máis prezado que herdamos dos romanos, a súa lingua. A análise da transformación do latín ata desembocar nas linguas romances e o estudo dos diferentes niveis de evolución léxica das palabras latinas nese proceso, da súa evolución semántica, de latinismos e locucións e expresións latinas contribuirán á adquisición e o uso dun vocabulario máis rico, culto e variado por parte do alumnado.

Por outra banda, os comentarios de texto, os exercicios de evolución fonética e definición etimolóxica, o uso en contextos actuais de latinismos e locucións latinas, as traducións e outras actividades semellantes estimularán a imaxinación dos alumnos, a súa vontade de participar na vida cultural, a súa intención de comunicar ideas e emocións propias, e a súa capacidade estética e creativa.

En canto ós estándares de aprendizaxe avaliábeis que están relacionados co perfil desta competencia estes son os seguintes: 1.1, 1.2, 4.1, 4.2, 4.3, 4.5, 5.3, 5.4, 5.5, 6.4 e 6.5.

3.11.- Avaliación final de Bacharelato

No seu desenvolvemento do artigo vinte e nove da LOMCE, o artigo trinta e catro do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato en Galicia, determina que os alumnos que rematen o Bacharelato deberán realizar unha avaliación individualizada, na cal se comprobarán o logro dos obxectivos da etapa e o grao de adquisición das competencias clave en relación cunha serie de materias. Dado que Latín II sería obrigatoriamente unha desas materias para os alumnos do itinerario de Humanidades na modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais de Bacharelato, resulta necesario establecer unha serie de cuestións ó respecto.

Non obstante, o Real Decreto-Lei 5/2016, de 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, nos seus artigos un e dous, entre outros aspectos, establece as seguintes disposicións temporais válidas ata a aprobación de nova lexislación:

a) A avaliación final de Bacharelato citada anteriormente non terá efectos académicos de cara á obtención do título de Bacharelato e, polo tanto, non será preciso realizala para conseguir este título.

b) A avaliación final de Bacharelato citada anteriormente será realizada unicamente por aqueles alumnos que desexen acceder a estudos universitarios, aínda que non se levará a cabo no curso 2016/2017.

c) Os alumnos que desexen acceder á universidade con anterioridade ó curso 2017/2018 deberán superar a proba de acceso á universidade establecida pola artigo 38 da LOE ou as probas establecidas en normativas anteriores cunha finalidade semellante. Nestas probas deberase comprobar a adquisición das competencias por parte dos alumnos, o cal se avaliará a través das materias xerais cursadas no bloque de troncais de segundo curso e da materia Lingua Galega e Literatura. Os estudantes que desexen mellorar a súa nota de admisión poderanse examinar de cando menos dúas materias optativas do bloque de troncais de segundo curso.

Tendo en consideración o anterior, concluímos que o acceso á universidade se regulará a través dun procedemento de características semellantes ás do procedemento que se viña empregando nos últimos cursos, e que os alumnos matriculados no noso centro en Latín II que desexen acceder á universidade este curso deberán seguir obrigatoriamente ese procedemento e, dentro del, deberán realizar o exame de Latín, xa que se trata dunha materia xeral entre as troncais de segundo curso no itinerario de Humanidades na modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais de Bacharelato.

Ó abeiro das disposicións legais recollidas no Real Decreto-Lei 5/2016 antes citado e da PCM/139/2021, de 17 de febreiro, por la que se determinan las característica, el diseño y el contenido de la evaluación de Bachillerato para el acceso a la Universidad, las fechas máximas

de realización y de resolución de los procedimientos de revisión de las calificaciones obtenidas, para el curso 2019/2021, modificada pola Orden PCM/362/2021, de 22 de abril, foi aprobada a Resolución do 26 de febreiro de 2021, conxunta da Secretaría Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a realización, dentro do curso 2019/20, da avaliación de bacharelato para o acceso á Universidade (ABAU) para o curso 2021/21, modificada pola RESOLUCIÓN do 28 de abril de 2021.

O grupo de traballo que coordina a proba de Latín na ABAU a data de hoxe non fixo pública ningunha circular na cal facilite unha serie de orientacións de cara á preparación dos alumnos para a realización desa proba. Ata a publicación dunha nova circular referente ao curso 2022-2023, manteranse os mesmos contidos, a mesma estrutura de proba e os mesmos criterios de valoración utilizados no curso 2021- 2022. Con independencia do tratamento que se lles dea ós contidos fixados no currículo vixente, non debemos esquecer o peso que sobre o segundo curso de Bacharelato ten a ABAU e, polo tanto, as citadas orientacións marcarán o rumbo da nosa práctica docente ó longo do ano. Entre elas podemos destacar as seguintes.

O exame constará de catro preguntas de cinco puntos cada unha e o/a alumno/-a deberá responder soamente dúas desas preguntas.

PREGUNTAS 1-3

Versarán sobre os seguintes contidos:

1. TEXTOS (ata 4 puntos)

Tradución dun fragmento dun texto latino da obra de Eutropio ou da obra de Fedro. Propóranse dous textos dun calquera dos dous autores e un texto do outro. Publicarase na páxina web da CIUG unha selección de textos concretos que poderán ser obxecto de proba este curso.

Haberá que traducir ao galego ou ao castelán o fragmento proposto, demostrando que se comprende correctamente o texto orixinal, que se recoñecen con exactitude o seu léxico e as súas estruturas gramaticais e que se é capaz de trasladar todo o seu contido de forma precisa e equivalente na lingua de destino. Soamente se pide a tradución correspondente. Poderase utilizar un dicionario de latín, incluíndo o apéndice gramatical que poida levar anexo ese dicionario como parte orixinal e inseparable do conxunto; non estará, pois, permitido ningún caderno solto nin ningún engadido ao dicionario que non sexa orixinal.

2. MORFOLOXÍA E SINTAXE (ata 1 punto)

Poderase escoller entre análise morfolóxica ou análise sintáctica dun fragmento sinalado no texto proposto para tradución.

Na análise morfolóxica haberá que identificar correctamente que clase de palabra é cada unha das unidades do fragmento e indicar as categorías gramaticais de cada unha delas.

Na análise sintáctica haberá que explicar as estruturas sintácticas que haxa no fragmento e as funcións de cada un dos elementos que integran esas estruturas.

Para as dúas posibilidades admítase calquera método de análise que sexa correcto.

PREGUNTA 4

Terá os seguintes contidos:

1. LITERATURA LATINA (ata 2,5 puntos)

Proporanse dúas cuestións e haberá que responder só a unha delas.

Neste curso serán obxecto de avaliación exclusivamente os seguintes xéneros e autores:

- a) Teatro. Plauto.
- b) Oratoria e retórica. Cicerón.
- c) Historiografía. Livio.
- d) Épica. Virxilio.
- e) Lírica. Horacio.

2. LATÍN ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES E LÉXICO (ata 2,5 puntos)

Haberá que responder soamente a unha das tres cuestións propostas, cada unha delas relativa a cada un dos contidos que de seguido se indican. Para os dous últimos casos continuarase utilizando a listaxe de materiais publicada na páxina web da CIUG.

1. Explicación de procedementos de derivación e composición produtivos en latín e dos seus resultados na lingua galega ou na lingua castelá.
2. Explicación do significado de locucións ou expresións latinas e exemplificación en contextos adecuados.
3. Comentario etimolóxico de topónimos.

3.12.- Calendario e tipo de actividades que se van desenvolver en segundo de Bacharelato dende o remate das clases ata a ABAU

Unha vez realizada a avaliación final no segundo curso de Bacharelato, o alumnado poderá asistir ás clases con total normalidade ata a data en que teña lugar a avaliación de Bacharelato

para o acceso á universidade (ABAU), de xeito que poida preparar a proba de Latín e repasar os contidos necesarios. O tipo de actividade que se desenvolverá consistirá na resolución de exames da ABAU de cursos anteriores e na tradución doutros textos, e o horario de clases, en principio, será o mesmo que durante o curso, sen prexuízo de que o equipo directivo do centro estableza unha nova distribución.

8.- Impreso de identificación

A presente Programación Didáctica foi rematada de elaborar o día 3 de novembro de 2022, este mesmo día faise entrega dela á directora do centro.

Para que así conste , asínase en Vigo o día 3 de novembro de 2022.

M^a Mercedes Calvo Rodríguez

Xefa do Departamento